

A nosa voz en Europa

Boletín

Xaneiro 2016 / Xuño 2017

Agricultura e alimentación

Medio rural

Especies invasoras

Sector pesqueiro

Dereitos humanos,
sociais e políticos

Lingua

Mulleres

Crianzas

Saúde

Ensino

Emprego

Medio ambiente

Enerxía

Infraestruturas

Políticas económicas

Tratados de libre comercio

Cultura

Política municipal

Internacional

Índice

- 2

Agricultura e alimentación
- 10

Medio rural
- 12

Especies invasoras
- 15

Sector pesqueiro
- 24

Dereitos humanos,
sociais e políticos
- 32

Lingua
- 33

Mulleres
- 37

Crianzas
- 39

Saúde
- 42

Ensino
- 42

Emprego
- 46

Medio ambiente
- 57

Enerxía
- 59

Infraestruturas
- 60

Políticas económicas
- 64

Tratados de libre comercio
- 68

Cultura
- 70

Política municipal
- 71

Internacional

Lidia Senra Rodríguez

Deputada galega no Parlamento
Europeo e membro do Grupo
Parlamentario da Esquerda Unitaria
Europea/Esquerda Verde Nórdica
(GUE/NGL).

Cumprindo coa nosa intención inicial de editar un boletín informativo con carácter periódico para informar sobre toda a nosa actividade no Parlamento Europeo, tes nas túas mans o segundo número de «A nosa voz en Europa». Esta revista recolle gran parte do traballo que viñemos desenvolvendo nas institucións comunitarias desde xaneiro de 2016 e até finais de xuño de 2017.

Ao igual que fixemos no primeiro número de «A nosa voz en Europa», que viu a luz no verán de 2016, recollemos agora neste novo número boa parte das novas iniciativas parlamentarias que levamos a cabo en Bruxelas e Estrasburgo desde aquela, así como as xornadas que organizamos en Galiza e as visitas de colectivos ás institucións europeas.

Mantemos firme o noso compromiso de facer todo o posíbel para as galegas e galegos teren acceso aos asuntos que se están a debater na Unión Europea e ás decisións que se adoptan nas institucións comunitarias. Como sempre dicimos, estamos a tratar de decisións que adopta a UE e que condicionan as nosas vidas moito máis do que a maioría pensamos. Coñecelas e estar informadas e informados día a día sobre o que se aborda na UE, por moi lonxe que nos poida parecer que está, é clave para ter capacidade de reacción e mobilización como sociedade.

Unha vez máis, animámosvos a facer equipo con nós, a nos contactardes sen dubidar para informarnos de calquera cuestión relevante e susceptible de denunciar na UE que estea acontecendo en calquera recuncho galego. Entre todas e todos podemos facer que a nosa voz se escoite en Europa.

Agricultura e alimentación



Chamamento a crear un movemento pola regulación da produción láctea e dos mercados

A eurodeputada galega Lidia Senra deu unha rolda de prensa de urxencia a finais de xaneiro de 2016, xunto co daquela vicevoceiro de Alternativa Galega de Esquerda (AGE) no Parlamento galego, Antón Sánchez García, e o deputado de En Marea por Lugo no Congreso español, Miguel Anxo Fernán Vello, anunciando medidas nas tres institucións parlamentarias ante o anuncio de que Leche Celta ía deixar a partir do 1 de febreiro de recoller o leite de 50 granxas da provincia de Lugo. Senra sempre apostou pola necesidade de crear todo un «movemento pola regulación da produción láctea e pola regulación dos mercados», algo que as organizacións do sector están pedindo a nivel europeo, tanto a Vía Campesina, na cal está integrada o Sindicato Labrego Galego (SLG), como a Asociación Europea de Produtores Lácteos. Así, instou á Comisión Europea (CE) a tomar medidas urxentes e inmediatas para garantir que se recolla todo o leite a un prezo digno. «Calquera medida que nos poñan

enriba da mesa que non pase por volver a unha política láctea pública non valerá. Non podemos seguir na UE producindo excedentes que teñen un custo social, económico e ambiental brutal. O modelo ten que cambiar radicalmente e non seguir baseándose nas importacións e exportacións», defende. A europarlamentaria tamén se puxo en contacto directo co Comisario europeo de Agricultura Phil Hogan a través dunha carta na que lle trasladaba a súa preocupación diante do anuncio de Leche Celta. Na resposta, Hogan recoñécelle a Senra que na actualidade o sector leiteiro europeo está a padecer «condicións difíciles, especialmente difíciles» para os produtores/as do Estado español, debido ao «incremento substancial da produción láctea en todo o mundo, unida a unha demanda global debilitada». É dicir, o Comisario asume en certa medida as predicións das consecuencias negativas para o sector froito da liberalización total do mercado despois da finalización do sistema de cotas, avanzadas e reiteradas tanto pola eurodeputada Lidia Senra como por numerosas representantes do sector.

Polo dereito do pobo galego a alimentarse a si mesmo

Dentro da iniciativa por visitar os diferentes recunchos do país, Lidia Senra ofreceu en febreiro de 2016 unha charla no Centro Social *A Chave das Noces*, no Antigo Camiño Ancho de Castroverde (Lugo), baixo o título «A soberanía alimentaria: plantexamentos alternativos para a supervivencia do agro», dentro das xornadas «Febreiro, Fervedeiro». A eurodeputada defendeu o dereito dos pobos a alimentarse a si mesmos fronte ás políticas de libre comercio e de apertura de fronteiras e mercados que impulsa a UE para favorecer os intereses das grandes multinacionais, algo que, explicou, «deixa fóra do xogo as pequenas e medianas explotacións agrarias e a pesca artesanal e o marisqueo, levándoas á súa desaparición». [1]

Traballando para que a crise agrícola europea entre na axenda do Consello de Europa

No pleno do Parlamento Europeo de principios de marzo de 2016 tivo lugar en Estrasburgo un debate de preparación da reunión do Consello Europeo que ía ter lugar ese mes, no cal se ían abordar temas como a débeda, economías emerxentes, volatilidade nos mercados ou a situación do emprego a nivel da UE. Lidia Senra interpelou os representantes do Consello e a Comisión presentes na Eurocámara para sinalarlles que sempre que aborden a situación do emprego na UE, «deben lembrarse da crise do sector agrícola europeo, crise que nestes momentos ten na picota sectores como froitas e hortalizas, porcino ou leite debido ao fracaso da Política Agraria Común (PAC)». «Volten á vida real e abran as portas ao control público da produción no sector leiteiro», dixo na intervención.

Lidia Senra. «Necesitamos unha política leiteira pública que priorice o mantemento das explotacións en mans labregas»

A europarlamentaria galega criticou en marzo de 2016 que o Consello de Ministras e Ministros de Agricultura da UE, que acababa de anunciar a súa medida de propostas para paliar a crise nos sectores leiteiro, porcino e hortofrutícola da UE, continúa a eludir a súa responsabilidade na crise agrícola e

pretende trasladala ao sector produtor. «A redución voluntaria da produción non debe encubrir un programa de cesamento de actividade das pequenas e medianas granxas», defendeu Senra.

«Xa non existe unha política agraria pública europea. As políticas agroalimentarias están privatizadas»

O GUE/NGL desenvolveu a principios de abril de 2016 en Bruxelas un debate estruturado sobre políticas alimentarias co obxectivo de realizar unha reflexión conxunta de cara a reforzar o traballo do grupo por unhas políticas agroalimentarias europeas con enfoque de esquerdas, en confrontación coas actuais políticas agrarias neoliberais defendidas desde a UE. Esta sesión de traballo conxunto do grupo parlamentario foi solicitada por Lidia Senra, que reivindicou unha reforma da PAC que corrixa a súa actual orientación e que centre o papel social da alimentación.

Por unha repartición xusta do dereito a producir


A eurodeputada galega aproveitou unha vez máis en abril de 2016 a súa intervención no pleno do Parlamento Europeo no debate sobre a crise agraria para instar á CE a abandonar propostas inmovilistas repetidas durante os últimos trinta anos e que nos levaron á situación de crise na que estamos agora. Reclamou unha repartición xusta do dereito a producir e que sitúen os prezos dos produtos agrícolas no centro da PAC.

A liberalización comercial UE–MERCOSUR repercutiría negativamente no pequeno e mediano campesiñado

O neoliberalismo europeo, no cal o Estado español xoga un papel diferenciado debido á súa histórica tradición de espolio en América Latina, mostrou en 2016 a súa vontade de acelerar a negociación UE–Mercosur –que leva en proceso máis de vinte anos–, en consonancia co actual recuar da liberalización comercial identificada en tratados como o CETA (UE–Canadá) ou o TTIP (UE–EEUU). Como responsábel na Comisión de Agricultura para o GUE/NGL, Senra advertiu que neste caso «os negociadores están a dicir que o punto máis problemático das negociacións é o agrogandeiro, e aquí o que xa temos aprendido é que a liberalización favorece a agroindustria e prexudica o campesiñado de ambos os dous lados da negociación». A día de hoxe, o 19,8% das importacións agrícolas da UE proveñen xa do Mercosur e «ao estar negociando co Brasil e Arxentina sabemos que un dos puntos máis sensíbeis é precisamente a entrada na UE de grandes cantidades de carne de vacún, algo que pode afectar directamente a Galiza», advertiu a eurodeputada galega.

Instamos á UE a tomar medidas públicas e obrigatorias de axuste da produción láctea

A finais de maio de 2016 tivo lugar na Comisión de Agricultura do Parlamento Europeo unha audiencia pública baixo o título ‘Medidas excepcionais de mercado para limitar a produción láctea’. Entre as expertas e expertos convidados, a voz do pequeno e mediano campesiñado europeo estivo representada por Isabel Vilalba, Secretaria Xeral do Sindicato Labrego (SLG), en nome da Coordinadora Europea Vía Campesina (CEVC), organización proposta pola eurodeputada galega para participar neste espazo. Lidia Senra instou á UE a tomar medidas públicas e obrigatorias de axuste da produción láctea e coincidiu con Vilalba en denunciar que as medidas postas en marcha até o momento foron un «completo fracaso». **[2 a 4]**



Senra: «A crise do leite provocárona as institucións europeas e son elas quen teñen que pór solucións»

Continuando co diálogo institucional para adoptar medidas coas que afrontar a crise no sector lácteo europeo, na sesión plenaria de finais de maio de 2016 tamén se abordou o tema partindo de dúas preguntas orais nas cales se cuestionaba o Consello e Comisión polas medias postas en marcha até o momento. Fronte á intervención do Comisario de Agricultura Phil Hogan apuntando a necesidade de máis organización no sector produtor, a eurodeputada galega respondeu con contundencia: «Señor Hogan, é mentira que a crise sexa responsabilidade dos gandeiros e gandeiras. A crise do sector leiteiro provocárona as institucións europeas e son elas quen teñen que pór as solucións.» O 77% das explotacións galegas venden por baixo dos custos. No último trimestre de 2015 máis de 900 víronse obrigadas a pechar.

A Nova Alianza para a Seguridade Alimentaria e a Nutrición é unha manobra neocolonial para seguir utilizando África como despensa dos ricos

O Parlamento Europeo aprobou a principios de xuño de 2016 en sesión plenaria un informe criticando a Nova Alianza para a Seguridade Alimentaria e a Nutrición ideada polo G8. Transnacionais como Monsanto, Syngenta, Cargill ou Yara agóchanse tras este macroproxecto público–privado coa complicidade dos gobernos. «A Nova Alianza é unha das maiores manobras neocoloniais destes últimos anos», identificou a eurodeputada galega, «e en lugar de rematar coa fame o que busca é seguir afondando na inhumana consideración de que o continente africano é unha mera despensa de recursos para os países enriquecidos».

A CE atenta contra a saúde pública vulnerando a súa lexislación e sentenzas xudiciais ao negarse a regular as substancias que actúan como disruptores endócrinos

No pleno do Parlamento Europeo de principios de xuño de 2016 procedeuse á aprobación da resolución conxunta ‘Alteradores endócrinos: estado da cuestión tras a sentenza do Tribunal de Xustiza de 16 de decembro de 2015’, co obxectivo de recriminar á CE a súa negligente inoperancia en relación a un dos factores que actualmente máis afectan a saúde pública no territorio comunitario: as substancias químicas que actúan como disruptores endócrinos. O aumento das taxas de cancro, infertilidade, fibromialxia, esclerose ou autismo están vinculadas a estas substancias contaminantes que están presentes tanto no medio (herbicidas como o glifosato, pesticidas, biocidas, fungicidas), como no ar dos fogares (disolventes, aparellos eléctricos, pinturas, lacas), auga e alimentos (tanto polos envases como polos restos de substancias químicas) ou artigos de consumo (plásticos, deterxentes, produtos cosméticos, xoguetes con textura flexíbel, mordedores infantís, roupa, material clínico). «Resulta grotesco que a CE argumente, como fixo o Comisario Andriukaitis, que non vai protexer a saúde da poboación até garantir antes que esa decisión non afectará os intereses de grandes multinacionais que producen e comercializan substancias alteradoras endócrinas, como Monsanto, Walmart, Nike, P&G, Johnson&Johnson ou Inditex», valorou Lidia Senra. «É arrepiante constatar cada día que as institucións europeas están financiadas cos cartos públicos para garantir os intereses das empresas privadas; sen importarlles o máis mínimo a saúde de todas e todos nós, e moito menos as repercusións económicas nos sistemas sanitarios dos países membros».

A «solución» da UE para o sector leiteiro é deixar esmorecer as explotacións para que saian do medio

Tras a xuntanza mantida o 18 de xullo de 2016 polo Consello de Ministros e Ministras de Agricultura da UE co obxectivo de abordar, entre outros aspectos, medidas para supostamente paliar a crise no sector leiteiro, o Comisario Phil Hogan compareceu na Comisión de Agricultura do Parlamento Europeo para expor os puntos principais acordados. En relación ao

sector leiteiro, acordouse a presentación aos Estados membros dun continxente de 500 millóns de euros, dos que 150 millóns irían destinados a fomentar que o sector leiteiro reduza a súa produción, e os 350 millóns restantes a medidas de «axuste» xestionadas polos propios países. A eurodeputada galega denunciou, mesmo a través dun vídeo, que a presentación dunha nova partida económica supón «incidir nas medidas que xa fracasaron», en alusión aos máis de mil millóns de euros activados xa entre setembro de 2015 e marzo 2016. «Unha vez máis asistimos á redundante estratexia neoliberal da CE de tentar convencernos de que todo se amaña parcheando con cartos», abondou, «cando en realidade se trata dun colchón para tentar amortecer a crise mentres vai chegando a xubilación de moitas produtoras e produtores, sabendo perfectamente que relevo xeracional non vai haber ningún».

Demandamos unha política agraria pública europea que priorice os mercados internos

Lidia Senra reclamou na reunión da Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural do Parlamento Europeo de finais de agosto de 2016, «unha política agraria publica europea que priorice o mercado interno e que regule as producións e os mercados para pór fin á vulnerabilidade a que están sometidas as labregas e labregos, tanto da UE como do resto do mundo». A eurodeputada entrevistou en Bruxelas no debate na Comisión sobre «Instrumentos da PAC destinados a reducir a volatilidade dos prezos nos mercados agrícolas», defendendo que «para nós, reducir a volatilidade dos prezos é unha cuestión de vontade política» e acusando tanto a CE como o Consello Europeo e a maioría do Parlamento Europeo de estar «empeñadas» en «deixar todo en mans dos mercados e en priorizar a exportación baixo a consigna de que Europa ten que alimentar o mundo». Así, tachou de «canso e desolador» o feito de que na Comisión de Agricultura se fale «permanentemente» de instrumentos para xestionar a crise e reducir a volatilidade de prezos, «sen resultado ningún». «Levamos todo o que vai de lexislatura falando disto e a crise continúa, o que constata que os instrumentos que a Comisión vai pondo en marcha e que a maioría conservadora e socialista deste Parlamento avalan, fracasan un tras outro», denunciou, para lamentar que «esta maioría non estea disposta a traballar en propostas que cambien radicalmente o contexto: é dicir, políticas para evitar precisamente a volatilidade nos prezos e a crise».

Instamos á CE para que prohiba a adquisición de Monsanto por parte de Bayer

Senra asinou en setembro de 2016, xuntos con máis de 50 eurodeputados e eurodeputadas, unha carta dirixida á comisaria europea de Competencia, Margrethe Vestager, na cal lle reclamaban que prohibise a adquisición de Monsanto por parte de Bayer por tratarse dun «acordo perigoso» a favor da concentración do mercado mundial de sementes e pesticidas. Na misiva, defendían que a CE está facultada para rexeitar este tipo de acordos, tendo en conta que no artigo 2 do Regulamento 139/2004 recóllese que as adquisicións deste tipo están prohibidas se contribúen a reducir de forma significativa a competencia no mercado único mediante o fortalecemento dunha posición dominante, como é o caso.

Lidia Senra, entre as promotoras dunha declaración escrita pola regulación pública da produción leiteira

Dez eurodeputadas e eurodeputados de diferentes países da UE, entre eles a galega Lidia Senra, impulsaron e rexistraron unha declaración por escrito de conformidade co artigo 136 do Regulamento do Parlamento Europeo, a favor dunha regulación pública da produción leiteira. Reclamaban da UE instrumentos que aseguren prezos xustos para as persoas produtoras e unha repartición equitativa que evite a concentración.

Europa ten que camiñar cara a unha Política Agraria e Alimentaria baseada na Soberanía Alimentar

Con motivo do Día Mundial da Alimentación, que se celebra o 16 de outubro, Lidia Senra realizou en 2016 un chamamento á UE para «recoñecer o dereito dos pobos a producir a súa alimentación básica». «Europa non ten que alimentar o mundo, como se pretende, senón que o que ten é que permitir e promover que cada pobo se alimente a si mesmo», defende. Para a eurodeputada, «promover e potenciar a agroecoloxía, a agricultura labrega, o acceso á terra, á auga e ás sementes, e priorizar os circuítos curtos de comercialización é fundamental

para erradicar a fame, a pobreza e a exclusión social», ademais dunha «importantísima contribución na loita contra a mudanza climática». Ante unha realidade na que cada vez máis persoas viven no limiar da pobreza e pasan fame «debido ás políticas de austeridade», reclamou na reunión conxunta da Comisión de Agricultura, de Desenvolvemento e de Medio Ambiente, Saúde Pública e Seguridade Alimentaria do Parlamento Europeo que as Administracións europeas «aposten por erradicar a fame e non por contribuír a aumentala coas políticas neoliberais e cos tratados de libre comercio». Lidia Senra considera que a UE está a fracasar nos seus obxectivos, tal e como se pon de manifesto cando se analiza o pouco avance na loita contra a fame no mundo e a fame existente nos países da propia UE, sobre todo no sur, como consecuencia das políticas de austeridade. No Estado español, por exemplo hai informes que din que o 39% das nenas e nenos teñen carencias na súa dieta ou pasan fame directamente. E en Galiza, o 20,8% dos fogares chegan con moita dificultade ao final do mes, por enriba da media estatal, que é do 16,1%, sendo a terceira comunidade cunha maior porcentaxe de fogares que presentan moitas dificultades, só por detrás de Andalucía e Murcia.

Apoio total ao Tribunal Monsanto

Lidia Senra mostrou o seu total apoio ao Tribunal Monsanto, unha iniciativa internacional que, coincidindo co Día Mundial da Alimentación xulgou na Haia (Holanda) a multinacional agroquímica, recentemente adquirida por Bayer, Monsanto. Os días 14, 15 e 16 de outubro de 2016 unha trintena de persoas, testemuñas e expertas legais dos cinco continentes, testemuñaron na Haia ante cinco xuíces internacionais para contar ante o tribunal simbólico e ao mundo enteiro como Monsanto arruinou a súa vida e a das súas comunidades e medios de vida. Para Lidia Senra, pór a énfase nestes aspectos e denunciar o dano á saúde, á natureza e á agricultura labrega, causada pola agricultura industrial e química ao longo dos anos é fundamental para poder afrontar unha nova política alimentaria mundial máis xusta e respectuosa cos pobos e cos dereitos fundamentais dos homes e mulleres.

A volatilidade dos prezos nos mercados agrícolas é unha consecuencia da propia PAC

No pleno do Parlamento Europeo de decembro de 2016 debateuse un relatorio que intenta buscar instrumentos na PAC para reducir a volatilidade dos prezos nos mercados agrícolas, mais esquece que a volatilidade dos prezos é unha consecuencia da propia PAC, que cando prioriza a exportación, liberaliza os mercados agrícolas, desregula as producións e destrúe calquera posibilidade de permitir unha renda decente para as agricultoras e agricultores a través dos prezos dos seus produtos. A eurodeputada galega Lidia Senra tomou a palabra no debate do pleno para, entre outras cousas, dicir que é inaceptábel que se propoña traspasar como medio para a xestión da crise e dos riscos, parte do diñeiro que hoxe perciben os agricultores e agricultoras a outros sectores como por exemplo as aseguradoras. «Se de verdade se quere reducir a volatilidade, señor comisario Phil Hogan, a Comisión, o Consello e o Parlamento Europeos deben implementar unha Política Agrícola Común Pública que priorice o mercado interno, que se dote dos instrumentos precisos para regular a produción e os mercados, que equilibre oferta e demanda e que dote o sector agrario dun cadro de negociación colectiva serio, que permita acordos de prezos mínimos que cubran custos de produción e que remuneren o traballo en todos os sectores, e que ademais devolva ás organización agrarias, das que se dotaran no seu día as agricultoras e agricultores, o seu papel negociador», defendeu Lidia Senra.

Alertando sobre os perigos do aceite de palma

Lidia Senra foi unha das máis de 60 eurodeputadas e eurodeputados que en xaneiro de 2017 presentaron unha pregunta parlamentaria dirixida á CE interesándose por saber como pensan proceder as autoridades europeas fronte aos posíbeis riscos para as e os consumidores derivados da presenza de ésteres glicidílicos de ácidos graxos en alimentos, sobre todo en aceites de palma e en graxas de palma. As e os europarlamentarios asinantes fanse eco do estudo feito público pola Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria (EFSA), no cal se fai saber que existen probas suficientes de que os ésteres glicidílicos de ácidos graxos, contaminantes que se forman durante o proceso de produción de aceites vexetais refinados, son xenotóxicos e canceríxenos.



Na defensa da soberanía alimentaria: O dereito dos pobos a decidir as políticas agrarias

Senra reivindicou en Bruxelas a soberanía alimentaria e o dereito dos pobos a decidir as súas políticas agrarias e alimentarias, sen prácticas de dúmping por parte de terceiros países. Tamén reclamou o dereito dos labregos e labregas de cada país a producir os alimentos básicos para os seus pobos. Así o defendeu no Parlamento Europeo, na xornada «Soberanía alimentaria dentro da nova Política Agraria Común», organizada polo GUE/NGL en febreiro de 2017, na cal participou como moderadora. Durante o primeiro panel da xornada, titulado «Soberanía alimentaria na UE», en que tamén interveu como relatora a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego (SLG), Isabel Vilalba, Senra destacou a importancia de que as forzas políticas de esquerda «introduzamos no centro do debate a soberanía alimentaria e a PAC». «Penso que a PAC ten que ir moito máis alá de reducirse, como sempre pasa, a que na Comisión só se debata sobre as axudas e sobre como se vai distribuír o diñeiro. Iso é importante, pero primeiro hai que definir que política agraria e alimentaria queremos e despois falar de canto diñeiro precisamos para aplicala», dixo a europarlamentaria galega. Igualmente, Lidia Senra defendeu a soberanía alimentaria como unha proposta beneficiosa non só para o campesiñado, senón para toda a sociedade. **[5 a 9]**

Lidia Senra insta á CE a rexeitar o proxecto de macrogranxa de 20.000 vacas en Soria

A eurodeputada galega puxo en coñecemento en abril de 2017 á CE do de macroexplotación industrial de 20.000 vacas que pretende pór en funcionamento a Sociedade Limitada Valle de Odieta no municipio de Noviercas (Soria) e que chegaría a producir uns 180 millóns de litros de leite ao ano, é dicir, case igual que o que producen 8.457 explotacións en Galiza nun mes. Senra rexistrou un escrito en Bruxelas, ocasionado tamén pola eurodeputada do GUE/NGL Ángela Vallina, no cal denuncia que de seguir adiante esta macrogranxa, substituirá 432 explotacións na súa contorna, eliminando 726 empregos directos. «Este modelo provocará a desaparición de moitas pequenas e medianas granxas, o que terá un impacto moi negativo no medio rural e particularmente na cornixa cantábrica», asegura a europarlamentaria galega. Advirte que o sector galego sairía moi

prexudicado por esta explotación de Noviercas e considera contradictorio que por parte das Administracións públicas se financie a redución voluntaria de produción láctea e que se permitan estas megaindustrias.

A fame non se combate con caridade

A mediados de maio de 2017, Lidia Senra defendeu no pleno do Parlamento Europeo, en Estrasburgo, que «a fame non se combate con caridade, combátese con políticas que garantan renda e salarios decentes para toda a poboación». A eurodeputada tomou a palabra no plenario, para explicar o seu voto en contra da «Iniciativa sobre o uso eficiente dos recursos: reducir o desperdicio de alimentos, mellorar a seguridade alimentaria», que se abordou na sesión europea. Defendeu que votou en contra porque esta iniciativa «non servirá para reducir os desperdicios alimentarios». «Continuará fomentando o negocio da gran distribución e da industria alimentaria, que terá máis alimentos dos que precisa e a baixos prezos, e daralles saída a través da doazón e do negocio da alimentación para os animais», dixo. «Tamén abre as portas ás exencións fiscais para os doantes de alimentos (empresas) e a financiar con fondos públicos a recollida, transporte, almacenamento e distribución das doazóns», denunciou. Senra defendeu que, fronte a isto, as claves para combater a fame, a pobreza e a exclusión social serían, entre outras, «reducir a produción, regular os mercados, equilibrar a oferta e a demanda, fomentar a produción e os mercados locais, a venda en fresco e a granel, adaptar as datas de vencemento e reducir os envasados de longa duración».



Unha montaña viva precisa persoas e actividades produtivas, non servizos públicos electrónicos e a distancia

Ao redor dun 30% do territorio da UE está constituído por zonas de montaña, áreas que, ademais, son as principais fornecedoras de servizos ecosistémicos para todo o territorio comunitario. Este é un dos principais argumentos que está levando á UE a desenvolver unha serie de textos legislativos e iniciativas centradas nas áreas de montaña ao longo desta lexislatura. Neste marco, en maio de 2016 procedeuse á votación en sesión plenaria dunha proposta de resolución do Parlamento Europeo sobre a política de cohesión nas rexións montañosas

da UE. Un texto que, malia propor cuestións importantes, como o recoñecemento da necesidade de apoiar a agricultura nestas áreas, presenta aspectos tremendamente negativos, principalmente en relación aos servizos públicos e á explotación de recursos, cuestión que levou a que Lidia Senra votara en contra desta proposta. O informe abre as portas a avalar que se substitúa a contratación de profesorado e de persoal para os servizos públicos de saúde por programas de educación a distancia e por servizos de saúde electrónicos. Tamén é especialmente preocupante a proposta, unha vez máis, do impulso a asociacións público-privadas, neste caso nos eidos das infraestruturas para o transporte, comunicación e enerxía».

Reclamamos unha política forestal de ordenación dos bosques, contra a forestación de terras agrarias, e pola madeira de calidade

A eurodeputada galega entrevistou no pleno do Parlamento Europeo de principios de outubro de 2016 en Estrasburgo para introducir no debate a política forestal que se está a levar adiante nalgúns países europeos como Galiza, con base no fomento do monocultivo de especies de crecemento rápido, como por exemplo o eucalipto para pasta de papel, que favorece os lumes forestais e promove o abandono da produción de madeira de calidade. Lidia Senra realizou unha intervención no debate dunha pregunta oral sobre «Loita contra a tala ilegal, a deforestación e a degradación forestal». Estas políticas supoñen un aumento das necesidades de importar madeiras de calidade e con elas a permisividade dese comercio ilegal que provoca a deforestación, perda de biodiversidade e emisións de gases de efecto invernadoiro e tamén violencia e violación de dereitos humanos nas poboacións e importantes perdas económicas. Instamos á Comisión a promover unha política forestal que incentive a ordenación dos bosques, evite a forestación de terras agrícolas e potencie a produción de madeira de calidade ao mesmo tempo que poña fin ao comercio ilegal de madeira.



Aviso para o comisario Phil Hogan. Non todo vale na estratexia forestal da UE

O comisario de Agricultura da UE, Phil Hogan, participou en Estrasburgo a finais de novembro de 2016 na reunión conxunta das Comisións de Agricultura, Medio Ambiente e Industria, para levar a cabo un intercambio de puntos de vista sobre a aplicación da estratexia forestal da Unión. Isto foi o que lle dixó a eurodeputada galega Lidia Senra: «Estamos de acordo co desenvolvemento da silvicultura sustentábel, xa que é necesaria para manter a biodiversidade, a vida silvestre e mesmo a auga doce. Mais non debe ser asentada a forestación das terras agrarias. Tampouco debe promoverse o monocultivo de especies invasoras ou de crecemento rápido como pasa no meu país, Galiza, e en Portugal, cos eucaliptos. Tampouco se deben usar masivamente os agrotóxicos e débense respectar as formas de propiedade comunal, como son os montes veciñais en man común en Galiza ou os baldíos en Portugal, un exemplo actual deste tipo de propiedades».

Xornada na Pobra do Brollón sobre programas da UE para o desenvolvemento das zonas de alta montaña

O 6 de maio de 2017 organizamos na Pobra do Brollón (Lugo) unha xornada sobre Programas da UE para o desenvolvemento das zonas de alta montaña. O evento desenvolveuse con varias mesas de información e debate e reuniu durante todo o día diferentes persoas expertas en Plans de Desenvolvemento Rural (PDR) a nivel europeo e Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) en Galiza, así como persoas que están a desenvolver hoxe en día diferentes proxectos económicos e sociais de cara a manter unha montaña viva e dinámica, como son os representantes de Caurelor, Aceites Figueiredo, a Asociación veciñal e cultural de Vieiros (Quiroga) ou do proxecto da candidatura Montañas do Courel a Xeoparque Mundial da Unesco. Senra chamou a facer todo o posíbel para incidir na elaboración do próximo PDR e tentar que se axeite ás necesidades que hai en Galiza para manter as montañas vivas, xa que unha vez que os plans están en vigor, como é o actual 2014-2020, «os lamentos non valen para nada». Como nas anteriores xornadas, o vídeo resumo con todas as intervencións está dispoñíbel na canle de YouTube de Lidia Senra. **[10 a 13]**



14



15



16



17



18

Xornada en Bruxelas: 'Afrontando retos para a supervivencia das abellas en Europa'

Lidia Senra ten instado ás institucións da UE en numerosas ocasións para que se impliquen e tomen conciencia de que a praga da vespa velutina é un «problema europeo», non só dun Estado ou dun país, xa que afecta a moitos deles, reclamando «medidas conxuntas e coordinadas para combatela». Co obxectivo de dar maior visibilidade a esta problemática, organizamos en marzo de 2016 no Parlamento Europeo, en Bruxelas, en colaboración coa Asociación Galega de Apicultura (AGA), unha xornada en que debatemos en profundidade sobre a afección da vespa velutina e os efectos dos pesticidas neonicotinoides nas abellas, explorando a necesidade de deseñar novas políticas para preservar estes animais. O asunto é sumamente importante, tendo en conta que está en perigo a seguridade alimentaria de toda Europa con esta especie invasora, xa que o 80% dos cultivos dependen da polinización mediada por abellas. **[14 a 18]**

Reclamamos no Parlamento Europeo controis para evitar que se estendan pragas como a da couza guatemalteca

Lidia Senra tomou a palabra no pleno do Parlamento Europeo de mediados de marzo de 2017, en Estrasburgo, para reclamar o reforzo de controis que eviten que pragas como a coñecida couza guatemalteca da pataca, que tanto está a afectar nas terras galegas, siga entrando no territorio da UE e siga a se estender polos nosos países. Senra puxo sobre a mesa esta demanda durante o debate en Estrasburgo sobre «Lexislación sobre alimentos e pensos, normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios».

A eurodeputada galega reclamou ademais «o desenvolvemento de lexislación para combater a orixe dos maiores escándalos alimentarios». «Refírome a pór en marcha mecanismos que corten a lóxica do modo de produción industrial», explicou, lembrando que «as fariñas de carne eran legais e sen embargo provocaron un dos maiores escándalos coñecidos na Unión Europea». «Os controis de hoxe non van evitar os escándalos dos transxénicos ou dos pesticidas de mañá», advertiu a europarlamentaria. Así mesmo, Lidia Senra tamén pediu que no desenvolvemento da lexislación en debate se adopten «reglas específicas para que os produtos caseiros e a transformación a pequena escala teñan unha normativa propia que permita a súa continuidade e a venda nos mercados locais e circuitos curtos de comercialización».

A CE di que as medidas adoptadas polo Estado e a Xunta «difícilmente lograrán erradicar» a praga da pataca

A preocupante situación derivada da extensión da *Tecia Solanivora*, máis coñecida como 'couza guatemalteca' ou 'praga da pataca', estivo ben presente na CE nos últimos meses. A maiores do xa dito, as eurodeputadas Lidia Senra e Ángela Vallina, ambas integradas no GUE/NGL, rexistraron en abril de 2017 en Bruxelas un escrito dirixido á CE no cal denunciaban que as medidas adoptadas polo Goberno do Estado español nos últimos anos non conseguiron evitar que a praga mencionada –que apareceu por primeira vez no Estado español nas Illas Canarias en 1999– estea a se estender agora por Galiza e tamén por Asturias. Senra e Vallina pedíanlle á CE que fixese unha valoración ao respecto desta situación, tendo en conta que a *Tecia Solanivora* é un organismo nocivo que está regulado na UE como organismo de corentena. A CE deu contestación en xuño de 2017 a Lidia Senra e Ángela Vallina e fíxoo ademais de forma tallante: «A Comisión levou a cabo unha inspección en España co fin de avaliar a situación e a eficacia dos controis oficiais de loita contra a *Tecia solanivora* en Galiza e Asturias. (...) Os resultados da inspección poñen de manifesto que as medidas adoptadas difícilmente lograrán erradicar a praga», só poderán servir para «conter a súa propagación natural». A Comisión Europea explica que desde 2016 está a vixiar de preto a situación, «en particular, o éxito das medidas e a evolución da praga» e que «en función dos resultados, a CE, en consulta cos Estados membros, podería considerar a

adopción de medidas de emerxencia da UE» para frear a extensión da couza guatemalteca. Ante esta contestación, Lída Senra considera que «a Comisión Europea debería pór en marcha, desde xa, medidas para previr a aparición de novas pragas e enfermidades, pondo límite á circulación masiva de produtos e facendo controis exhaustivos dos produtos de importación, vixiando para que se aplique a lexislación rigorosamente e priorizando os intereses das e dos labregos antes que o negocio do comercio».

Lída Senra demanda unha estratexia europea de loita contras as pragas nos vexetais e as especies invasoras

Lída Senra reclamou no pleno do Parlamento Europeo de finais de outubro de 2016 unha estratexia europea de loita contra as pragas nos vexetais e as especies invasoras que afectan o territorio da UE. Defendeu como «fundamental» levar a cabo unha estratexia común que conte coa experiencia das labregas e labregos, para a detección precoz, o seguimento e a investigación destas especies e para a partir de aí poder establecer as actuacións precisas para previr, erradicar e impedir que as pragas e as especies invasoras se estendan. A eurodeputada galega tomou a palabra no debate sobre Medidas de protección dos vexetais contra as pragas, que se abordou en Estrasburgo, para alertar de que «a globalización do comercio e o aumento das temperaturas provocado pola mudanza climática están facendo aparecer novas pragas e enfermidades nas plantas e nas árbores. O caso da bacteria *xylella fastidiosa* é so un exemplo do que está a acontecer». «Por iso é fundamental o control rigoroso e o seguimento do material vexetal que entra na UE», dixo, para engadir que «tamén precisamos mecanismos para detectar a presenza e o desenvolvemento de pragas e especies invasoras que entran na UE coas importacións doutros produtos agrícolas, como foi a vespa velutina». Senra chamou a definir protocolos comúns de actuación na loita contra as pragas e as especies invasoras, que protexan a saúde, o medio ambiente e as augas».



19



20

Demandamos no pleno europeo que o eucalipto sexa declarado especie invasora

A eurodeputada reclamou no pleno do Parlamento Europeo de finais de abril de 2017, en Bruxelas, que o eucalipto sexa declarado especie exótica invasora preocupante. Senra tomou a palabra no hemicycle europeo, durante a quenda de intervencións relacionadas con asuntos de actualidade, para explicar a situación que se vive en Galiza con respecto a esta especie. Así, denunciou que segundo datos de 2016, «o eucalipto ocupa xa máis 400.000 hectáreas, case a cuarta parte da superficie forestal galega, xerando graves problemas socioambientais». A eurodeputada galega pide que se atenda o sentir da sociedade, e tamén as denuncias da FAO, e se poña fin á expansión desta árbore. A principios de maio, Senra deu unha rolda de prensa en Pontevedra, acompañada por diferentes colectivos en defensa da terra, na cal insistiron en facer un chamamento a adoptar medidas efectivas contra a expansión desta árbore e alertaron sobre as plantacións en terras agrícolas. **[19/20]**

Sector pesqueiro

O Parlamento Europeo aproba unha emenda rexistrada por Lída Senra para que a pesca artesanal accidental fique fóra dos TAC

A finais de 2015, Lída Senra logrou que o Parlamento Europeo aprobara unha emenda rexistrada por ela na resolución «Unha nova PPC: estrutura para as medidas técnicas e para os plans plurianuais», co fin de que no texto final deste informe ficase especificado que «a pesca artesanal accidental nas augas interiores dos Estados e das rexións debe permanecer fóra dos Totais Admisíbeis de Capturas (TAC). Desde principios de 2016, a eurodeputada galega continuou presionando a CE para facer efectiva esta modificación nos Estados membros, que suporía a nivel galego que as embarcacións que se dedican a artes de enmalle, como por exemplo as betas ou os miños, non se verían obrigadas a tirar unha parte dos lotes de peixe capturado ao mar, minimizando deste xeito as grandes perdas que teñen hoxe en día.

Preocupación pola crise do sector marisqueiro en Ferrol

A eurodeputada galega participou en febreiro de 2016 nun encontro co sector marisqueiro da comarca de Ferrolterra, xunto ao daquela portavoz de AGE en materia pesqueira no Parlamento Galego, Juan Manuel Fajardo. Lída Senra recolleu as propostas dos máis de medio cento de mariscadores e mariscadoras que se achegaron á reunión e advertiu de que as leis que se están a impulsar tanto desde Europa como desde os gobernos de Galiza e o Estado español son para «colocar a riqueza en mans de cada vez menos persoas». **[21]**



21



22

Apoio á manifestación contra a Lei de Acuicultura

Desde a súa convocatoria, en febreiro de 2016, apoiamos a multitudinaria manifestación organizada polo sector pesqueiro galego en Santiago de Compostela contra a Lei de Acuicultura. Senra defende que os intereses que tivo sempre o PP detrás da Lei de Acuicultura son tamén derivados da última reforma da Política Pesqueira Común e pretenden posibilitar que as grandes empresas multinacionais xestionen e exploten os recursos do mar. **[22]**

Unha delegación da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo viaxa a Galiza a instancias de Lída Senra para coñecer a implementación da PPC aquí

Co obxectivo de afondar no coñecemento da implementación da Política Pesqueira Común (PPC) en Galiza, a finais de marzo de 2016 unha delegación integrada por seis eurodeputados/as da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo desprazouse á



23



24



25


Reclamando que a Economía Azul, ou máis ben o Capitalismo Azul, non destrúa a nosa pesca

Nas sesións de traballo da Comisión de Pesca en abril de 2016, incluíuse un intercambio de opinións co Comisario de Pesca, Karmenu Vella, a respecto dos criterios de sustentabilidade da actividade pesqueira europea. A eurodeputada galega sinalou en relación ao obxectivo xeral de desenvolver un modelo pesqueiro sustentábel e traballar pola recuperación e mantemento da calidade das augas, que para poder acadar estes obxectivos «vostede, Comisario, debe velar para que as actividades relacionadas coa proposta da denominada Economía ou Crecemento Azul, que máis ben parece tratarse dun «Capitalismo Azul», non destrúan o marisqueo, a pesca artesanal, a pesca de baixura e a acuicultura a pequena escala, que son as actividades que realmente xeran emprego e manteñen vivas as zonas costeiras». Senra fixo fincapé ademais na preocupante proposta da minaría submarina –contemplada dentro da estratexia do Crecemento Azul que está a impulsar a CE–, que «debe quedar totalmente prohibida, ao igual que calquera infraestrutura que implique a contaminación das augas, cambios nas correntes mariñas ou calquera outra repercusión que poida implicar a destrución dos recursos pesqueiros, da biodiversidade ou mesmo acelerar a mudanza climática».

Esiximos unha etiquetaxe correcta do peixe e de todos os produtos alimentarios

Na primeira metade de 2016 saíu á luz unha polémica suscitada polas deficiencias na etiquetaxe do peixe, constatadas a través dun estudo realizado pola ONG Oceana a través do cal se descubriu que o 31,8% das 280 mostras de peixe analizadas en restaurantes de Bruxelas non se correspondían co indicado na súa correspondente etiqueta. No pleno do Parlamento Europeo de principios de maio de 2016, en que se abordou o asunto, Lidia Senra sinalou que esta situación pon de manifesto a «frecuente connivencia da CE con intereses contrarios aos dereitos das consumidoras e consumidores». Así, instou á Comisión a «actuar con contundencia», e lembroulle que «a etiquetaxe incorrecta intencional e fraudulenta de especies de peixes é unha violación do regulamento da UE, incluída a Política Pesqueira Común». Reiterou ademais que é realmente

nosa terra, atendendo a petición que fixera Lidia Senra neste sentido. A eurodeputada xa no ano 2014 realizara a proposta de levar adiante unha supervisión da aplicación da PPC en Galiza, «á vista da preocupante perda de empregos que está a sufrir o sector pesqueiro galego e dos problemas que para o noso País está a xerar o sistema de reparto de cotas». Nunha rolda de prensa ofrecida a posteriori da visita, valoramos o noso logro de conseguir que por primeira vez a Comisión de Pesca do Parlamento Europeo visitara Galiza de forma íntegra. Mariscadoras, sector do mexillón, das artes menores, do cerco e da pesca artesanal foron escoitados pola delegación, fronte á actitude indecente da conselleira galega Rosa Quintana, de intercambiar cotas pesqueiras por intereses do PP noutros lugares de Europa. A visita foi valorada tamén a posteriori en Bruxelas polos membros da Comisión. **[23 a 25]**



urxente garantir unha etiquetaxe do peixe «clara, transparente, fiable e comprensíbel, incluíndo o país de procedencia, tanto no mercado de fresco, como nos restaurantes ou nas conservas e transformados».

Xornada sobre «A problemática da contaminación do medio mariño nas pescas e o marisqueo da UE»

No 4 de xuño de 2016, coincidindo na fin de semana da conmemoración do Día do Medio Ambiente, organizamos a xornada 'A problemática da contaminación do medio mariño nas pescas e o marisqueo da UE', que tivo lugar en Ferrol. O obxectivo era pór de relevo unha visión holística do medio mariño na cal ter en conta non só a importancia da súa dimensión produtiva, senón tamén a correspondencia existente entre a propia calidade das augas e a nosa saúde, ou as claves do significado xeopolítico que cada vez máis están adquirindo os recursos hídricos a nivel global, sen perder de vista ademais o compoñente identitario que o mar, as rías, os ríos e mesmo os océanos teñen para o pobo galego. Lidia Senra criticou a impudencia das Administracións á hora de incumplir normativas e leis para beneficiar as grandes empresas. Na canle de YouTube da eurodeputada está a disposición pública o vídeo resumo coas intervencións que tiveron lugar na xornada. A eurodeputada aproveitou para aprofundar na política de acaparamento dos océanos para proxectos de enerxía eólica, mareomotriz e undimotriz, que se está proxectando a nivel mundial e que levará a «apartar aínda máis do mar as pescadoras e pescadores a pequena escala». Así, sobre a mesa estivo a batalla pola ocupación do espazo mariño en que están as multinacionais contra pescadoras/es. En efecto, preocupa altamente que na costa galega xa se fixo unha exploración para posíbeis explotacións mineiras nos fondos mariños, preto de onde está afundido o 'Prestige'.

[26 a 29]

Ou cambian as políticas ou a pesca artesanal e a acuicultura a pequena escala van camiño de converterse nun obxecto de museo

Lidia Senra tomou a palabra na Comisión das Pescas do Parlamento Europeo de xuño de 2016, para defender a pesca artesanal e a acuicultura a pequena escala unha vez máis. A eurodeputada asegurou en Bruxelas que, de non mudar e pór enriba da mesa a problemática actual, «a pesca artesanal e a acuicultura a pequena escala converteranse probablemente en non moito tempo nun obxecto de museo». Fronte a isto, Senra reclamou «coherencia» e que se poñan en marcha políticas que defendan e potencien este tipo de actividades en lugar de políticas que provocan o seu afogamento. Sobre a promoción do peixe e o mercado dos produtos resultantes da pesca artesanal, Lidia Senra instou ás Administracións públicas para que entendan que unha parte moi importante da saída de consumo da pesca artesanal e da acuicultura a pequena escala está nos comedores dos colexios e dos hospitais públicos. «En Galiza, os hospitais e escolas están sendo abastecidos con peixe importado a moi baixo prezo que destrúe economías locais tanto en Galiza como en países terceiros», denunciou, e chamou a mudar esa situación.



Senra traslada as prioridades galegas no sector pesqueiro e agrícola á Presidencia eslovaca da UE

A principios de xullo de 2016 tivo lugar no Parlamento Europeo a comparecencia da ministra eslovaca de Agricultura e Desenvolvemento Rural en calidade de presidenta do Consello de Agricultura e Pesca, ao respecto das prioridades da Presidencia eslovaca do Consello da UE para ese semestre. Como coordinadora para o GUE/NGL na Comisión de Agricultura do Parlamento Europeo, e suplente na Comisión de Pesca, Lidia Senra tivo a posibilidade de trasladar as súas consideracións directamente á ministra Gabriela Matečná. A eurodeputada galega reiterou diante da Presidencia semestral da UE a «inxustiza» que para Galiza supón a actual repartición de cotas pesqueiras. Non ratificar o CETA, establecer políticas públicas de regulación da produción e garantir un modelo sustentábel, foron as demandas que lle expuxo en materia agraria. **[30]**

Impulsamos o seminario «Protección e defensa da pesca artesanal e a pequena escala» no Parlamento Europeo

Que Galiza é a zona pesqueira máis importante da UE ficou comprobado *in situ* polo Parlamento Europeo (PE) a través da visita do Comité de Pesca ao noso País, promovida por Lidia Senra. Nos meses seguintes, seguiu «mantendo a presión sobre as institucións europeas para que sexan postas en marcha medidas contundentes pola defensa e mantemento do noso sector pesqueiro, que representa case o 7% do PIB galego, sendo o 80% da nosa frota de pesca artesanal e a pequena escala, e Galiza o país onde máis pesca deste tipo se concentra de todo o Estado, xa que temos unha frota de aproximadamente 4.500 barcos». Baixo esta perspectiva de traballo, a eurodeputada galega promoveu a organización do seminario «Protección e defensa da pesca artesanal e a pequena escala», que tivo lugar o 7 e 8 de setembro de 2016 no Parlamento Europeo en Bruxelas. Acompañaron na coordinación deste evento internacional o Partido Comunista



Portugués (PCP) e o irlandés Sinn Féin, e contou con catro mesas informativas e de debate. A primeira delas, sobre o impacto dos acordos internacionais de pesca da UE na pesca a pequena escala. Tamén analizamos as consecuencias da Política Pesqueira Común (PPC) nas comunidades costeiras, e debullouse o papel das mulleres na pesca e as actuais condicións dos dereitos das persoas traballadoras no mar, así como as cuestións relativas á súa seguridade. Unha nutrida delegación de pescadores e pescadoras galegos trasladáronse a Bruxelas para participar no evento. Os mariñeiros e mariscadoras denunciaron que as políticas da UE só xeran a destrución do emprego e criticaron os TAC e a subvención do desmantelamento da frota. Tamén se fixo especial fincapé en reclamar medidas para mellorar a situación das traballadoras do mar, tendo en conta que o 36% do persoal que se dedica actualmente á actividade pesqueira en Galiza é feminino.

[31/32]

Lidia Senra acusa Rosa Quintana de usar o Consello Galego de Pesca para facer campaña

Lidia Senra acusou a finais de agosto de 2016 a conselleira do Mar, Rosa Quintana, de usar un organismo como é o Consello Galego de Pesca para

«facer campaña electoral». A europarlamentaria reaccionaba así despois de coñecerse que tivo lugar unha reunión en Santiago de Compostela do citado ente, á cal só foi convidado o canario Gabriel Mato, coordinador do grupo popular na Comisión de Pesca do Parlamento Europeo. «Non nos parece mal que o señor Gabriel Mato, en calidade de relator, veña a Galiza e coñeza de primeira man as propostas do Consello Galego de Pesca ante esta proposta da CE de Regulamento de Medidas Técnicas para a conservación de recursos pesqueiros e protección de ecosistemas mariños que se está a debater no Parlamento Europeo e que é un texto que vai ter unha enorme importancia para as mariñeiras e mariñeiros galegos. O que si que nos parece mal é o tufo electoralista que ten esta visita», explicou Lidia Senra. «O normal sería que a conselleira tentase que todos os eurodeputados e a eurodeputada galega fosen tamén convidados a este pleno do Consello Galego de Pesca para escoitar as propostas que este organismo quere que se inclúan no texto que se vai debater e votar primeiro na Comisión de Pesca e despois no Pleno do Parlamento Europeo e non só a Gabriel Mato, que é o coordinador do grupo popular», dixo. Meses máis tarde, en xuño de 2017, Senra volveu denunciar o uso partidista das institucións e acusou a Oficina de Información do Parlamento Europeo en España de ignorar os eurodeputados e a eurodeputada galegos membros da comisión de Pesca nun acto que tivo lugar en Santiago e no cal se ía debater nesta ocasión sobre a proposta de Regulamento sobre a conservación dos recursos pesqueiros e a protección dos ecosistemas mariños con medidas técnicas. Senra criticou que o programa do evento non incluía máis que a presenza de Gabriel Mato, eurodeputado popular e relator do informe de medidas técnicas mediante o cal o Parlamento Europeo fixará a súa postura sobre esa proposta de regulamento comunitario. Estiveron, ademais, a conselleira de Mar, Rosa Quintana, un portavoz da Dirección Xeral de Mar da Comisión Europea e representantes do sector. «Non temos nada que obxectar a que Gabriel Mato, como relator do informe, explique en Galiza a proposta da CE e a súa postura sobre o futuro regulamento de medidas técnicas, pero lamentamos que non se teña en conta, por parte da Oficina do Parlamento Europeo no Estado, a pluralidade existente na comisión de Pesca; xa que o documento aínda non foi aprobado, está en fase de achegas, e polo tanto a visión que pode dar Gabriel Mató é a súa como relator. Para fixar a posición do Parlamento, aínda terá que aprobarse na comisión de Pesca primeiro e finalmente no Pleno», sinala Senra. A Oficina de Información do Parlamento Europeo no Estado Español non debería

organizar reunións de carácter partidista ignorando a pluralidade do Parlamento comunitario. «Un ente destas características non pode dar voz soamente a unha parte», afirmou Lúdia Senra.

Esiximos a paralización da norma comunitaria que afecta as xubilacións de mariñeiros galegos

A eurodeputada galega rexistrou a mediados de novembro de 2016 unha pregunta dirixida á CE na cal denunciou as consecuencias do rexistro da frota no cálculo dos coeficientes redutores das persoas traballadoras dos buques conxeladores. Senra alertaba de que certos tipos de navíos non aparecen na clasificación que a UE vai usar no rexistro da frota, o que pode provocar que a tripulación perda o coeficiente do 0,40 de que se beneficiaba. A europarlamentaria fixo esta denuncia atendendo as peticións do Movemento Galego pola Defensa das Pensións Públicas, co cal se reuniu en días anteriores en Pontevedra. Xa en febreiro de 2017, Senra volveu reclamar claridade e unha resposta rápida por parte da UE e do Goberno español ante as modificacións nos coeficientes redutores que se lle aplican á tripulación dos buques conxeladores para calcular o seu acceso á xubilación. «Seguimos esixindo ao Estado que solucione canto antes os erros recoñecidos na aplicación do 0,40 de coeficiente redutor e a garantía de que resolva de xeito definitivo os problemas que deriven da aplicación de normas europeas se afectan aos dereitos dos traballadores e traballadoras», demandaba a eurodeputada, que acababa de recibir a resposta do comisario de Pesca, Karmenu Vella, á pregunta formulada en novembro sobre o regulamento de rexistro comunitario a aplicar a partir de febreiro de 2018, cuxa aplicación pon en dúbida o coeficiente redutor do 0,40 das e dos tripulantes dos navíos conxeladores do Estado español, o 91% deles buques galegos. Segundo Vella, a modificación do regulamento 26/2004 vai introducir un novo código de tipo de buque baseado na codificación da FAO co obxectivo de harmonizar a clasificación estatística dos tipos de buques, aínda que non aclara a que tipo de barcos vai destinado este código nin se a súa introdución vai ter repercusións cos dereitos de acceso á xubilación derivados da clasificación actual. A resposta escrita recibida por Senra indica que «dado que non está previsto que o regulamento entre en vigor antes de febreiro de 2018, os Estados membros deberían ter tempo suficiente para axustar calquera enlace relacionado cos códigos



existentes, como o coeficiente relacionado co réxime de xubilación», así como que a Comisión «non tiña ningunha intención de xerar efectos adversos». A resposta de Vella deixa nas mans do Goberno español as mudanzas necesarias para que os barcos conxeladores manteñan en 0,40 o seu coeficiente redutor, o desconto que se aplica para calcular o acceso á xubilación dos traballadores e traballadoras destes buques. **[33]**

Defendemos unha repartición de TAC que priorice os criterios socioeconómicos para evitar a ruína pesqueira

Lúdia Senra considerou que a repartición das cotas límites de captura (TAC) acordados en decembro de 2016 en Bruxelas polos ministros de Pesca da UE confirman a discriminación que ano tras ano sofre a frota galega, o primeiro país pesqueiro da UE, debido «a unha repartición das posibilidades de pesca que aboca á ruína ao sector e o futuro das comarcas pesqueiras galegas». Os límites aplícanse ás principais poboacións de peixes de interese comercial no Atlántico e do Mar do Norte e das pescas internacionais en que operen buques da UE. Aprobados os TAC para as diferentes zonas de pesca e especies no vindeiro 2017, que supuxeron, entre outras, unha baixada moi considerábel das posibilidades de pesca do xurelo do Cantábrico (dun 23%) ou do rapante (dun 15%), Lúdia Senra volveu chamar a atención sobre as consecuencias socioeconómicas dunha decisión que non ten en conta a capacidade pesqueira de Galiza. «A fixación dos TAC non pode converterse nunha ruína para o sector nin pór en risco postos de traballo. Hai que primar unha repartición que atenda criterios

socioeconómicos, tal e como establece o artigo 14 da Política Pesqueira Común (PPC), xunto á contribución á economía local e aos criterios medioambientais», pide a eurodeputada.

Organizamos unha rolda de encontros polas confrarías galegas

Durante o primeiro trimestre de 2017, levamos a cabo unha rolda de encontros por diferentes confrarías galegas, co obxectivo de consensuar co sector as emendas a presentar á Proposta de novo regulamento da UE sobre a conservación dos recursos pesqueiros e a protección dos ecosistemas mariños con medidas técnicas.

Lúdia Senra insta á CE a analizar e atallar os problemas derivados da prohibición dos descartes pesqueiros

Lúdia Senra rexistrou en Bruxelas en marzo de 2017 unha pregunta por escrito dirixida á Comisión Europea na cal instaba ao organismo comunitario a analizar e promover mecanismos para atallar os problemas derivados da prohibición dos descartes pesqueiros (obxectivo incluído na reforma da Política Pesqueira Común –PPC– que se aplicará a todas as especies progresivamente até 2019, forzando o desembarque de todas as capturas). A obriga de desembarque afecta a toda a pesca comercial de especies sometidas ao Total Admisíbel de Capturas (TAC) ou a tamaños mínimos no caso do Mediterráneo en augas comunitarias. Denunciou que a obriga de desembarcar todas as capturas agocha o fornecemento de materia prima a baixo prezo para fariñas e aceites. Tamén levou a Bruxelas a preocupación do sector pola falta de infraestrutura nos portos e custos adicionais que implica a nova norma.

Instamos á CE para facer seguimento das posíbeis deficiencias dos sistemas de socorro e salvamento marítimo

A eurodeputada galega rexistrou en Bruxelas unha pregunta por escrito dirixida á Comisión Europea, preocupándose polo caso do buque ‘Senefand Uno’,

propiedade da armadora galega Profand, e que desapareceu en augas do Senegal o 8 de febreiro de 2017. O buque pesqueiro deixou de emitir a súa posición e tanto a empresa armadora como as familias perderon todo contacto coa tripulación. Senra quería saber a constancia que ten a UE sobre os problemas no funcionamento das radiobalizas de emerxencia dos buques. A CE contestounos que a Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos (CIAIM) confirmou que o caso está sendo investigado e será introducido na Plataforma europea de información sobre sinistros marítimos (EMCIP), unha base de datos xestionada pola Axencia Europea de Seguridade Marítima que conecta a todos os organismos da Unión encargados da investigación de accidentes.

A recollida de datos non pode supor novas cargas económicas e administrativas para a frota artesanal e de baixura

Senra reclamou no pleno do Parlamento Europeo de mediados de marzo de 2017 que as novas normativas que está a promover a UE en materia pesqueira «non interfiran nunca no desenvolvemento normal das actividades da pesca artesanal e de baixura» e que en todo caso, «nunca se convertan nun pretexto para trasladar máis cargas económicas e administrativas para estas frotas». Así o defendeu Senra durante o debate sobre o Marco da Unión para a recompilación, xestión e uso dos datos do sector pesqueiro. A parlamentaria dixo compartir a idea de que é «moi importante contar con datos científicos rigorosos e de calidade para unha boa xestión das pescas», mais defendeu que o novo Marco non vaia en detrimento da actividade da frota artesanal e de baixura. Así, pediu que a recollida e xestión dos datos «teña en conta as especificidades da frota artesanal» e que «os datos socioeconómicos e medioambientais se tornen nunha parte fundamental da información recollida». Lúdia Senra reclamou que á hora de recoller os datos socioeconómicos se teña en conta e «se visibilice o papel e a situación das mulleres nas pescas: Mariñeiras, redeiras, mariscadoras e outras mulleres que traballan neste ámbito». Do mesmo xeito, cualificou de «necesario» que os limiares baixo os cales non sexa necesaria a recollida de certos datos ou as campañas científicas a bordo se definan tamén atendendo o tipo de frota e o seu impacto nos recursos, tendo en conta, por exemplo, «que a pesca artesanal e local é máis sustentábel e que xeralmente usa artes de pesca máis selectivas que os grandes buques industriais».

Senra esixe que a UE protexa os mariñeiros/as aos cales Noruega lles nega a xubilación

A eurodeputada galega reuniu en marzo de 2017 representantes da Asociación Long Hope, formada por mariñeiros e mariñeiras que traballaron en buques noruegueses e aos cales o país nórdico nega a xubilación, co equipo da comisaria de Emprego e Asuntos Sociais da Comisión Europea, Marianne Thyssen. O encontro tivo por obxectivo chamar unha vez máis a atención das autoridades da UE sobre un problema «de dimensións europeas» e reivindicar que as institucións comunitarias deben esixir ao Estado español que defenda os dereitos sociais deste colectivo. En concreto, os mariñeiros reuníronse en Bruxelas durante unha hora con Inge Bernaerts, responsábel de lexislación laboral e seguridade social da comisaria de Emprego e Asuntos Sociais, e no encontro explicaron a loita para lograr que Noruega lles recoñeza a pensión polos anos cotizados nese país. Os traballadores afectados formaban parte da tripulación de buques mercantes noruegueses antes de que en 1994 o país nórdico entrase a formar parte do Espazo Económico Europeo, e non eran considerados traballadores emigrantes en Noruega porque segundo este país non residían nel, razón esgrimida polas autoridades para negarlles o dereito a prestacións derivadas das súas cotizacións a bordo da frota mercante norueguesa. A eurodeputada galega, que promoveu o encontro da asociación con responsábeis da Comisión Europea, esixe que as autoridades comunitarias tomen cartas no asunto e reclamen ao Estado español que faga valer os dereitos dos mariñeiros e mariñeiras ante Noruega. «A Comisión é coñecedora desta situación, que afecta os cidadáns e cidadás dun dos seus Estados membros, e non pode lavar as mans neste asunto de xustiza social», recalcou Senra. «A Comisión di que carece de mecanismos para forzar a Noruega a recoñecer os dereitos deste colectivo, porque non é un Estado membro. Pero a UE ten acordos importantes con Noruega e a Comisión pode pór enriba da mesa a solución deste conflito en base á vulneración dos dereitos humanos», explicou a eurodeputada. **[34]**



Reclamamos á UE que free a discriminación entre países e frotas na repartición do dereito a pescar

Lidia Senra participou en marzo de 2017 no debate que os membros da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo mantiveron con Karmenu Vella, comisario do ramo, sobre o diálogo estruturado que fará balance do traballo destes últimos anos e as previsións para os dous próximos en materia de asuntos marítimos. A eurodeputada galega preguntou que medidas pensa tomar a CE ante a discriminación na repartición ao dereito a pescar entre os Estados e, dentro destes, entre os países e as diferentes frotas, e interesouse tamén pola contaminación das augas, «unha gran preocupación entre as comunidades pesqueiras polo seu impacto na reprodución das especies e polo tanto nas especies de interese para a pesca». Karmenu Vella respondeu que «son os Estados membros» os que fan a distribución dos Totais Admisíbeis de Capturas (TAC) entre a frota do país e que desde a Comisión «ínstase a que se teñan en conta criterios medioambientais e sociais nesa repartición». «Unha vez máis, a Comisión elude a súa responsabilidade», valorou Senra a posteriori, xa que «se ben é certo que a repartición interna é cuestión dos Estados, tamén é certo que son responsabilidade europea os criterios para asignar o dereito a pescar entre os Estados. No relativo á contaminación dos océanos, Vella recoñeceu que a Comisión «non está a ser capaz de pórle freo». Mencionou as medidas relativas a evitar a contaminación por plásticos incluídas no paquete de economía circular e dixo que a Comisión fará a finais de ano unha proposta de estratexia específica para a reciclaxe do plástico e frear deste xeito a súa vertedura aos mares.



Prioridade: Unha distribución de TAC e cotas xusta e transparente coa pesca artesanal e de baixura

A finais de marzo de 2017 recibimos en Bruxelas as inxedanzas e reivindicacións do sector pesqueiro artesanal e de baixura de Galiza no marco dunha iniciativa organizada polo GUE/NGL e centrada en analizar as desigualdades na pesca e o impacto dos superarrasteiros e as pescas industriais no sector artesanal e de baixura. Na xornada participaron, a iniciativa da eurodeputada galega, o patrón maior de Cangas, Javier Costa, o presidente da Asociación Galega de Armadores de Artes Menores de Galicia, Jose Luís Rodríguez, – ambos os dous mediante unha intervención gravada en vídeo – e Manuel Chedas, mariñeiro representante do pequeno arrastre de litoral e presidente da asociación estatal Mar Viva, galego de orixe mais afincado en Asturias. Xunto a eles, tomaron tamén a palabra representantes do sector en Irlanda, Portugal e Países Baixos. Senra presentou e moderou o panel do evento dedicado a analizar as medidas da Política Pesqueira Común (PPC), unha oportunidade para elevar a Bruxelas que o sector artesanal e de baixura galego «quere unha repartición xusta e transparente dos TAC e cotas, unha distribución que teña en conta o peso socioeconómico dunha actividade clave nas economías locais. As reparticións actuais consolidan un modelo non sustentábel que só beneficia as grandes frotas industriais e compromete o futuro do sector». **[35]**

Lidia Senra solicita á CE que investigue o impacto na pesca das prospeccións de petróleo e gas

Senra rexistrou a principios de abril de 2017 unha pregunta para a súa resposta escrita por parte da CE na que solicita información sobre o impacto na pesca das prospeccións de hidrocarburos que se levan a cabo desde hai anos no Banco de Porcupine, en augas comunitarias irlandesas de grande importancia para a frota de diversos países da UE. A europarlamentaria lémbrale á CE que «as augas comunitarias irlandesas, especificamente a área do Banco de Porcupine, son vitais para a pesca e nos últimos anos atraeron unha serie de proxectos de prospeccións petrolíferas e de gas nos lugares onde opera a frota de varios países da UE». Ante esta situación, Senra pide que o brazo executivo da UE lle aclare «con que estudos de impacto sobre os recursos pesqueiros contan estas prospeccións de hidrocarburos realizadas no Banco de Porcupine, así como a superficie específica afectada e o número de proxectos en marcha na actualidade». A eurodeputada tamén se interesa polos protocolos que deben seguir as compañías petrolíferas e de gas no eido ambiental e de conservación dos recursos mariños cando piden autorización para levar a cabo as súas actividades de investigación. A resposta a esa pregunta chegou en xuño de 2017 e non foi nada satisfactoria. Senra acusou a UE de ollar para outro lado fronte as prospeccións de hidrocarburos en zonas pesqueiras, xa que a Comisión alegou que son os Estados os encargados de avaliar os impactos destas actividades. A eurodeputada tachou de «incríbel» que a UE, con competencias na xestión da pesca e na calidade das augas, se desentenda do futuro dos océanos e da pesca.

Advertimos dos efectos nocivos das actividades de economía azul no futuro dos océanos

A eurodeputada galega considera que as actividades que engloban a chamada «Economía Azul» promovida pola UE –como a acuicultura industrial, a minaría submarina ou as prospeccións de petróleo, entre outras– «van implicar un menoscabo social, económico e ambiental para a pesca artesanal e a pequena escala e comprometerán seriamente o futuro dos caladoiros e, en definitiva, dos océanos». Estas preocupacións van recollidas nas emendas que presentou a unha opinión da Comisión de

Pesca do Parlamento Europeo, da que é membro. Esta opinión do Parlamento Europeo contribuirá á Axenda polo Futuro dos Océanos no contexto dos Obxectivos para o Desenvolvemento Sustentábel de 2030. A eurodeputada galega esixe unha gobernanza dos océanos que poña a protección dos caladoiros e ecosistemas por diante do lucro privado. Pide tamén a paralización de todos os proxectos de prospeccións de hidrocarburos e minarías nos fondos mariños.

Indignación ante a aposta do Goberno estatal a favor da acuicultura industrial

Lidia Senra amosou en xuño de 2017 a súa indignación ante a intención do Goberno estatal español de tratar a acuicultura como unha «prioridade» para este ano. A europarlamentaria, que leva toda a lexislatura loitando na defensa dos intereses da pesca artesanal, asegurou que «non podemos máis que condenar que a prioridade do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para abastecer o consumo de peixe sexa seguir contribuíndo a facer das nosas rías auténticas cloacas e converter as comarcas que dependen da pesca en auténticos desertos». Senra reaccionaba así despois de que o secretario xeral de Pesca, Alberto López-Asenjo, comparecera a semana pasada na Comisión de Orzamentos do Senado para dar conta dos plans do seu departamento para este 2017. «Tal e como recolleron varios medios, o secretario xeral afirmou que «a acuicultura é unha prioridade» e que será o «eixo vertebrador» do sector. «Tamén dixo que temos que cubrir as necesidades do consumo de peixe e que a acuicultura de España está para iso», engadiu Senra, para quen estas intencións son «intolerábeis desde o punto de vista dunha economía e medio ambiente sustentábeis».

Dereitos humanos, sociais e políticos

Participamos na Delegación do Parlamento Europeo ao País Vasco en 2016 para facer un informe sobre a vulneración de dereitos que sofren os presos e presas vascos

Lidia Senra formou parte da delegación de sete eurodeputados/as de diferentes nacións que viaxaron ao País Vasco en febreiro de 2016 co fin de comprobar as consecuencias da política penitenciaria realizada polos Estados español e francés, ao respecto dos dereitos humanos dos presos e presas políticas vascas e os seus familiares. Como resultado daquela visita, elaborouse un informe, que foi presentado no Parlamento Europeo a finais de abril de 2016, coincidindo co X aniversario do Grupo de Amizade co País Vasco, e coa presenza de Arnaldo Otegi, que relanzou desde Bruxelas o manifesto 'Free them all'. Senra defendeu a premisa de que respectar os dereitos humanos das presas e presos políticos vascos non é contrario ao respecto dos dereitos humanos das vítimas de ETA, un punto de partida que semella sinxelo, mais que «á vista das informacións que obtivemos durante as entrevistas mantidas en febreiro, a día de hoxe aínda segue a ser necesario reivindicar que os dereitos humanos son universais e que deben ser garantidos en todos os casos». A eurodeputada explicou que «sabemos por outras experiencias, como por exemplo a irlandesa, que tiveron a posibilidade de coñecer de preto o ano pasado, que os presos e presas son sempre unha parte imprescindible na resolución deste tipo de conflitos; se non se quere pechar en falso, precísase a implicación de todas as partes», polo que defendeu que aínda resulta máis importante «avanzar en vías que poderían ir dando pasos adiante nesta situación, como sería o achegamento das persoas presas».

[36/37]



Xornada sobre «A historia da Europa decolonial e da Europa dos pobos sen Estado»

O 19 e 20 de febreiro de 2016 organizamos na Coruña, en colaboración con Decoloniaity Europe–Galiza Decolonial, unha xornada para pór en común as loitas das nacións sen Estado e dos pobos oprimidos



pola historia colonial, na que participaron como relatoras máis dunha vintena de persoas chegadas de diferentes países. Lidia Senra advertiu no evento de que «a estas alturas do século XXI as vellas formas de colonialismo sobreviven con maneiras novas» para «seguir oprimindo os pobos, seguir controlando os seus recursos e seguir apropiándose das súas riquezas». **[38 a 40]**

Apoio a Arnaldo Otegi coincidindo coa súa saída do cárcere

En marzo de 2016, o Grupo de Amizade co País Vasco, do que Lidia Senra forma parte, emitiu un comunicado coincidindo coa liberación do líder vasco Arnaldo Otegi, no cal afirmamos considerar que el «non debería ter sido detido, xa que a súa contribución ao novo escenario foi crucial. Nós consideramos totalmente inxusto e arbitrario que fora privado de liberdade durante seis anos. Agardamos que a contribución de Arnaldo Otegi sexa útil para o proceso de paz en Euskadi, para poder avanzar e superar o bloqueio actual mantido polos Gobernos español e francés».

Reclamámoslle á Comisión Europea e ao Consello maior eficiencia na resolución das preguntas parlamentarias

A parlamentaria galega denunciou en Bruxelas as limitacións aplicadas ao mecanismo das preguntas parlamentarias escritas, unha das canles máis directas entre a UE e a cidadanía. Así, criticou que un dos principais motivos dos bloqueos destas preguntas sexan alegar por parte da CE ou do Consello descoñecemento e remitir a unha certa ambigüidade interesada nas responsabilidades dos Estados.

Lidia Senra leva á CE a vulneración de dereitos humanos que se dá no cárcere de Teixeiro

Lidia Senra rexistrou unha pregunta por escrito á CE denunciando a vulneración de dereitos humanos fundamentais que se está a dar no cárcere de Teixeiro por parte do persoal funcionario e da propia Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias do Ministerio do Interior. Tomando como base o informe realizado por Esculca, Observatorio para a Defensa dos Dereitos e Liberdades, as denuncias rexistradas por persoas presas neste penal e novas aparecidas nos medios de comunicación nos últimos anos ao respecto de mortes, golpes, atención sanitaria deficiente, condicións das celas, ausencia de actividades en algúns módulos, etc, a eurodeputada decidiu levar este asunto perante as autoridades da UE co obxectivo de que se tomen medidas para

atallar esta situación, xa que falamos de casos que, segundo a definición da Organización de Nacións Unidas (ONU), estarían encadrados dentro da categoría de tortura, ou contra a integridade moral, rigor innecesario e lesións por parte do persoal funcionario dese penal.

A decisión do Reino Unido e a aposta polo Brexit mostra a pouca credibilidade dunha UE construída contra os pobos

Lidia Senra valorou os resultados do referendo celebrado no Reino Unido en xuño de 2016, no cal o 51,9% da poboación votou a favor de abandonar a UE, apostando polo Brexit (Britain Exit), e un 48,1% decantouse pola permanencia do Reino Unido como Estado membro na UE. Considera que «o feito de que no referendo gañara a posición de saír da UE, fronte a posición oficial do Primeiro Ministro e tamén das grandes empresas e da *city*, incluso a pesar das prebendas da UE acadadas polo goberno para defender a posición da permanencia, mostran a pouca credibilidade dunha UE que se construíu en contra dos pobos, a favor das multinacionais, e cuxas decisións responden única e exclusivamente á ditadura dos mercados e duns líderes á fronte da CE e do Consello que non son capaces de resolver ningunha das graves crises (migratoria, social, ambiental, climática) que asolan hoxe a realidade deste espazo de (Des)Integración Europea». A eurodeputada destaca a valentía británica de convocar un referendo, fronte a actitude de medo constante do Goberno do Estado Español e a falta de debate que hai no noso territorio. Así mesmo, no pleno extraordinario de finais de xuño de 2016, a eurodeputada galega votou en contra da resolución conxunta acordada polos grupos do PPE, S&D, ALDE e Verde/ALE, ao considerar que non vale, xa que «só manifesta a necesidade de reformar a UE. Iso soa igual que cando dixeron que había que reformar o capitalismo e a solución foi reformalo en beneficio do propio capitalismo e tomar por exemplo a decisión de que a sociedade asumira en forma de débeda pública os excesos da banca privada». Senra defendeu que a UE «hai que refundala para construír unha Europa dos pobos, onde o dereito a decidir de cada pobo sexa respectado, e onde os valores da democracia, a paz, a xustiza social, a tolerancia, o progreso, a cooperación, a igualdade, o feminismo, o respecto á nai terra, o dereito ás soberanías nacional, enerxética e alimentaria, etc, sexan a guía para a construción desta nova Europa».



Chamamento desde o Parlamento Europeo ao Estado español para avanzar no proceso de paz do País Vasco

En outubro de 2016, Lidia Senra participou en Bruxelas na rolda de prensa do Basque Friendship Group polos dez anos da resolución da Eurocámara en apoio á fin do conflito e o proceso de paz do País Vasco. A eurodeputada galega pediu xunto á eurodeputada do Sinn Féin Martina Anderson, o eurodeputado de Nova Alianza Flamenca Mark Demesmaeker, o eurodeputado catalán de Esquerra Republicana de Catalunya Josep Maria Terricabras, e a eurodeputada do Grupo dos Verdes/Alianza Libre Europea Tatiana Zdanoka, que se aposte por abordar todos os elementos cruciais do conflito, como son o desarmamento total e a situación de persoas presas e vítimas. **[41]**

Lidia Senra reclama no Parlamento Europeo que as e os menores de idade non poidan participar en cazaría

A eurodeputada rexistrou no Parlamento Europeo unha pregunta dirixida á CE na cal insta ás autoridades da Unión Europea a se posicionaren sobre o feito de que mozas e mozos menores de idade poidan participar en Galiza en cazaría e portar armas con gran potencia de fogo. Lidia Senra deu este paso co obxectivo de denunciar publicamente esta situación e de apoiar a campaña impulsada por diferentes colectivos para que o Parlamento galego modifícase de forma urxente a Lei de Caza e prohibíse a participación de menores nestas actividades perigosas.

Contra a vía da militarización e o aumento das medidas represivas na UE

Lidia Senra tomou a palabra no pleno do Parlamento Europeo de finais de novembro de 2016 para intervir no debate sobre a Unión Europea da Defensa. A eurodeputada galega defendeu que «non é pola vía da militarización e o aumento das medidas represivas como haberá máis seguridade na Europa». «Deixen de mentir», reclamou. «Co aumento do desenvolvemento militar, preténdese reforzar un aparato represivo e militar para defender os intereses das grandes corporacións transnacionais, das empresas de seguridade e de armamento e as políticas neoliberais para concentrar aínda máis a riqueza nos xa máis ricos e seguir despoando as clases populares dos seus dereitos e do dereito a unha vida digna e tamén aos pobos dos seus recursos naturais, dos bens comúns e do seu dereito ao desenvolvemento. Contra o desenvolvemento militar e as políticas represivas, contra a Unión Europea da Defensa, queremos máis educación pública, máis saúde pública para todas e para todos e en todo o mundo. Queremos que lle devolvan aos pobos o dereito a decidir, a traballar, a desenvólvense con base nos seus recursos e en harmonía coa conservación do medio», dixo. «Os nosos inimigos non chegan ao Mediterráneo, os nosos inimigos chegan na forma de políticas neoliberais que atentan contra a dignidade humana e a vida no planeta», concluíu a intervención escrita completa.

Condenamos a vulneración dos dereitos que sofren os presos e presas gravemente enfermos

Lidia Senra reuniuse en xaneiro de 2017 no Parlamento Europeo con membros da asociación Etxerat, e concretamente con familiares de presas e presos políticos vascos afectados por enfermidades graves. O colectivo acudiu á capital comunitaria para denunciar a vulneración de dereitos humanos e as medidas de excepción a que son sometidas as e os encarcerados en prisións dos Estados español e francés, que ademais de padecerem a política de dispersión penitenciaria pasan por todo tipo de atrancos á hora recibiren atención médica adecuada. A eurodeputada galega, membro do Grupo de Amizade co País Vasco no Parlamento Europeo, considera «fundamental que se respecten os dereitos humanos de todas as presas e presos, tanto no



Estado español como no francés, e que se poña fin ás políticas de excepción que padecen tanto eles como as súas familias». Senra aproveitou así mesmo para lembrar que tamén hai presos e presas de Galiza aos cales se lles aplica a dispersión penitenciaria e medidas de excepción e reclamou a súa fin. **[42]**

Posicionamento ante a elección de Tajani como novo presidente do Parlamento Europeo

Senra lamentou no inicio de 2017 a elección de Antonio Tajani como novo presidente do Parlamento Europeo, unha vitoria que veu a «reforza o neoliberalismo e escora aínda máis á dereita a Eurocámara». «Se no pasado criticamos a Grande Coalición que puxo ao fronte da Comisión Europea a Jean-Claude Juncker e como presidente do Parlamento a Martin Schulz, agora un pacto entre o Partido Popular Europeo (PPE) e Guy Verhofstadt, de ALDE, permite que un candidato do PPE sexa presidente da Eurocámara», explicou Senra. O proceso de elección para presidir o Parlamento Europeo supuxo, polo menos no ámbito da elección dos cargos, a ruptura da Gran Coalición entre o grupo dos Socialistas e Demócratas (S&D) e o PPE, unha ruptura que a galega chama a confirmar «mediante políticas realmente de esquerdas e un cambio nas posicións dos partidos socialistas da UE en temas como a austeridade, o pacto de estabilidade, a débeda, os acordos de libre comercio –incluíndo a súa posición na ratificación do CETA– ou as políticas agraria e pesqueira». «Agora máis que nunca precisamos un cambio radical das políticas neoliberais e instamos ao grupo dos S&D a avanzar na ruptura da Gran Coalición, comprometéndose a romper o apoio que dan á construción neoliberal da Unión Europea ou non facilitar gobernos da

dereita como no caso do goberno español» insistiu. Lidia Senra lamentou tamén que un eurodeputado inimigo da igualdade de xénero e coñecido polas súas declaracións sexistas e homófobas como é Antonio Tajani chegue á presidencia do Parlamento Europeo. Ademais, a eurodeputada galega denunciou que as novas normas da Eurocámara entorpecen a acción dos grupos pequenos e os dereitos da cidadanía e reclamoulle ao novo presidente do Parlamento Europeo que cumpra a súa promesa e incorpore o galego como idioma de uso na Eurocámara.

Nada que celebrar no sesenta aniversario da UE

A eurodeputada galega asegurou no pleno do Parlamento Europeo de metade de marzo de 2017, en Estrasburgo, que «desafortunadamente, non hai nada que celebrar» con motivo do 60 aniversario dos Tratados de Roma, que supuxeron o camiño cara á integración europea e a constitución da CEE. Senra tomou a palabra no debate sobre os sesenta anos da sinatura dos Tratados de Roma e atacou o feito de que as institucións comunitarias leven todos estes anos «consolidando as políticas neoliberais e de austeridade que provocan desemprego, retroceso de dereitos e chantaxe aos pobos». Chamou a colocar os cimentos dunha nova Europa dos pobos e a pór fin ás «nefastas políticas actuais» para que a cidadanía confíe na UE. Criticou que as institucións comunitarias non fagan nada para evitar que medre o desemprego, o retroceso de dereitos e a chantaxe do euro.

Posición sobre o desarmamento de ETA

A eurodeputada galega participou a finais de marzo de 2017 no Parlamento Europeo, en Bruxelas, nunha rolda de prensa do Grupo de Amizade co País Vasco, do cal é membro, para saudar o anuncio do desarmamento de ETA e solicitar aos gobernos español e francés que faciliten o éxito do proceso. No acto participaron, ademais de Senra, a eurodeputada Martina Anderson (Sinn Féin), Mark Demesmaeker (ECR) e Josep Maria Terricabras (ERC). O Grupo leu unha declaración na que solicitou unha reunión formal cos embaixadores dos Estados francés e español ante a UE e insistiu na necesidade de que os Gobernos español e francés non poñan obstáculos a este proceso como xa teñen feito con anterioridade. **[43]**



Lidia Senra desprázase a Irlanda e pídelle á UE que protexa o dereito do pobo irlandés a decidir o seu futuro no proceso do Brexit

Lidia Senra desprazouse a finais de marzo de 2017 a Irlanda para participar nunha iniciativa do Sinn Féinn en diversos puntos da illa co obxectivo de chamar a atención sobre os dereitos do pobo irlandés a decidir o seu futuro e ver garantidos os dereitos que lles outorgan os Acordos de Venres Santo no contexto da saída de Reino Unido da UE. Así, participou nunha reunión pública en Dundalk, cidade situada na fronteira entre Irlanda do Norte e a República de Irlanda e lugar escollido para reivindicar os dereitos dos irlandeses do norte e do sur no escenario post Brexit. E tamén viaxou até Belfast, para reunirse coa asociación West Belfast e cos membros da Asemblea de Irlanda do Norte. **[44/45]**

A Subdelegación do Goberno de Pontevedra actúa con irresponsabilidade, imparcialidade e dobre vara de medir

Amosamos toda a nosa solidariedade con Mar de Lumes–Comité de Solidariedade Internacionalista e Agabo–Asociación Galego–Bolivariana Hugo Chávez, que se viron obrigadas a suspender a charla coloquio sobre a situación actual de Venezuela que organizaran para finais de maio de 2017 no Museo Manuel Torres de Marín (Pontevedra), na cal ían participar a Cónsul Xeral do Goberno Bolivariano en Vigo, Mónica Sánchez Morles, e o escritor e ministro do Goberno de Hugo Chávez, Farruco Sexto Novás. As organizacións convocadoras decidiron suspender o acto «ante a imposibilidade de garantir a integridade física e moral do público e das persoas convidadas», despois de teren recibido ameazas por parte de grupos de residentes venezolanos en Galiza e despois de que a Subdelegación do Goberno de Pontevedra autorizara unha concentración pública destes grupos no mesmo lugar e á mesma hora que a charla que estaba previamente convocada. Lidia Senra condenou «a irresponsabilidade, a imparcialidade e a dobre vara de medir da Subdelegación do Goberno de Pontevedra», lembrando que uns días antes a mesma Subdelegación prohibiu unha concentración veciñal pacífica que estaba previsto que tivese lugar na Estrada, coincidindo coa Festa do Salmón, para denunciar a contaminación do río Ulla por



culpa do mal funcionamento da EDAR. «Prohiben a concentración veciñal pacífica na Estrada, que non ía interferir para nada no desenvolvemento dos actos oficiais, nin ía ocasionar ningún dano nin a persoas nin a bens e, sen embargo, uns días despois autorizan, como é o caso do que está a suceder en Marín, unha concentración sobre Venezuela ás portas dun acto convocado con anterioridade sabendo que aquí efectivamente pode haber interferencias e serios problemas. Aínda así, esta permítana», valora a eurodeputada. «Entendemos que esta autorización é unha toma de posición clara para obstaculizar a convocatoria da charla e impedir que o público interesado poida coñecer e debater sobre o que está sucedendo realmente en Venezuela», condena a europarlamentaria.

#eutambémsomescárnioemaldizer : Senra acusa o Delegado do Goberno e a Policía de levar a cabo en Galiza prácticas propias de eras non democráticas

Lidia Senra acusou en xuño de 2017 o Delegado do Goberno en Galiza, Santiago Villanueva, e os corpos da Policía Nacional, de estaren a levar a cabo nas últimas semanas en Santiago prácticas propias de eras «non democráticas». «As imaxes e os vídeos da represión policial que houbo nas mobilizacións contra o desaloxo do Centro Social Okupado Escarnio e Maldizer en Compostela lembran a cargas doutras épocas, como as que había no Día da Patria Galega para impedir que as e os manifestantes entraran na zona vella de Compostela, ou as que se deron en loitas como a da Cota Empresarial, Baldaio, Larín,... Este tipo de ataques totalmente desproporcionados non se poden permitir. Todas as forzas democráticas debemos reaccionar», afirmou. Senra sumouse á campaña aberta nas redes sociais #eutambémsomescárnioemaldizer seriamente preocupada pola vulneración e retroceso de dereitos e liberdades a que estamos asistindo no noso país por parte das forzas neoliberais, que aproveitan a ocasión para «reprimir a sociedade activa e tentar criminalizar os movementos, intentando impor unha alarma social falsa como se non houbese un mañá».

[46]



Reclamamos a retirada das propostas do informe dos cinco presidentes e parar a militarización da UE

A eurodeputada galega Lidia Senra considerou durante o debate no pleno do Parlamento Europeo levado a cabo en Estrasburgo a mediados de xuño de 2017 sobre «Refundación dunha Europa baseada en valores, fundamentada en institucións democráticas eficaces e capaz de promover unha economía próspera nunha sociedade xusta e con cohesión», que as forzas neoliberais están a «xogar coas palabras» e asegurou que, efectivamente cómpre «refundar Europa», pero «vostedes non están por refundar nada». «Vostedes o que nos propoñen, un día si e outro tamén, é seguir afondando nesta UE neoliberal, insolidaria; que trae consigo as políticas de austeridade que destrúen os servizos públicos, aumentan o desemprego, pechan as explotacións labregas, empobrecen a precarizan as clases traballadoras e o conxunto das clases populares, aumentan a pobreza infantil que afecta no Estado español xa a 1 de cada 3 nenos e nenas e fomentan o desemprego e a precarización da mocidade, entre outras moitas catástrofes», considera a parlamentaria. Así, aclarou que refundar a UE baseada en valores e asentada en institucións democráticas significa «construír unha nova Europa

partindo de respectar o dereito a decidir dos pobos, de pór os dereitos humanos por diante dos intereses do libre mercado e do Capital e abandonar definitivamente a axenda neoliberal». Para que esta refundación sexa posíbel, Lidia Senra chamou a retirar «xa» as propostas contidas no chamado informe dos «Cinco Presidentes», un plan para o futuro da UE asinado en 2015 polo presidente da Comisión Europea, Jean-Claude Juncker, o presidente do Cumio do Euro, Donald Tusk, o presidente do Eurogrupo, Jeroen Dijsselbloem, o presidente do Banco Central Europeo, Mario Draghi, e o presidente do Parlamento Europeo, daquela Martin Schulz, que inclúe afondar na Unión Económica e Monetaria co fin de completala en 2025 como moi tarde; ou crear un sistema de autoridades da competitividade da zona euro, cuxas opinións deberán ser utilizadas polos interlocutores sociais durante as negociacións para fixar os salarios. «Parece que xa non lles abonda coas reformas laborais, que aínda precisan dunha autoridade da competitividade que controle ou limite en aras da competitividade o nivel dos salarios, como fan na actualidade cos prezos agrícolas», criticou a deputada. A europarlamentaria tamén engadiu que «deben pór fin ademais ao proxectos de Unión da Defensa en que van utilizar miles e miles de millóns de euros dos orzamentos, tanto da UE como dos Estados membros, para avanzar na construción dun aparato militar para seguir a impor pola forza os intereses desta Unión neoliberal e en detrimento das políticas de emprego, das políticas sociais e do mantemento dos servizos públicos».

Informamos a CE da agresión que sufriu un preso galego por parte dun funcionario do cárcere de León

A eurodeputada galega presentou a finais de xuño de 2017 un documento escrito dirixido á CE, no cal lle informa da agresión que sufriu un preso galego interno no cárcere de Mansilla de las Mulas (León) por parte dun funcionario dese centro. Senra faise eco da denuncia xudicial que o propio afectado e o seu avogado cursaron e insta ao ente comunitario a tomar medidas, tendo en conta que a CE mostra continuamente de palabra o seu compromiso coa salvagarda dos dereitos humanos e que o artigo 4 da Carta dos Dereitos Fundamentais da UE recolle que «ninguén poderá ser sometido a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes». O 25 de abril de 2017, Adrián Mosquera Pazos, galego preso no

cárcere de Mansilla de las Mulas (León), denunciou xudicialmente ter sido agredido por un funcionario cando estaba a facer ioga. A agresión provocoulle, segundo o parte de asistencia médica emitido polo doutor da Enfermaría do centro penitenciario, «contusións na cabeza e pote con hematomas na fronte». O preso asegura tamén que está a padecer unha «persecución absurda» na prisión, xa que ademais de ter as comunicacións intervidas, e da dispersión que lle aplican, sanciónaselle de forma arbitraria e négaselle o seu dereito a visitas médicas extrapenitenciarias. Tendo en conta que, segundo resposta a unha pregunta anterior, a Comisión facilitou en 2016 unha subvención ao Consello de Europa para formar unha rede europea de organismos de supervisión penitenciaria independentes, Lidia Senra preguntalle á CE se non entende que debería abordar coas autoridades españolas a necesidade de adoptar medidas que garantan que non se volven vulnerar os dereitos desta persoa nin de ningunha outra. «Prevé pór este caso en coñecemento desa rede europea para instar ao Estado español a abandonar estas prácticas nas prisións?», insiste Senra. Esta non é a primeira vez que Senra denuncia vulneración de dereitos humanos nas prisións do Estado español. En efecto, en 2016 Senra denunciou en diferentes ocasións a dispersión penitenciaria que se aplica no Estado, así como o réxime FIES e outros casos de agresións a presos. Senra tamén solicitou o ano pasado poder visitar o cárcere de Teixeiro, ante as continuas denuncias efectuadas por Esculca e por presos e presas desta cadea, mais non recibiu contestación algunha. O mesmo aconteceu cunha petición cursada antes do verán de 2017, para poder visitar varios presos políticos galegos no cárcere de León e de Villabona, en Asturias.

«A Xunta está a promover o retroceso da normalización do galego, levándonos a niveis preautonómicos»

«É un claro retroceso no proceso de normalización do noso idioma, que nos leva a niveis preautonómicos». Así cualificaba Lída Senra en setembro de 2016 o novo Decreto polo que se regula a atención á cidadanía no sector público autonómico de Galiza, aprobado na reunión semanal do Consello da Xunta. A eurodeputada instou ao presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, a dar marcha atrás neste tipo de políticas que van «contra os dereitos do pobo galego e mesmo contra as leis que o mesmo PP aprobou no seu día», en relación ao Estatuto de Autonomía de 1981, á Lei de Normalización Lingüística de 1983 e á Lei do Uso do galego como lingua oficial polas entidades locais de 1988. «Estas tres leis, aprobadas no seu día tamén cos votos do PP a favor, e co apoio unánime de todos os grupos, recoñecen o galego como lingua propia de Galiza. Sen embargo, en pleno ano 2016, Núñez Feijóo vén de aprobar que as administracións públicas poidan contestar en castelán, un feito de semellante indecencia que fai que a dereita non cumpra nin as súas propias leis», denunciou a eurodeputada. Ademais, Senra advertíalle ao líder do PPdeG que, de non recuar, o Consello de Europa, igual que xa fixo a principios deste ano no seu informe, volverá tirarlle das orellas á Xunta por non estar a cumprir coa Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias.

Lída Senra acolle positivamente o Protocolo de Garantía dos Dereitos Lingüísticos e reclama na UE medidas para recuperar e normalizar o galego

Lída Senra reclamou en decembro de 2016 no pleno do Parlamento Europeo a posta en marcha de políticas lingüísticas que permitan a recuperación e a normalización do idioma galego. Durante a quenda na Eurocámara de intervencións libres dun minuto sobre asuntos políticos importantes, Senra tomou a palabra para saudar o chamado Protocolo de Donostia, Protocolo para a Garantía dos Dereitos Lingüísticos, e defendeu que as nacións sen Estado, como é o caso de Galiza, «precisamos de instrumentos para que os nosos Gobernos cumpran os compromisos e tamén os acordos internacionais para garantir os dereitos lingüísticos». A europarlamentaria galega referiuse aos dereitos lingüísticos como dereitos humanos tamén, e denunciou que son os propios gobernos de Galiza e do Estado español os que están a «atacar a nosa lingua». Neste sentido, Lída Senra criticou a aprobación por parte da Xunta de «decretos como o que reduce a presenza do galego no ensino e prohíbe expresamente que se impartan en galego materias como as Matemáticas, a Tecnoloxía ou Física e Química». A maiores, dixo, «a nova Lei de Educación do Estado español agrava aínda máis esta situación». Por iso, acusou ambas as institucións de estaren a «vulnerar claramente, entre outros, o estipulado no artigo 8 de Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias». «É preciso actuar, e xa, para garantir os dereitos lingüísticos. Queremos o recoñecemento da nosa lingua e poder expresarnos nela tamén neste Parlamento», exclamou Lída Senra, que tamén demandou «compromisos para incrementar os orzamentos das políticas lingüísticas así como o apoio á produción cultural na nosa lingua, á súa produción e á súa distribución». «Son necesarias políticas lingüísticas que garantan a recuperación e normalización do galego en todos os ámbitos», concluíu. Segundo os datos do censo de poboación e vivendas do Instituto Nacional de Estatística (INE), debullados polo Instituto Galego de Estatística (IGE), as persoas que din falar sempre en galego caeron 13 puntos e xa non son maioría. No anterior estudo, o 57% da poboación tiña o galego como lingua de uso cotián e o 39% sinalaba que o empregaba ás veces e o 13% nunca. Unha década despois, os e as falantes habituais de galego pasan de achegarse ao 60% a non acadar nin o 45%.

Senra reclama en galego no Parlamento Europeo o cumprimento da Carta Europea das Linguas

A eurodeputada galega tomou a palabra a mediados de xuño de 2017 no pleno do Parlamento Europeo, facendo uso da lingua propia e coincidindo co 25 aniversario da adopción da Carta Europea das Linguas Rexionais, Minoritarias ou Minorizadas, para denunciar que pasado un cuarto de século nin a propia UE, nin o Goberno do Estado nin o galego están a garantir os dereitos lingüísticos que se recollen no citado documento. A parlamentaria denunciou en galego «a vulneración sistemática da Carta Europea por parte das autoridades de Galiza e do Estado español» e reclamou a necesidade de que as autoridades competentes, facendo especial fincapé no Goberno da Xunta, derroguen todas as actuacións contra a lingua galega postas en marcha nos últimos anos, entre elas o Decreto do ensino. «A Xunta e o Estado veñen levando a cabo prácticas que supoñen un desprezo intolerábel á nosa lingua así como a vulneración dos nosos dereitos lingüísticos por parte de quen ten a obriga de protexela e pór os medios para garantir a plena normalización do galego e o seu uso en todos os ámbitos», dixo Lída Senra. «Esiximos ao Estado e ás autoridades galegas que respecten e apliquen a Carta Europea das Linguas e instamos ao Parlamento Europeo e ao seu presidente Antonio Tajani a que garanta o pleno recoñecemento da lingua galega nesta Cámara e os dereitos lingüísticos das galegas e dos galegos», engadiu. A día de hoxe, o Parlamento Europeo segue sen posibilitar que as eurodeputadas e eurodeputados de nacións sen Estado con lingua propia, ou de lugares con lingua minoritaria, poidan expresarse no seu idioma con normalidade, xa que non se permite que os servizos de interpretación da Cámara realicen as traducións necesarias para que o resto de membros poidan entender o que se está a falar. A iniciativa conxunta de denuncia de onte pola noite na Eurocámara foi secundada por deputados e deputadas de diferentes nacións e supuxo que por primeira vez no que vai de lexislatura se escoitaran intervencións no pleno tamén en vasco e en catalán, por exemplo.

Esiximos á CE que aplique con urxencia unha política seria e coherente en materia de igualdade

O Parlamento Europeo aprobou en febreiro de 2016 unha resolución criticando a falta de compromiso da CE no desenvolvemento de políticas de Igualdade. Diante do desleixo da Comisión nesta materia, Lída Senra, coasistente da resolución aprobada–, reivindicou que unha política «seria e coherente» en materia de igualdade non pode demorar máis. «Mentres estamos permanentemente falando– recriminou–, non só non estamos revisando para nada o nesgo machista con que se están a aplicar as políticas actualmente, se non que nin sequera se están desenvolvendo as propias estratexias acordadas».

8 de marzo de 2016, desde o Parlamento Europeo contra o machismo

Como cada 8 de marzo –e cada 25 de novembro–, as institucións públicas aproveitan esta data para despregaren todo un alarde discursivo en aras da igualdade de homes e mulleres que, desgraciadamente, para pouco máis serve que para significar un indignante contraste coa leve proactividade que mostran durante todo o ano para avanzar na igualdade que tanto se xactan en defender nestes días sinalados. O Parlamento Europeo non ía ser menos. Ao fio da conmemoración do Día Internacional das Mulleres de 2016 debateuse –a última hora da noite, iso si, e co hemiciclo case baleiro– un Relatorio sobre a integración da perspectiva de xénero nas actividades do Parlamento Europeo. Ademais, a CE interveu na Eurocámara durante a sesión plenaria en Estrasburgo para dar conta da situación socioeconómica das mulleres en Europa e, a seguir, e malia que a UE ten forzas militares da OTAN no Mediterráneo e asinou un acordo con Turquía para que impida que poboación que foxe das guerras alcance territorio comunitario,

procederon sen complexos ao debate dun informe sobre a situación das mulleres refuxiadas e solicitantes de asilo na UE. «A grave situación de desigualdade imposta sobre as mulleres non se reverte limitándonos a facer debates o 8 de marzo e o 25 de novembro», criticou Lidia Senra, que sinalou que cómpre facer unha avaliación fonda por Estados para pór fin ás eivas en igualdade e loita contra o machismo. Así, instou á CE a incentivar unha análise comunitaria que permita mellorar a aplicación de políticas de promoción e defensa das mulleres. Paridade nos órganos de decisión, rematar coas políticas de austeridade e desenvolvemento lexislativo, son alicerces fundamentais para acadar a igualdade.

Ourense acolleu unhas xornadas internacionais de formación para mulleres

A cidade de Ourense acolleu os días 18 e 19 de novembro de 2016 unhas xornadas internacionais de formación para mulleres, organizadas por Lidia Senra, que reuniron máis dunha ducia de relatoras e moderadoras para debater sobre «O feminismo, imprescindible para construír outra Europa», na antesala da conmemoración do 25 de novembro, Día Mundial para a Erradicación da Violencia contra as Mulleres. Para Senra, a día de hoxe «observamos como na esquerda queda aínda moito por facer para conseguir a igualdade real de dereitos entre os homes e as mulleres». «A miúdo vemos como en innumerábeis ocasións a representación partidaria é maioritariamente masculina e os cargos institucionais seguen a ser esmagadoramente homes», denunciou. De aí a necesidade de organizar eventos e xornadas deste tipo, en que as mulleres poidan debater e pór en común traballos e situacións, co obxectivo de «seguir fortalecendo a loita para un mañá sen patriarcado». Senra incidiu no escaso papel que seguen a ter as mulleres na esquerda que se está a construír e mostrou a súa preocupación polo nesgo machista con que actúan até compañeiros que din defender os dereitos e a presenza das mulleres. As xornadas foron gravadas e na canle de YouTube de Lidia Senra está dispoñíbel tanto un vídeo resumen como os vídeos coas intervencións de cada unha das relatoras do evento, no cal participaron con diferentes relatorios Alicia Puleo cunha intervención sobre ecofeminismo, Isabel Vilalba do SLG, representantes de Fiadeiras e da plataforma ProCAPD, a decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galiza, Rosa Álvarez, sobre os micromachismos, e Saleta de Salvador, cunha introdución aos feminismos.

[47 a 50]



Denunciamos ante a CE o peche do CIM de Ponte Caldelas

Lidia Senra denunciou no Parlamento Europeo en xaneiro de 2017 o peche por parte do Concello do Centro de Información á Muller (CIM) de Ponte Caldelas. A europarlamentaria rexistrou unha pregunta por escrito dirixida á CE, na cal informa o organismo comunitario sobre a decisión tomada a finais de decembro polo Concello de Ponte Caldelas, de pechar este servizo de titularidade municipal especializado en atención ás mulleres que leva dez anos funcionando e que se subvenciona, igual que os restantes 80 CIM que hai por toda Galiza, a través do Fondo Social Europeo (FSE). Lidia Senra considera que a decisión de pechar ese centro en Ponte Caldelas non é para nada «acertada» e denuncia que o Concello rebaixa así «o nivel de prioridade na loita contra a violencia machista e pola igualdade de xénero». «A violencia contra as mulleres é unha lacra social que require un combate diario e integral tanto de loita social como de servizos especializados», argumenta Lidia Senra, quen engade que «no caso galego, estes centros son máis próximos e normalmente os únicos no medio rural, xogando un papel fundamental na atención a vítimas de violencia machista, así como de promoción da igualdade de xénero». Finalmente, a xustiza ditaminou que o persoal despedido tivera que ser readmitido.

A loita contra a violencia machista ten que ser unha prioridade no Parlamento Europeo

Lidia Senra reclamou a principios de marzo de 2017 no pleno do Parlamento Europeo que se pase dunha vez por todas «das palabras aos feitos» e non se produza «ningunha agresión machista sen castigo». «Pido á Comisión Europea e ao Parlamento Europeo que convertan a loita contra a violencia machista nunha prioridade e que poñan todos os medios ao seu alcance, incluída unha Directiva Europea para rematar coa violencia machista e para garantir os dereitos das mulleres», reclamou. A eurodeputada galega tomou a palabra no punto da sesión plenaria en que se abordou a despenalización parcial da violencia doméstica en Rusia. Lidia Senra tachou de «moi mala nova para as mulleres rusas e para as mulleres de todo o mundo» a despenalización parcial da violencia machista en Rusia e asegurou que estamos «ante unha gran vitoria do patriarcado». «Non se pode permitir que os Parlamentos rebaixen


as leis para penalizar a violencia contra as mulleres e que abran o camiño para deixar impune a delincuencia machista, porque calquera tipo de agresión ás mulleres é un delito que atenta contra os dereitos humanos», dixo a europarlamentaria galega. «Ademais, estas agresións no fogar, aínda que non causen feridas físicas importantes, son un delito, atentan contra a autoestima, a saúde e os dereitos das mulleres, e a súa despenalización supón reforzar o pensamento machista de que as mulleres somos posesión dos homes», advertiu. Isto supón seguir alentando o machismo que asasina cada día.

A Eurocámara aproba un informe coimpulsado por Lidia Senra sobre a necesidade de mellorar as condicións das mulleres no rural

O 4 de abril de 2017 produciuse un fito bastante destacábel. E é que o pleno do Parlamento Europeo aprobou en Estrasburgo, con 523 votos a favor, 104 en contra e 58 abstencións, o informe de iniciativa propia das Comisións de Agricultura e Desenvolvemento Rural e Dereitos da Muller e Igualdade de Xénero «Sobre as mulleres e o seu papel nas zonas rurais», no cal a eurodeputada galega Lidia Senra exerceu durante os últimos meses de correlatora para a súa elaboración e defensa. O informe, que recolle a necesidade de que a Comisión Europea e os Estados membros poñan en marcha mecanismos que garantan a igualdade e o empoderamento das mulleres, contou co apoio maioritario do hemiciclo despois de que Senra denunciara no plenario que a pesar do avance das leis en materia de igualdade dos últimos anos, «falta moita lexislación e a que xa existe non se aplica totalmente ou aplícase con nesgo machista, o que segue a frear o avance do recoñecemento dos dereitos das mulleres». Así, chamou a mudar a realidade actual en que o sistema patriarcal «oprime, discrimina e invisibiliza» as mulleres. A deputada galega instou á UE a enfrontar os desafíos que se dan no ámbito profesional, da conciliación, dos servizos e da loita contra a violencia machista, tendo en conta que a diferenza salarial entre homes e mulleres persiste e que o desemprego afecta en maior medida as mulleres. Centrada nas labregas, Lidia Senra denunciou que as políticas de desregulamentación da produción e dos mercados impulsadas pola PAC «provocan a precarización e a perda de emprego nas explotacións agrarias». «A

falta de recoñecemento da titularidade compartida nas explotacións agrícolas familiares implica que apenas o 30% das agricultoras da UE sexan titulares dunha explotación», dixo. E engadiu: «Todas as outras mulleres que traballan en explotacións familiares son privadas dos dereitos de seren titulares, como por exemplo os ingresos económicos ou os dereitos decorrentes da PAC, e sofren moitas dificultades para acceder a axudas dentro das medidas de acción positiva para apoiar as mulleres traballadoras, como aconteceu nalgúns Estados». Concretamente, pasou no Estado español, coa axuda por fillas ou fillos menores de tres anos, que se puideron percibir, mais despois de meses de batalla e reclamacións na vía administrativa. Senra asegurou que a forma de distribuír as axudas da PAC favorece as grandes explotacións e prexudica as mulleres, xa que xeralmente son titulares de explotacións máis pequenas. De acordo coa enquisa de Eurostat, as mulleres traballan 8 hectáreas de media en comparación coas 20 dos homes; ou 8 unidades pecuarias, en comparación con 26 nas explotacións dos homes. A maiores, a parlamentaria galega fixo fincapé en que moitas labregas non son consideradas como tal por non contribuíren á Seguridade Social Agrícola e outras teñen moi poucos anos de contribución cando chegan á idade da xubilación. «Iso afonda na fenda das pensións e implica maiores niveis de pobreza nas mulleres», dixo. Por iso, considerou «esencial» que se atalle de raíz esta situación de discriminación e inseguridade para as mulleres, «se realmente queremos manter as explotacións agrícolas, que son a base económica fundamental para o desenvolvemento dun medio rural vivo». Neste sentido, no informe propónse a necesidade de que os Estados membros e a Comisión aposten pola titularidade compartida nas explotacións agrícolas familiares, elaborando leis para establecelas e facela efectiva onde xa existe. Tamén se recolle que se establezan mecanismos para garantir a participación das mulleres en todas as áreas de toma de decisións: institucións, sindicatos, cooperativas e nos procesos de negociación. Tras reclamar que se blinden no medio rural os servizos públicos e de calidade: o ensino, a saúde, os servizos sociais, o transporte ou o servizo de correos, entre outros, Lidia Senra concluíu a súa intervención no pleno reclamando tamén que se dote o medio rural dos instrumentos necesarios para garantir a prevención e erradicación da violencia machista e tamén os servizos de apoio para as mulleres afectadas pola violencia machista. Todas as eurodeputadas e eurodeputados que tomaron a palabra neste debate da sesión plenaria realizaron intervencións de

apoio ao texto coimpulsado pola parlamentaria galega e á necesidade de que desde a UE e desde os Estados membros se tomen as medidas pertinentes para mellorar as condicións de vida e laborais das mulleres no ámbito rural. **[51/52]**



Crianzas

Senra: «Unha institución dominada polos lobbies non respecta nin a saúde das nenas e nenos»

O Parlamento Europeo freou en xaneiro de 2016 un acto delegado orientado a minguar as esixencias nutritivas e de información de alimentos infantís provenientes de cereais. Senra mostrou a súa satisfacción por este feito, á vez que denunciou que o comisario europeo Miguel Arias Cañete (PP) defendera a proposta da CE de permitir até o 30% de azucres na comida infantil, obviando que a Organización Mundial da Saúde (OMS) recomenda reduci-lo ao mínimo. «É sabido que o lobby da agroindustria é un dos máis poderosos do mundo, sendo a CE unha das institucións máis marcadas pola súa influencia», considera a eurodeputada galega. «A inaceptábel postura de Cañete neste sentido é bastante coherente coa súa traxectoria, tendo en conta que é o político europeo que máis se reúne con lobbies e que até a organización Observatorio Europeo das Corporacións lle dedicou un informe resaltando os seus intereses na industria agrogandeira e enerxética», explica Lidia Senra.

O Estado español pode estar vulnerando as directivas da UE sobre nenos e nenas vítimas de violencia machista e abusos

O Estado español podería estar vulnerando a Directiva 2011/92/UE, relativa á loita contra os abusos sexuais e a explotación sexual dos menores e a pornografía infantil, e a Directiva 2012/29/UE, pola cal se establecen normas mínimas sobre os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos. Así o asegurou nos primeiros días de maio de 2017 na Comisión de Peticións do Parlamento Europeo a representante da CE que estivo a analizar a queixa formulada por un grupo de asociacións en 2015 a este respecto. A CE dálle a razón ás peticiónarias, asegurando que mentres a Directiva Europea impón aos Estados

membros a obriga de protexer aos menores vítimas nas investigacións e nos procesos penais, a normativa española establece simplemente «posibilidade», o que crea «unha fonte potencial de non conformidade». A CE tamén observa que «podería haber unha posíbel aplicación indebida do interese superior do neno ou nena como consideración primordial, incluída a suposta aplicación da Síndrome de Alienación Parental (SAP), a suposta falta de credibilidade da declaración do menor vítima e a suposta falta de asistencia psicolóxica ás menores vítimas sen o consentimento do pai e a nai». Neste sentido, e co obxectivo de clarificar a situación e tomar as medidas necesarias para corrixir estas posíbeis irregularidades, a CE iniciou un seguimento da situación no Estado español e comprometeuse a enviar unha carta ás autoridades para solicitar todo tipo de información ao respecto. Co obxectivo de exercer unha maior presión, tamén a Comisión de Peticións do Parlamento Europeo se comprometeu a enviar unha carta ás autoridades españolas amosando a súa preocupación. Estrella Gómez Viñas, coordinadora da Asociación Galega contra o Maltrato a Menores (AGAMME), que foi unha das persoas que asinaron esta petición en 2015, trasladouse a Bruxelas para defender verbalmente a queixa contra o Estado español na Comisión de Peticións. Gómez Viñas amosou a súa satisfacción pola resposta da CE. «Para nós, como entidades que traballamos con casos moi delicados, é moi importante poder avanzar neste sentido, atopar unha vía para que se poña sobre a mesa e se investigue o que está a pasar na xustiza española con estes casos. E fai falta certa celeridade porque son situacións moi complicadas as que atravesan nenos, nenas e as súas familias», reclamou. Na liña, a eurodeputada galega Lidia Senra, que estivo acompañando as peticiónarias durante todo o proceso desde que en 2015 presentaron a petición, tomou a palabra na Comisión de Peticións para instar á CE e ao Parlamento Europeo a ir mesmo máis alá e afondar en facer unha revisión

crítica de como se está a aplicar toda a normativa no Estado español en materia de igualdade, violencia e abuso sexual. **[53/54]**



Xornada no Parlamento Europeo sobre como lograr unha xustiza adaptada ás necesidades da infancia

O 6 de xuño de 2017 no Parlamento Europeo en Bruxelas organizamos a xornada de traballo «Unha xustiza adaptada á infancia: A consideración da voz das vítimas menores de idade». Promovida por Lidia Senra, dentro do GUE/NGL, o evento reuniu varias persoas que contribuíron con información e debate sobre o necesario coidado dos nenos e nenas nos procedementos xudiciais e de accións específicas para evitar a súa dupla vitimización ou vitimización secundaria. Nese sentido, partiuse de datos preocupantes como que só o 2% do abuso intrafamiliar a menores e o 6% do extrafamiliar é denunciado, e que nos casos que chegan a procesos xudiciais non se salvagardan todo o que se debería os dereitos dos nenos e nenas nin se lles dá unha atención axeitada. «Apoiamos que prevaleza a crenza no testemuño dos nenos e nenas nos



procesos xudiciais, que se respecte o seu dereito a ser debidamente escoitados e informados e que se aposte pola formación dos profesionais da xustiza para evitar, entre outros problemas, que se poidan usar nas probas periciais enfermidades científicamente cuestionadas, como a Síndrome de Alienación Parental (SAP) ou que se lle impoñan ao menor medidas coercitivas e contra a súa vontade que provocan unha dupla vitimización», sinalou a eurodeputada durante o encontro, no que participaron Víctor Manuel López Casal, avogado e vogal da área xurídica de AGAMME, Sonia Vaccaro, psicóloga clínica e forense e vicepresidenta de Ficht4 Child, Graciela Dora Jofré, xuíza de paz letrada de Villa Gesell, en Buenos Aires, e María Elena Elverdin, presidenta da Federación Internacional de Mulleres de Carreiras Xurídicas. Todos eles denunciaron a invisibilización dos abusos sexuais dentro da familia, o tratamento pouco axeitado que reciben os cativos e cativas ante unha xustiza penal e civil que os atende, na práctica, como «adultos en miniatura» ou «incapaces», que non adapta a súa linguaxe á recollida de testemuños infantís e aos seus tempos ou que incide no risco de «denuncias falsas» malia que estas son «anecdóticas». **[55/56]**

Saúde

Campaña permanente pola prohibición do glifosato

Lidia Senra coasinou en xaneiro de 2016 unha carta dirixida ao Comisario de Saúde e Seguridade Alimentaria, Vytenis Andriukaitis, subscrita por máis de cincuenta eurodeputadas/os, na cal expresaban a súa fonda preocupación pola avaliación realizada pola Autoridade Europea para a Seguridade dos Alimentos (EFSA) en que minimizaba o grao de cancerosidade do glifosato –compoñente empregado como herbicida, presente na marca comercial *Roundup*, o herbicida máis comercializado do mundo, propiedade da polémica transnacional da alimentación transxénica Monsanto–. Asemade, as deputadas/os lamentaron neste escrito a falta de transparencia da EFSA e sobre todo instaban a absterse de prorrogar a autorización do emprego do glifosato en territorio europeo, unha decisión sobre a que deberían posicionarse a Comisión e os Estados en 2016. «O lobby protransxénicos pretende influenciar na ampliación da autorización do glifosato na UE», denunciou a eurodeputada galega xa daquela. Ao longo do ano, foron moitas as ocasións nas cales a europarlamentaria chamou a dar a batalla contra o glifosato con unidade e contundencia. Así por exemplo, en maio do mesmo ano, Senra deu unha rolda de prensa en Compostela en que instaba ao Estado español para que votase en contra da proposta da UE de reautorizar o glifosato en todos os Estados membros até 2025. A eurodeputada tamén daba conta de que se sometera a unha análise de urina con 47 eurodeputados e eurodeputadas máis e foi a que deu o nivel máis alto de glifosato, un principio activo cualificado pola Organización Mundial da Saúde (OMS) como «probabelmente canceríxeno». «A UE non pode seguir sendo insensíbel á dor, o sufrimento e a morte que pode provocar o glifosato, por iso debe tomar a decisión de prohibir este herbicida xa», reclamaba de novo Senra en xuño, despois de que por cuarta vez consecutiva nas últimas semanas, a CE non lograra reunir a maioría necesaria de apoios dos Estados membros para aprobar a prórroga de permiso de uso deste herbicida, cuxa autorización



vixente expiraba o 30 de xuño. Ante a falta de consenso –só 19 países mantiñan unha posición favorábel á prórroga do glifosato–, convocouse unha nova reunión para decidir as pautas a seguir. A deputada galega criticou duramente que a pesar da falta de consenso, a Comisión Europea, en lugar de retirar a súa proposta e prohibir directamente esta substancia continúe a defender unha moratoria que posibilita seguir utilizando glifosato «á custa da saúde das persoas». «A proposta defendida pola Comisión de conceder unha moratoria é unha manobra máis para dar tempo aos grupos de presión para seguir fabricando dúbidas e permitir que calle información favorábel aos intereses das multinacionais do herbicida como se fose información científica. Ademais, é unha forma de violar o principio de precaución, cousa por outra parte bastante habitual na Comisión Europea e tamén nos grandes grupos presentes no Parlamento Europeo como son o Partido Popular Europeo ou os Socialistas&Demócratas, que salvo excepcións a nivel individual teñen apoiado no Parlamento Europeo a renovación da autorización do glifosato», denunciou. **[57]**

Reclamamos que a CE non converta o Zika nun novo negocio da grande industria farmacéutica

A eurodeputada galega criticou nunha intervención no pleno do Parlamento Europeo que se estea «responsabilizando as mulleres, dicíndolles que non queden embarazadas a modo de instrucións para frear o virus do Zika». Antes de «lanzarse a vender un tratamento ou unha vacina», proseguíu, «hai que ter ben claro cales son as consecuencias reais do Zika para saber o que hai que atacar», xa que, por exemplo segundo recolle o *Informe de Médicos de Pueblos Fumigados sobre Dengue-Zika, microcefalia*

y fumigaciones masivas con venenos químicos «non está en absoluto probado que o Zika provoque microcefalia», e actuar de xeito precipitado pode constituír «outra alarma xerada máis ben pensando no negocio farmacéutico que na saúde, como se ten denunciado xa coa Gripe A ou co virus do Papiloma Humano».

Denunciamos a discriminación na atención sanitaria que sofren as mulleres da área de Vigo

A través da visita realizada pola plataforma SOS Sanidade Pública ao Parlamento Europeo en 2016, soubemos que desde comezos da década dos 90, 139.00 persoas habitantes da área sanitaria de Vigo foron asignadas sen consulta previa ao hospital privado Povisa S.A., ficando limitadas a unha atención deficitaria en comparación co resto de habitantes que integran esta área. Esta situación implica unha gravísima discriminación na atención sanitaria para máis de 73.000 mulleres que, ao estaren asignadas a un hospital privado e de menos servizos como é Povisa, non teñen acceso á Unidade Multidisciplinaria implantada no Hospital Universitario de Vigo (Meixoeiro), como si teñen as demais mulleres desta área, saltándose totalmente o dato que sinala que detectados precozmente, os cancros de mama son superados no 90% dos casos. Lidia Senra rexistrou unha pregunta dirixida á CE denunciando o incumprimento das recomendacións da UE neste ámbito.

Instamos á UE a acabar co vergoñento negocio das patentes na medicación contra a SIDA

Anualmente 36,7 millóns de persoas vense afectadas por esta grave doenza. Lonxe de remitir, no ano 2015 contaxiáronse 2,1 millóns máis. No pleno do Parlamento Europeo de principios de xuño de 2016, debateuse sobre a información trasladada pola CE ao respecto da Reunión de Alto Nivel que a Asemblea Nacional de Nacións Unidas ía desenvolver ese mes co obxectivo de avanzar na erradicación da SIDA. Lidia Senra tomou a palabra no hemiciclo de Estrasburgo para reclamar que se «redobren os esforzos» para pór fin a esta epidemia e rematar coa discriminación e o estigma social que sofren as persoas enfermas á custa da ignorancia

e do descoñecemento desta doenza. Chamou a eliminar as leis que existen nalgúns países e que criminalizan as persoas portadoras do virus e tachou de imprescindíbel garantir servizos públicos de saúde e de saúde sexual e reprodutiva para todas as persoas, así como aumentar as medidas no ámbito da prevención e asegurar o acceso universal aos medicamentos pondo fin ao monopolio da industria farmacéutica e ao vergoñento negocio das patentes.

Senra insta ao Estado español a oporse a que a poboación europea siga exposta a contaminantes hormonais

A eurodeputada galega instou en xuño de 2016 ao Goberno do Estado español para que se opoña firmemente á intención da CE de deixar sen regular no mercado europeo substancias que son consideradas contaminantes hormonais. Nunha comparecencia, o comisario de Saúde e Seguridade Alimentaria da CE, Vytenis Andriukaitis, expuxo os criterios de definición dos disruptores endócrinos EDC que defenderá a institución europea e que supoñen, a xuízo de Lidia Senra, «acabar co principio de precaución, en liña coas esixencias de Estados Unidos e do Tratado Transatlántico de Comercio e Investimentos (TTIP)». Propoñen que «só se regule a súa prohibición cando exista unha elevada evidencia de danos nos seres humanos tras a súa exposición», denunciou Lidia Senra, o cal é «moi grave» porque supón que a CE pretende «unha vez máis protexer o negocio do complexo agro-químico-farmacéutico á custa de vulnerar un dereito humano fundamental como é a saúde». A posición mantida por Lidia Senra é, ademais, tamén defendida desde todo o GUE/NGL.



E Vigo converteuse en cita internacional de denuncia da privatización sanitaria

A cidade de Vigo converteuse os días 28 e 29 de outubro en lugar de acollida dunha cita de carácter internacional para o debate sobre a situación de privatización do actual sistema sanitario galego, estatal e europeo. En colaboración coa AGDSP (Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública) e a Xunta de Persoal da Área Sanitaria de Vigo, organizamos unhas xornadas de información e debate baixo o título «A privatización da sanidade na Unión Europea». Nelas participaron como relatoras unha vintena de persoas profesionais do sector sanitario, para analizar a Colaboración Público-Privada (CPP), pór sobre a mesa casos doutros lugares do Estado en que foi posíbel mudar esta situación e devolver ao sistema público centros sanitarios privatizados, afondar nas carencias e mal funcionamento de hospitais CPP e realizar propostas de futuro entre os colectivos afectados. Na inauguración das xornadas, Senra defendeu a sanidade como dereito recollido na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e atacou as institucións públicas porque, ao seu entender «deberían ser as garantes destes dereitos e desafortunadamente están optando pola vía das políticas neoliberais e de favorecer só unhas poucas persoas, malia ser conscientes de que con estas decisións vulneran lexislación nacional, estatal e internacional». Ante esta situación, denunciou que a privatización sanitaria se estea a dar «de forma silenciosa, case invisíbel», a pesar de que cada vez a cidadanía sexamos máis conscientes tanto a nivel individual como colectivo de que «cada vez nos maltratan máis» e cualificou o hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo como un «exemplo» da preocupante situación de deterioro da sanidade. As xornadas remataron lanzando o «Manifesto pola recuperación dos centros sanitarios privatizados», que recolle seis puntos reivindicativos coa pretensión da adhesión de todas as forzas políticas e sociais que loitan na defensa dos servizos públicos. No YouTube de Lidia Senra está dispoñíbel un vídeo resumo con todas as intervencións das xornadas. **[58 a 62]**

Lidia Senra reclama na CE a adscrición das Ensinanzas Artísticas Superiores ao Sistema Universitario

A principios de abril Lidia Senra rexistrou en Bruxelas un escrito dirixido á CE denunciando que as Ensinanzas Artísticas Superiores permanecen en Galiza e no conxunto do Estado español sen integrarse no Sistema Universitario. A eurodeputada galega recollía así o sentir de estudantado, profesorado e profesionais da cultura en defensa de homologar as titulacións. Instou á Comisión a tomar medidas para que o Estado español deixe de ser unha excepción entre os países da UE.

Avogamos por que todo o traballo ten que ser declarado e garantindo dereitos sociais, laborais e salarios dignos

A principios de febreiro de 2016 debateuse no pleno do Parlamento Europeo en Estrasburgo a proposta de resolución relativa á creación dunha plataforma europea para reforzar a cooperación en materia de prevención e desincentivación do traballo non declarado nos Estados membros. Nós reivindicamos establecer un salario mínimo europeo e a renda básica para garantir os dereitos laborais, sociais e humanos. «Concordamos en que o traballo debe ser todo declarado e con dereitos, mais a loita contra o traballo non declarado non debe penalizar as traballadoras e traballadores atrapados nel, unha situación que afecta ademais de xeito moi relevante as mulleres e persoas migrantes», sinalou Senra.

Sumámonos á Iniciativa Cidadá Europea por unhas condicións laborais xustas no sector do transporte

Lidia Senra sumouse á Iniciativa Cidadá Europea (ICE) impulsada pola Federación Europea de Traballadores e Traballadoras do Transporte (ETF) por un transporte xusto en Europa e pola igualdade de trato para todas as persoas que traballan neste sector. A eurodeputada estivo a finais de xuño de 2016 participando en Ámsterdam nas Xornadas de Estudo organizadas polo GUE/NGL, e alí tivo a oportunidade de coñecer de primeira man a campaña que se desenvolveu en toda Europa para recoller o mínimo esixido de 1 millón de sinaturas de polo menos sete Estados diferentes para poder entregarllas á CE e levar adiante unha proposta legislativa cidadá no Parlamento Europeo que acabe coa competencia desleal e o dúmping ao cal se están vendo sometidas persoas que traballan no sector transportista. **[63]**



«O Goberno de Núñez Feijóo non é un bo exemplo fronte ao desafío demográfico»

«É indignante que o señor conselleiro de Política Social da Xunta de Galicia, o señor José Manuel Rey Varela, veña ao Parlamento Europeo dar exemplo de políticas demográficas cando nin el nin todo o goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo foron nin son ningún exemplo de posta en marcha de políticas para que a xente poida vivir en Galiza, todo o contrario». Así reaccionaba Lidia Senra ante o anuncio da conferencia que a principios de setembro de 2016 ía ofrecer o conselleiro da Xunta de Galicia no edificio da Eurocámara en Bruxelas, dentro dunhas xornadas organizadas polo Servizo de Estudos do Parlamento Europeo sobre a política de cohesión baixo o título «Como poden as rexións da UE afrontar o desafío demográfico?». Lidia Senra definiu o goberno da Xunta presidido por Alberto Núñez Feijóo como o goberno «exemplo de aplicación de políticas de destrución do emprego e da destrución dos sectores produtivos» e tachou de «insultante» que o conselleiro do PPdeG veña ao Parlamento Europeo falar de desafío demográfico sen ter en conta as terribes consecuencias das políticas da dereita galega no país, que entre outras situacións levan a unha emigración masiva da mocidade. «É un insulto á intelixencia das galegas e galegos que un representante da actual Xunta de Galicia fale no Parlamento Europeo como exemplo ante o desafío demográfico», dixo.

Intervención no pleno a favor de mellorar a competitividade das pemes

Lidia Senra tomou a palabra no pleno do Parlamento Europeo de setembro de 2016, en Estrasburgo, para explicar a súa posición ao respecto do debate e votación sobre a aplicación do obxectivo temático «Mellora da competitividade das pemes» (Pequenas e Medianas Empresas). Avaliou como positivo que o citado relatorio abordado sinala a austeridade como unha das causas do enfraquecemento das pemes e insistiu na necesidade de facilitar o acceso destas empresas aos Fondos Estruturais e de Inversión da UE. Advertiu tamén de que a Unión de Mercado de Capitais, lonxe de ser solución para as pequenas e medianas empresas, provocará novas dificultades.

Reclamamos a intervención da UE para pór fin aos ERE dos Bancos Popular e Pastor e de Isolux Corsán

A europarlamentaria galega tomou a palabra no pleno do Parlamento Europeo de finais de outubro de 2016 para denunciar os abusos empresariais amparados polas reformas laborais. Así, reclamou que se leven a cabo canto antes medidas para rematar coa destrución de emprego en empresas como o Banco Pastor, o Banco Popular e Isolux Corsán, que pretendían levar a cabo procesos de regulación de emprego que implicarían deixar na rúa 500 homes e mulleres en Galiza e 3.400 en todo o Estado español. Lidia Senra, uns días antes falara coas persoas afectadas por estes ERE durante as protestas que mantiveron en Santiago, diante do edificio do Parlamento Galego, coincidindo co inicio da X Lexislatura autonómica, e decidiu solicitar no pleno da Eurocámara o minuto de intervención libre para pór de manifesto esta dramática situación laboral. «Reclamámoslle á CE e a este Parlamento que interveñan para pór fin a estes abusos das empresas, amparadas polas reformas laborais, e para que poñan en práctica medidas para acabar con estas situacións totalmente inxustificadas que destrúen emprego, aumentan o risco de pobreza e exclusión social, hoxe situada no 28,6%, e aumentan a precariedade laboral cando no Estado español xa un de cada cinco traballadores e traballadoras cobran menos de 300 euros», dixo.



O Goberno estatal pretendía usar a sentenza europea da estiba para precarizar os traballadores e traballadoras

Senra visitou nos primeiros días de marzo de 2017 o porto de Marín (Pontevedra), onde se reuniu, xunto coa deputada de En Marea no Congreso do Estado Alexandra Fernández, e os concelleiros Aarón Franco e José Manuel González, co representante sindical Eugenio Garrido e varios estibadores desta zona. Senra manifestou todo o seu apoio á loita que levaron a cabo os traballadores e traballadoras da estiba e quixo ante todo «deixar moi claro, alto e rotundo que non estamos falando dunha cuestión de privilexios laborais». «Xa está ben de que por parte do Goberno estatal se queiran atacar os dereitos que levan conseguido os traballadores e traballadoras coa súa organización e loita durante moitos anos, acusándoos de seren privilexiados», dixo. Desde o seu traballo no Parlamento Europeo, Senra tentou que este conflito tivese a maior presenza posíbel e, neste sentido, a eurodeputada galega participou en varias reunións en Bruxelas con representantes de traballadores e traballadoras da estiba de diferentes países. Como resultado, un grupo de eurodeputados e eurodeputadas do Estado español rexistraron unha pregunta por escrito dirixida á Comisión Europea, para que a comisaria de Transportes da UE, Violeta Bulc, se pronunciase sobre a compatibilidade entre o recente Real Decreto Lei 4/2017, polo cal se modifica o réxime dos estibadores, e a sentenza C-576/13 do Tribunal de Xustiza da Unión Europea. «A sentenza europea pódese cumprir sen atacar os dereitos dos traballadores e traballadoras como pretende o Goberno do Estado español», defendeu. A europarlamentaria afirmou que «o dereito á negociación colectiva está recollido na Carta de

Dereitos Fundamentais da UE e nós entendemos que o Real Decreto do Goberno español vulnera este dereito», por iso «seguiremos apoiando esta loita e arroupando con todo o que estea nas nosas mans aos estibadores e estibadoras», dixo, en defensa dun sector que actualmente emprega máis de 6.500 persoas en todo o Estado español. **[64]**

Apoio á loita dos traballadores do servizo contra os lumes forestais que só están contratados 3 meses ao ano

En maio de 2017, Senra denunciou ante a CE a «insuficiente e ineficaz» política de prevención de incendios forestais en Galiza. Nunha rolda de prensa en Compostela xunto a José Ángel García López, presidente da Asociación de Traballadores de Incendios Forestais de Galicia (ATRIFOGA) e enxeñeiro forestal helitransportado; Sonia Lino García, emisorista; e David Faria Juncal, condutor de motobomba, a eurodeputada deu conta de dous escritos que elaborou de cara a informar ao ente comunitario da situación alarmante que se vive en Galiza, onde o número de hectáreas que arden cada ano é máis que preocupante. Puxo en relación isto coa situación en que se encontra o colectivo de 436 traballadores e traballadoras interinos descontinuos que a Xunta de Galiza contrata só tres meses ao ano (xullo, agosto e setembro) para formar parte do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais (SPDIF). Instou á Comisión Europea a pronunciarse sobre este asunto e defendeu que o «lóxico» sería que este persoal estivese contratado todo o ano, formando parte dos corpos de emerxencia. **[65]**

Senra leva á CE o conflito laboral do persoal do servizo 112 e o funcionamento non óptimo da nova plataforma

A eurodeputada galega recibiu a finais de maio de 2017 dous representantes do Comité de Folga do Servizo de Atención a Emerxencias de Galiza, que naquela altura levaban máis dun mes secundando un paro de protesta polas consecuencias do traslado da súa sede, de Santiago de Compostela á Estrada. Froito daquela intercambio de información e opinións, Senra rexistrou dúas denuncias ante a CE referidas a unha posíbel vulneración do dereito á folga dos traballadores e traballadoras e tamén sobre as deficiencias da nova plataforma informática que se puxo a funcionar tras o traslado no 112 e que non permite atender con nivel óptimo as chamadas e avisos tal e como require un servizo de tal importancia. **[66]**

Un paso máis no conflito da estiba: Pedimos a derogación do Decreto 8/2017 por vulnerar os intereses xerais e o mandato da OIT

Seguindo ben de preto o conflito da estiba, a finais de maio de 2017 Lidia Senra rexistrou novas preguntas dirixidas á CE denunciando a situación. A eurodeputada defendeu que o Estado español debía derrogar o Real Decreto 8/2017 polo que se modifica o réxime dos traballadores/as para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías. Senra considera que «o Estado español, neste caso, non defende os intereses xerais forzado pola CE, como argumenta, senón que defende unha posición de prexudica tanto as traballadoras e traballadores da estiba portuaria como as empresas estibadoras e consignatarias xa establecidas nos portos do Estado español, algunhas delas desde hai moito lustros». A europarlamentaria chamou a seguir os tratados da Organización Internacional do Traballo (OIT) e denunciou que detrás de toda esta manobra «está a intención de multinacionais americanas, rusas e chinesas de facerse cos portos do Estado español, o que non só desmontaría o réxime laboral dos estibadores e estibadoras, senón tamén o empresarial das consignatarias actuais, que desaparecerían». **[67]**



Pedro Campos Calvo Sotelo. Se non se para a desfeita, esta zona pode converterse na primeira con praias privatizadas de toda Europa. A campaña continuou en marzo dese mesmo ano, cando se rexistrou na Comisión de Peticións do Parlamento Europeo unha denuncia ao respecto, cuxa tramitación estamos a seguir de cerca. En setembro de 2016, a Comisión de Peticións notificou que admitía a trámite a denuncia, un paso valorado como moi positivo por Lúcia Senra na loita contra a privatización de espazos públicos como son as praias. **[69]**

Denunciamos a concesión mineira Isabela II na procura de ouro nas comarcas do Xallas e Costa da Morte

Lúcia Senra rexistrou unha pregunta parlamentaria dirixida á CE trasladando a preocupación social pola concesión outorgada pola Xunta de Galicia á sociedade madrileña Grupo M-FM 2001, S.L., para proceder a realizar prospeccións na procura de ouro en máis de 46 quilómetros cadrados dos termos municipais de Zas, Santa Comba, Vimianzo



e Coristanco, na provincia da Coruña (Proxecto Isabela II). Máis de 28.000 persoas que traballan nas comarcas do Xallas e Costa da Morte corren o risco de perderen os seus postos de traballo se este proxecto se segue adiante.

A CE apunta vulneración da Directiva 2008/98/CE na contaminación do Río Baa por residuos asfálticos

A CE contestounos en marzo de 2016 unha pregunta parlamentaria que lle formuláramos uns meses antes, denunciando a vertedura de residuos asfálticos da empresa Bentum Recycling Centrale, que entraron en Galiza a través do porto de Ferrol no ano 2009 procedentes do porto de Rotterdam. Esa pregunta realizouse en coordinación coa Plataforma de Defensa do Río Baa, un dos colectivos que acudiu a Bruxelas a finais de 2015 no marco do encontro sobre a contaminación das rías e ríos galegos organizado por nós co obxectivo de facer unha posta en común destas loitas e ter un encontro directo coa Comisión Europea, presente na xuntanza a través da Dirección Xeral de Medio Ambiente. A CE apunta, facendo caso do noso requirimento, á vulneración da Directiva 2008/98/CE, xa que especifica que os Estados membros non só teñen a obriga de incorporaren aos seus ordenamentos xurídicos as normas sinaladas na citada Directiva, senón tamén a de «aplicaren as súas disposicións de maneira eficaz e completa, neste caso para asegurar a descontaminación das superficies contaminadas con residuos asfálticos»; «responsabilidade que claramente o Estado español está obviando», recalcou Lúcia Senra, «á vista da existencia de 135.000 toneladas de asfalto acumuladas sobre o río Baa sen que nunca se teñan cumprido as restricións esixidas para o seu almacenamento, e cómpre lembrar ademais que este río desauga na ría de Ferrol». **[70]**



Xornada sobre 'As figuras de protección medioambiental da UE en zonas de montaña'

En abril de 2016 organizamos na Pobra de Trives unha xornada encamiñada a seguir no camiño de contribuír á loita para garantir a supervivencia das zonas de montaña. «Sen labregas e labregos vivindo nela, non é posíbel manter a montaña», defendeu Lúcia Senra. Baixo esta perspectiva, participaron no debate persoas expertas en figuras de protección medioambiental, labregas e labregos galegos titulares de experiencias de produción en zonas de alta montaña, así como representantes de diferentes Parques Naturais do Estado español e de Portugal. No encontro puxéronse en valor as figuras de protección, analizáronse e debateuse sobre elas como unha vía máis para contribuír a manter a montaña viva. **[71 a 73]**

Criticamos que se amplíe a licenza a ENCE por 60 anos máis

«Ver un goberno en funcións tomando a decisión de conceder 60 anos máis de licenza a unha fábrica contaminante é un claro exemplo de como o Partido Popular xestiona as cuestións medioambientais actuando igual que o raposo 'coidando' das galiñas», valorou Lúcia Senra desde Bruxelas en xaneiro de 2016, ao saber que o Goberno do Estado en funcións acababa de ampliar a actividade desta empresa contaminante na ría de Pontevedra. «O PP xa non é que non faga políticas para mellorar a calidade de vida das persoas, senón que directamente fai políticas en contra de todas e todos nós», criticou. «É vergoñento velos apurando o intercambio de favores co sector privado á custa da saúde da poboación e da riqueza da ría». «Se de verdade se quere acadar o saneamento e recuperación da ría o camiño é a eliminación definitiva de ENCE», defendeu. Senra sempre mantivo un posicionamento claro contra esta factoría e a principios de xuño de 2017 tamén participou na Marcha contra Celulosas que organiza todos os anos a Asociación pola Defensa da Ría (APDR). **[68]**

Acompañamos SOS Panadeira na súa denuncia pola desfeita ecolóxica provocada polo Real Club Náutico de Sanxenxo

En febreiro de 2016, cinco representantes do colectivo SOS Panadeira acudiron ao Parlamento Europeo convidados por Lúcia Senra para trasladarlle a integrantes do equipo de traballo do Comisario europeo de Medio Ambiente, Karmenu Vella, a situación que está a vivir a veciñanza de Sanxenxo en loita pola defensa das praias urbanas da Iriña e A Panadeira, afectadas polas ampliacións da entidade privada Real Club Náutico, vinculada ao empresario

Denunciamos na UE a destrución patrimonial perpetrada por ENCE na Mariña de Lugo en connivencia coa Xunta

Lidia Senra denunciou diante da CE a grave desfeita que está a afectar aproximadamente 500 xacementos arqueolóxicos da provincia de Lugo. A través dunha pregunta parlamentaria, puxo en coñecemento do ente comunitario a denuncia levada adiante por organizacións como Mariña-Patrimonio e ADEGA dando conta da destrución sistemática deste patrimonio cultural por mor da «ditadura do eucalipto» que está a acabar non só coa biodiversidade dos montes galegos, senón mesmo tamén coa riqueza patrimonial colectiva do noso país. A eurodeputada concretou á CE a magnitude deste dano no patrimonio achegando información en relación á «afección directa sobre 250 destes xacementos lugueses, ao que se engade que, dos 250 restantes, preto de 150 máis estanse vendo danados pola expansión do eucalipto Nitens». Estas plantacións intensivas de eucaliptos remiten ás pautas de interese das empresas madeireiras, «vulnerando a responsabilidade colectiva de protexer estes asentamentos paleolíticos, monumentos megalíticos, restos romanos e medievais, etc. que están a sucumbir ao modelo *esquilmador* da produción de pasta de papel liderada por ENCE en Galiza», alertamos.

Alertamos a UE do incumprimento do Goberno en funcións da sentenza do TS sobre Reganosa

A eurodeputada galega rexistrou en xuño de 2016 unha pregunta parlamentaria dirixida á CE co obxectivo de a pór en coñecemento da «intolerábel *desfachatez* coa que o Goberno en funcións do PP está a xogar coa vida das persoas que habitan en Ferrolterra e a súa contorna». A planta de gas natural licuado de Reganosa (Mugardos, Ferrolterra) caracterízase por estar situada nunha localización que fai gala dunha negligencia paradigmática: a menos de 200m do centro urbano de Meha, a 800m dun arsenal militar, a 900m do núcleo de Mugardos e xunto ao complexo petroquímico de Forestal do Atlántico. Actualmente Reganosa almacena preto de 300.000m³ de combustíbel e produtos químicos. Segundo datos achegados polo Comité Cidadán de Emerxencia para a Ría de Ferrol, se houbese algún

accidente, este superaría en 85.000 veces a potencia da explosión máis forte das acontecidas en Tianjin (China) en agosto de 2015. Malia que o Tribunal Supremo confirmou a anulación da autorización administrativa desta planta química en abril de 2016, o Goberno estatal en funcións decidiu de alí a unhas semanas permitir a súa continuidade excluindo a avaliación de impacto ambiental. «Que tipo de intereses pode ter o PP para non dubidar mesmo en saltarse unha sentenza xudicial con tal de manter en funcionamento esta perigosísima instalación?», reflexiona Senra. En xullo de 2016, Senra rexistrou outras dúas preguntas por escrito dirixidas á CE, alertando da vulneración legal implícita na autorización de Reganosa forzada polo PP. Así, denunciamos a teima da dereita española e galega en favorecer unha instalación perigosa para a poboación declarada ilegal até en dúas ocasións polo Tribunal Supremo e apuntamos a urxencia de reverter esta aprobación, por carecer de avaliación de impacto e non ter sido sometida a consulta pública.

Escribimos á CE para que se pronuncie sobre posibles irregularidades da mina de San Finx

Lidia Senra rexistrou varias preguntas escritas para a CE pondo ao tanto da ausencia de impacto ambiental do proxecto da mina de San Finx, situada na comarca de Noia, de extracción de tungsteno, actividade que se retomou en 2015, e a balsa de residuos industriais no río. A eurodeputada fíxoo atendendo as demandas veciñais de Lousame, das comunidades de montes e de colectivos da rede ContraMINAcción.

Arias Cañete non concreta o plan de horizonte 2030 previsto para reducir as emisións contaminantes

O comisario de Acción polo Clima e Enerxía da Unión Europea e ex ministro de Agricultura do Estado Español, Miguel Arias Cañete (Partido Popular), eludiu responder a Lidia Senra na Comisión de Agricultura en xuño de 2016 sobre cal será o papel da agroecoloxía e circuitos curtos de comercialización na estratexia da UE. A eurodeputada defendeu unha vez máis a produción ecolóxica e o comercio local fronte o TTIP e o CETA. No ano 2014, o 45%

do aceite de palma usado en Europa foi destinado para combustíbeis. No Estado Español, o 70% do chamado «biodiésel» fabricouse a partir do aceite de palma que xera tres veces máis emisións que o diésel convencional. Arias Cañete non deu ningún tipo de perspectiva para atallar isto.

Levamos ao Parlamento Europeo as propostas da veciñanza que loita contra o vertedoiro de Sogama en Lesta

Lidia Senra reuniuse en setembro de 2016 coa Asociación de Afectadas e Afectados do Vertedoiro de Lesta, unha parroquia do concello de Ordes, na cal se proxecta construír un novo vertedoiro de residuos. Senra desprazouse até o local da propia asociación, e tamén visitou os terreos onde se situaría o vertedoiro, unha zona de 14 hectáreas situada en Lesta, a única parroquia eminentemente gandeira que resta na comarca ordense. A raíz desta reunión e atendendo as súas demandas, a parlamentaria presentou varias preguntas dirixidas á CE en materia de Agricultura, Sanidade e Medio Ambiente denunciando o dano deste proxecto. Defende ademais que a solución do lixo en Galiza pasa por abandonar o modelo Sogama e mudar o modelo de xestión de residuos, apostando por unha maior reciclaxe e redución. **[74 a 77]**

Defendemos que a política de loita contra os incendios forestais que alimenta a cultura do negocio do lume é nefasta

A principios de xullo de 2016, Lidia Senra aproveitou as quendas de minuto libre de palabra do pleno do Parlamento Europeo, en Estrasburgo, para levar á Eurocámara, coincidindo co inicio do verán, a problemática dos incendios forestais. Durante a súa intervención, a eurodeputada galega advertiu sobre a situación que se vive todos os anos no sur de Europa e, principalmente en Galiza: Os incendios forestais que estragan miles e miles de hectáreas. «No meu país, Galiza, estes días asistimos á mobilización do persoal de extinción de incendios da empresa pública Seaga e da Xunta, que denuncian a precarización laboral na cal se encontran, con contratos de apenas tres meses no ano», asegurou Lidia Senra, quen atribuíu esta situación a unha «consecuencia» dunha «política de extinción totalmente nefasta que beneficia a empresa privada e dificulta a loita



eficaz contra os incendios ao mesmo tempo que crea unha cultura do negocio do lume», dixo. Avogou por, desde as institucións, actuar en tres niveis. Un: Determinar as causas e os intereses que existen detrás dos incendios provocados. Dous: Políticas activas para acabar co abandono do medio rural e promover a instalación de labregas e labregos e un modelo forestal sustentábel. Tres: Todo o servizo de extinción de incendios debe ser público. É necesario acabar coa precarización e a inseguridade do persoal que combate os incendios e tamén dignificar a profesión dos bombeiros e bombeiras forestais. Xa en setembro dese mesmo ano, Senra rexistrou unha pregunta por escrito dirixida á CE instándoa a explicar se a Comisión realiza seguimento dos incendios forestais en Galiza. A eurodeputada puña á Comisión en coñecemento das súas dúbidas sobre que a Xunta e o Goberno estatal estean aplicando as recomendacións europeas en materia de prevención de lumes e chamaba a reorientar a PAC e a apoiar as pequenas e medianas explotacións agrarias para evitar o abandono rural e como modo de prevención contra os lumes.

O hotel da Illa Pancha chega ao Parlamento Europeo por posíbeis irregularidades en conservación da natureza

En setembro de 2016, Lidia Senra denunciou en Bruxelas a través dunha pregunta por escrito á CE o proxecto de converter o faro de Illa Pancha, en Ribadeo, en hotel de luxo de dous cuartos. A eurodeputada alegou que ve indicios máis que fundados de que a explotación turística privada desta zona da costa lucense danará a contorna ambiental.

Xornada crítica internacional en Ourense sobre o negocio do lume

«Os incendios forestais na Unión Europea. O negocio do lume» foi o título da xornada que organizamos o 1 de outubro de 2016 no Auditorio Municipal de Ourense e que reuniu máis dunha decena de relatoras e relatores, que abordaron a lacra dos lumes forestais que sofren tanto Galiza como outras partes do Estado e do resto de Europa e do mundo, desde unha perspectiva crítica cos modelos de extinción e de prevención de lumes e coas políticas públicas e de empresas que entenden os incendios como se fosen un «negocio». A eurodeputada aproveitou para esixir un maior esforzo público en determinar as causas que hai detrás dos incendios forestais. Así, preguntouse se existe relación entre os lumes e posíbeis intereses de grandes empresas en usar as terras queimadas para o seu ben propio. As persoas expertas forestais e bombeiras que participaron na xornada coincidiron en reclamar a necesidade dunha política consensuada de país fronte ao lume. Na canle de YouTube de Lidia Senra están dispoñíbeis varios vídeos resumindo a xornada e de denuncia das portas xiratorias no negocio dos lumes. **[78 a 81]**

Instamos ao Parlamento Europeo a investigar o proxecto de macrovertedoiro de Lousame

Lidia Senra reuniuse a comezos de outubro de 2016 coa veciñanza e con membros da Plataforma contra o novo vertedoiro de residuos industriais en Lousame, na comarca do Barbanza, para escoitar de primeira man as súas reivindicacións, visitar os terreos afectados por este proxecto e amosar todo o seu apoio á loita que están a levar a cabo. Neste sentido, Senra deixou rexistrada xa aquela semana no Parlamento Europeo unha pregunta por escrito dirixida á Comisión na cal denunciou que este proxecto incumpre diferentes directivas tanto internacionais como galegas e instaba ás institucións da UE para que desde Bruxelas se investigue o asunto e se lle chame a atención ás autoridades competentes. Tendo en conta que o proxecto está destinado a acumular 770.000 toneladas de residuos industriais nun espazo de 1.100.000 metros cúbicos en dez anos e que as tres cuartas dos residuos tratados nas instalacións serían enterrados, o macrovertedoiro de Lousame vai contra os principios establecidos na Directiva 1999/31/CE,



que recolle que as chamadas verteduras controladas ou enterramentos de residuos son a forma menos sustentábel de eliminar residuos en relación co medio ambiente e deben reducirse ao mínimo. O enterramento de residuos industriais tal e como está proxectado afectaría acuíferos que subministran auga para consumo humano. Unhas semanas máis tarde, Lidia Senra rexistrou unha segunda pregunta por escrito para a CE dando conta das carencias do informe de impacto sobre a saúde da poboación e pedíndolle á Comisión que se posicionase sobre se se cumprían as normativas internacionais. As respostas por parte da CE chegaron en xaneiro de 2017 e Senra reaccionou facendo público que «en lugar de exercer a súa responsabilidade e velar pola saúde da poboación e pola protección do medio ambiente», a Comisión está a actuar «como unha verdadeira cómplice do mal facer do goberno da Xunta de Galicia, unha vez que tanto o ente comunitario como o galego están a ser controlados polas mesmas forzas políticas neoliberais». A eurodeputada tachou de «aberrantes» as contestacións por escrito que a CE lle dá e cualificou de «vergoñento» que a CE diga que, «unha vez consultada a situación coa Xunta de Galicia», está en condicións de asegurar que «o procedemento se axusta aos requisitos establecidos na Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente». «Dicir iso é non ser nin serias nin rigorosas; esta resposta pon de manifesto como o impacto de avaliación ambiental é tomado como un mero trámite para lavarse a cara, tentando enganar unha sociedade cada vez máis preocupada polo impacto ambiental do actual modelo de desenvolvemento», afirma a eurodeputada. E é que a citada Directiva, no seu artigo 3, recolle que «a avaliación do impacto ambiental identificará, describirá e avaliará de forma apropiada, en función de cada caso particular, os efectos directos e indirectos dun proxecto nos seguintes factores: a) o ser humano, a fauna e a flora; b) o chan, a auga, o ar, o clima e a paisaxe; c) os bens materiais e o patrimonio cultural; d) a interacción entre os factores contemplados nas letras a), b) e c)». Non obstante, a realidade é que a Consellaría de Medio Ambiente da Xunta reclamoulle á Consellaría de Sanidade que elaborase un informe sobre o posíbel risco para a saúde humana do proxecto de vertedoiro de Lousame e os impactos sobre a poboación e medidas correctoras para a súa protección e a Consellaría de Sanidade emitiu un informe de escasamente media folla, no cal obvia totalmente o solicitado e limitase a recoller que a auga de abastecemento das instalacións empresariais do macrovertedoiro deberá

ser apta para o consumo humano e que a auga quente dos baños dos vestiarios do persoal deberá cumprir os criterios hixiénico–sanitarios. «Iso non é un informe sobre a repercusión que pode ter para a saúde da poboación de Lousame o macrovertedeiro con capacidade para 770.000 toneladas de residuos industriais e perigosos que pretenden instalar na aldea do Mirón». «Dicir que as duchas dos traballadores e traballadores das futuras instalacións terán auga quente non é avaliar como pode afectar a saúde das persoas que viven na comarca e que van padecer directamente verteduras, cheiros e demais, como sempre pasa nestes macrovertedeiros», defende Lidia Senra. **[82/83]**



82



83

É unha farsa que Erimsa compita e sexa finalista nun premio medioambiental

Senra emitiu unha nota preguntándose como a empresa Erimsa, dedicada á extracción de cuarzo en diversos puntos do país e impulsora dun proxecto mineiro que atopou unha gran contestación na Terra Chá até que foi paralizado pola xustiza en 2013, puido ser candidata e ser finalista nos Premios Europeos de Desenvolvemento Sustentábel que se entregaron en Bruxelas a finais de novembro de 2016. A eurodeputada mostrou a súa incredulidade ante o feito de que este tipo de empresas poidan optar a recoñecementos destas características cando as súas prácticas en Galiza comprometen gravemente o futuro da actividade gandeira e agraria e contribúen ao acaparamento de terras por parte de intereses privados.

Lidia Senra denuncia na CE o mal funcionamento da EDAR de Ribeira

A eurodeputada denunciou a finais de decembro de 2016 no Parlamento Europeo as deficiencias e o mal funcionamento da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Ribeira, instalacións que están en período de probas. A eurodeputada rexistrou en Bruxelas unha pregunta por escrito dirixida á CE na cal informa á institución comunitaria do proxecto que se vén desenvolvendo no concello de Ribeira desde o ano 2014, cando a Sociedade Estatal ACUAES comezou a executar a obra da EDAR, no marco dun convenio asinado entre o Goberno do Estado español e a Xunta da Galicia, e financiada con fondos europeos FEDER. A eurodeputada galega, que ademais estivo en Ribeira visitando a zona e escoitando as queixas da veciñanza, afirmou ante a UE que desde que no verán de 2016 rematou a construción e se puxo en marcha a fase de proba da EDAR, «as persoas que viven nos lugares de Ribeira, Castiñeiras, Aguiño e Couso denuncian malos cheiros provocados pola emisión de sulfhídrico nas estacións de bombeo; e tamén as verteduras de lixo e de augas que non están debidamente depuradas ao mar, desembocando nunha zona situada entre dous Parques Naturais como son o de Corrubedo e o das Illas Atlánticas». Tendo en conta que Ribeira é un dos 17 lugares do Estado español que a CE denunciou ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea por incumprir reiteradamente as normas de recollida e tratamento de augas residuais, Lidia Senra quixo pór



84



85



86

en coñecemento da institución europea a situación que se está a dar coa nova depuradora e que a todas luces parece seguir sen cumprir coa lei e co que sería desexábel para o respecto da vida humana e do medio ambiente. **[84/85]**

Damos conta á UE do proxecto de vertedouro ao río Enviande por parte de Lácteos Casa Macán SL

A europarlamentaria galega rexistrou en xaneiro de 2017 unha pregunta por escrito dirixida á CE dando conta do proxecto da empresa Lácteos Casa Macán SL, fornecedora nalgún tempo dunha grande cadea de hipermercados como é Mercadona, e situada no concello de Taboada (Lugo), de instalar un novo punto de vertedura das súas augas residuais no Enviande, río afluente do Miño que nace na Serra do Faro, catalogada dentro da Rede Natura 2000, e que desemboca no conxunto histórico de Castro Candaz localizado dentro do encoro de Belesar. A eurodeputada alertaba de que este proxecto podería danar zonas naturais protexidas e tamén a auga de granxas e traídas veciñais. Tamén alertaba sobre se unha obra deste tipo non debería contar cun informe de impacto ambiental para poder levarse a cabo. Senra presentou esa iniciativa nunha rolda de prensa que deu en Chantada xunto a representantes da vida política e social da vila. **[86]**

Senra pide firmeza na Eurocámara fronte ás mineiras que poñen en perigo a saúde das persoas

Lidia Senra pediu a finais de xaneiro de 2016 unha «acción contundente» do Parlamento Europeo para rexeitar que os dereitos das empresas mineiras estean por riba da protección da saúde das persoas, da vida do pobo galego e da preservación do medio ambiente». Fíxoo con ocasión da comparecencia da asociación Petón do Lobo ante a comisión de Peticións do Parlamento Europeo, que analizou novamente o expediente aberto contra o proxecto da empresa canadense Edgewater na Costa da Morte. Senra recalcou «os riscos medioambientais e sobre a saúde que implica o uso de cianuro e o arsénico na explotación do metal, ademais das consecuencias desta actividade sobre zonas agrarias e con vivendas». Malia que a Xunta paralizou o proxecto en marzo

de 2014 e confirmou o vencemento dos principais dereitos mineiros da empresa canadense en Corcoesto, a deputada nacionalista recordou que a loita contra Edgewater non está acabada e que hai outros proxectos de investigación mineira solicitados para a concesión denominada Julia que abrangue varios municipios da Costa da Morte. «Pedimos que os novos permisos de investigación non se concedan e que se paralizen todos os proxectos mineiros en curso en Galiza, porque seguen afectando a vida das persoas, as augas, fincas e vivendas, así como a destrución de postos de traballo que estes proxectos implican». «Ademais, hai que ter en conta os problemas que ocasionarían os mecanismos de resolución de conflitos sobre investimentos previstos no CETA, o acordo comercial entre a UE e Canadá», argumenta a eurodeputada nacionalista. No caso de Corcoesto, Senra considera que «o feito de que Edgewater estea reclamando o investimento e o lucro cesante ocasionado logo do rexeitamento definitivo do proxecto mineiro é especialmente preocupante de cara ao futuro, porque o mecanismo incluído no CETA atribuirá ás multinacionais o dereito de esixir aos gobernos compensacións económicas cando estes tomen decisións que afecten os seus negocios». «Este acordo daríalle todos os dereitos a empresas como Edgewater ou calquera outra empresa mineira con sede ou filiais en Canadá», recalcou Senra, que durante estes anos de loita da veciñanza da Costa da Morte contra o proxecto mineiro se dirixiu en diversas ocasións á Comisión Europea para esixir a súa paralización e a protección do medio ambiente e da saúde das persoas. «Non entendemos que o pobo galego se vexa obrigado a indemnizar unha empresa por querer protexer a terra, o medio ambiente e a saúde».

Reclamación no pleno do Parlamento Europeo: «Obriguen a facer o saneamento das nosas rías»

Lidia Senra tomou a palabra no pleno do Parlamento Europeo de febreiro de 2017 para denunciar a situación de alarmante contaminación en que están boa parte das rías galegas e que afecta moi negativamente tanto a saúde das persoas, como o medio ambiente e os postos de traballo das diferentes zonas. «A simple penalización económica ao Estado español por estas situacións non serve, xa que é o pobo quen a paga. Obriguen a facer o saneamento de forma efectiva», reclamou a europarlamentaria. Deste xeito, referíase a deputada a que, a pesar das sancións ao Estado español por incumprir as normas



en materia de saneamento de varias zonas, tamén en Galiza, a contaminación das rías segue sen resolverse. Para Senra, isto non soluciona o verdadeiro problema, xa que a pesar das multas as rías seguen sen se sanear, o que pon en perigo os postos de traballo das mariscadoras e mariscadores de Galiza.

Senra denuncia na CE a parálise en que se atopa o saneamento integral da ría do Burgo

A eurodeputada galega rexistrou en Bruxelas a finais de febreiro de 2017 unha pregunta por escrito dirixida á CE na que lle pide explicacións pola contaminación que segue existindo na ría do Burgo (A Coruña) a pesar dos fondos europeos destinados supostamente a arranxar a situación. A europarlamentaria reclama que se destine algunha partida económica para lucro cesante dos mariscadores e mariscadoras mentres non se leve a cabo a dragaxe e non poidan saír faenar. De 7 quilos que se lle permiten coller, están extraendo 2 habitualmente e dos 2000 traballadores e traballadoras que había nos anos 80, hoxe en día restan traballando na ría do Burgo só 100. Senra deu unha rolda de prensa na propia Confraría de Pescadores da Coruña para dar a coñecer a iniciativa. Unhas semanas máis tarde, e facendo seguimento do tema, Senra denunciou publicamente que á vista dos Orzamentos de 2017, o Estado volvía aprazar o saneamento da ría do Burgo. Nunha nota de prensa emitida, recollía a preocupación de mariñeiros e mariscadores da Coruña, ante o anuncio de que no Proxecto dos Orzamentos Xerais deste ano só se inclúe unha partida de 1 millón de euros, cando a dragaxe custa máis de 46. Senra insistía en reclamarlle á UE que, ante a pasividade das autoridades españolas e galegas, tome medidas efectivas que obriguen a facer a dragaxe integral e que vaia máis aló das sancións.

[87]



Pedimos na UE que Cuntis sexa incluída xa no mapa galego de áreas con risco de inundación

A eurodeputada galega rexistrou a finais de febreiro de 2017 unha pregunta por escrito dirixida á CE instando a adoptar as medidas necesarias para evitar o perigo de enchentes do río Gallo, en Cuntis. Senra critica que a Xunta se desentendera desta situación e que non vaia facer nada até polo menos o ano 2022. A iniciativa foi froito dunha visita que Senra realizou a este concello, convidada polos concelleiros de Veciñanza. **[88/89]**

Denunciamos na UE a ausencia de estudo de impacto ambiental transfronteirizo da mina da Gudiña

Lidia Senra rexistrou en marzo de 2017 unha pregunta dirixida á Comisión Europea na cal denuncia a ausencia de estudo de impacto ambiental transfronteirizo da mina da Gudiña. O escrito, elaborado conxuntamente e asinado tamén polos deputados portugueses João Ferreira, do Partido Comunista Portugués (PCP), e Marisa Matias, do

Bloco de Esquerda, dá conta de que con data de 17 de novembro de 2015 a Xunta outorgou a concesión para a explotación directa da mina de volframio OU/C/5226 «San Juan» á empresa European Tungsten Company SL, filial do Grupo Sacyr. A zona de explotación está nos baldíos da aldea de Barxa, na Gudiña (Ourense), preto do Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) Pena Maseira, a 1 quilómetro da fronteira portuguesa e na cabeceira da conca do río Rabazal, que atravesa o Parque Natural de Montesinho. «Non consta que o proxecto fora sometido a estudo de impacto ambiental transfronteirizo, como esixen as Directivas 2014/52 / UE, 2011/92 / UE, 2001/42 / CE, ademais do Protocolo de actuación entre o Goberno da República Portuguesa e o Goberno do Estado español sobre a aplicación ás avaliacións ambientais de plans, programas e proxectos con efectos transfronteirizos», denunciaron os eurodeputados no escrito dirixido á CE.

Lidia Senra informa a UE dos efectos negativos que tería o proxecto mineiro de Erimsa na comarca de Ordes

A eurodeputada galega denunciou en abril de 2017 no Parlamento Europeo o proxecto mineiro de extracción de seixo que pretende levar a cabo a empresa norueguesa Erimsa na comarca de Ordes e que afectaría na súa maior parte e na fase inicial a Xanceda, no concello de Mesía. Concretamente, Senra rexistrou en Bruxelas un escrito dirixido á CE no cal lle pregunta ao organismo comunitario se «coñece o risco que supón este proxecto para os centos de produtores e produtoras agrícolas e gandeiros que hai na comarca?». Senra valora que os 8 postos de traballo temporais que promete Erimsa para levar a cabo este proxecto non compensan en absoluto comparado coas 6.721 hectáreas afectadas de terreos agrarios e forestais e as 200 granxas que empregan 500 persoas e que se verían tamén afectadas no caso de ir adiante o proxecto completo de extracción de seixo e de investigación pensado por Erimsa para os municipios de Frades, Mesía, Oroso e Ordes. Valora que as explotacións de Xanceda perderían axudas da PAC e certificacións ecolóxicas e advirte da modificación da estrutura dos solos que provocaría a extracción de seixo e os efectos sobre a mudanza climática.



Nova denuncia na CE en relación cunha depuradora: Neste caso, as continuas verteduras da EDAR da Estrada ao Sistema Fluvial Ulla-Deza

Lidia Senra denunciou ante a CE a finais de abril de 2017 o mal funcionamento da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) da Estrada. Senra rexistrou un escrito dirixido á CE no que lle informa das «continuas verteduras orgánicas que padece o río Liñares» e insta ao ente comunitario a tomar medidas para comprobar a situación de contaminación na que se atopa esta zona e forzar as autoridades competentes na materia a corrixila. A europarlamentaria galega considera «moi grave» o deterioro que está a sufrir a canle fluvial por mor de que a EDAR non depura ben as augas residuais do Concello da Estrada, e máxime tendo en conta que o río Liñares pertence ao Sistema Fluvial Ulla-Deza, incluído co Código ZEC ES1140001 como Lugar de Importancia Comunitaria na Rede Natura 2000. Lidia Senra coñeceu de primeira man a problemática, xa que a principios daquel mes estivo na Estrada visitando o lugar no que se atopa a depuradora, na parroquia de Aguións, e tamén a zona da minicentral hidroeléctrica de Aldea Grande, onde se producen as verteduras. Acompañada por Mar Blanco, concelleira de Móvete na Estrada, a eurodeputada comprobou daquela como as verteduras son palpábeis a simple vista, xa que se aprecia un limo agrisado por toda a zona e mesmo un forte cheiro. Tomando de base análises realizadas a principios deste ano por Axentes Facultativos Medioambientais, Senra denuncia na CE que se está a producir «unha grande vertedura de materia orgánica ou fecal directamente ao río». A sedimentación dos fondos fai inviábel o proceso de desova de salmóns, reos e troitas presentes no Ulla, para o que esta conca está catalogada como hábitat idóneo. Ademais, na canle fluvial habitan aguaneiros (*Galemys pyrenaicus*), especie protexida catalogada como vulnerábel e cuxa alimentación e vida vense alteradas negativamente por mor das verteduras. Tendo en conta todos estes datos e que a CE xa reprende o Estado español en numerosas ocasións pola baixa calidade das augas en diversos puntos do territorio, Lidia Senra denuncia que o mal funcionamento da EDAR da Estrada vulnera a Directiva 91/271/CEE relativa ao tratamento das augas residuais urbanas e pídelle que atalle esta situación. **[90 a 92]**



Enerxía

En materia enerxética dicimos: «Basta de hipocrísia: Para acabar coa pobreza poñan fin á concentración da riqueza»

Na sesión plenaria de Estrasburgo debateuse en abril de 2016 o Informe sobre a consecución do obxectivo de loita contra a pobreza á luz do aumento dos gastos das familias, un intercambio de opinións que, ao estilo institucional europeo, remitía a medidas paliativas en lugar de preventivas, eludindo na maioría das intervencións a propia responsabilidade da UE no empobrecemento da poboación a través da imposición de medidas de austeridade. Como sinala o informe tomado como base para o debate, entre os anos 2008 e 2013 o número de persoas empobrecidas na UE incrementouse en 5,6 millóns de persoas, atopándose no ano 2013 o 16,7% da poboación en risco de pobreza e o 9,6%, en situación de privación material grave. En Galiza, o 20,8% dos fogares chega con moita dificultade a fin de mes (INE 2015) e o 18% dos fogares en Galiza vense na obriga de gastar máis do 10% dos seus ingresos en pagar as facturas de enerxía. Lidia Senra sinalou nun vídeo que son precisamente as políticas de austeridade e as recomendacións do semestre europeo para os pobos do sur «as causantes do aumento da pobreza e da exclusión social», constituíndo «unha forma de violencia contra as persoas e vulnerando os dereitos humanos».

Xornada na Estrada sobre 'Presente e futuro enerxético de Galiza no contexto europeo' e publicación de libro con todos os relatorios

O 23 de abril de 2016 organizamos na Estrada unha xornada aberta para reflexionar sobre os actuais modelos enerxéticos. Reuniu unha decena de relatores e relatoras que analizaron a situación actual, expondo solucións e alternativas. Froito desa xornada, editamos en decembro de 2016 un libro, que está dispoñíbel de forma gratuíta en versión



impresa e dixital, no cal se recollen as intervencións que fixeron tanto os representantes das cooperativas que participaron (Som Enerxía, Goiener e Nosa Enerxía), como as profesoras Rosa Regueiro e Natalia Fabra ou o catalán Alfons Pérez, do Observatorio da Débeda na Globalización, Xoán Doldán e Miguel Pardellas. Aquelas persoas que aínda non teñan o libro e estean interesadas nel, poden escribirnos un correo a age.europa.galiza@gmail.com indicándonos o número de exemplares que desexarían e un enderezo postal e farémolos chegar. Lidia Senra alertou durante a xornada de que «para unha UE que importa o 53% da súa enerxía, a Unión da Enerxía é unha proposta ao servizo da xeoestratexia política e non dos dereitos humanos» e o conxunto de persoas relatoras e asistentes mostraron a necesidade urxente de mudar o actual modelo. Na canle de YouTube de Lidia Senra tamén está dispoñíbel un vídeo resumo con todas as intervencións das xornadas. **[93 a 96]**

A CE proporá un novo trazado da liña de alta tensión que unirá Galiza e Portugal ante a inaceptabilidade social

A CE anunciou en febreiro de 2017 a retirada do proxecto inicial de construción dunha liña eléctrica de alta tensión transfronteiriza entre Galiza e Portugal e a presentación dun novo trazado en próximas datas. Fíxoo durante a reunión que a eurodeputada galega Lidia Senra mantivo cunha representante da Dirección Xeral de Enerxía da Comisión Europea, en que tamén participou Fabiola Durán, concelleira en Arbo, un dos municipios afectados por este proxecto transfronteirizo promovido por Red Eléctrica Española e a portuguesa Rede Eléctrica Nacional con liña de alta tensión a tan só 20 metros de distancia de casas habitadas e que acadou unha forte contestación social ás dúas beiras do Miño. Pasados os meses, Lidia Senra foi convidada a participar en maio de 2017 nunha conferencia na localidade lusa de Barcelos, baixo o título «Liña de alta tensión: Unha loita de todos», moderada por José Ilídio Torres, membro da Cámara Municipal de Barcelos e na cal ademais participaron a concelleira de Arbo Fabiola Durán; o presidente da Comisión de Ambiente, Ordenación do Territorio, Descentralización, Poder Local e Habitabilidade da Assembleia da República de Portugal, Pedro Soares; e varios membros da Cámara municipal portuguesa. Aí, Senra aproveitou para facer un repaso pola situación e denunciou que o Estado español intenta ocultar o trazado da interconexión eléctrica entre Portugal e Galiza. Ademais, criticou que o obxectivo de Bruxelas de interconexión do 10% en 2020 para todos os Estados sexa unha vez máis en beneficio simplemente das eléctricas. **[97 a 99]**

Reclamamos que se investigase a caída de máis dunha decena de torres de alta tensión na Mariña

A eurodeputada galega reclamou que a Unión Europea realizase unha investigación sobre a caída de máis dunha decena de torres da liña de alta tensión Boimente–Pesoz que tivo lugar a principios de febreiro de 2017 na Mariña luguesa. A parlamentaria rexistrou en Bruxelas unha pregunta por escrito dirixida á CE na cal lle informaba do acontecido durante un temporal que azoutou Galiza mais que non foi de semellante virulencia como para que unha liña de alta tensión que é nova, xa que acababa



de ser estreada aínda ese ano non puidera resistilo se estivese construída seguindo uns parámetros óptimos de seguridade. Senra denunciou que foi construída con Fondos Estruturais da UE e, a xulgar polo acontecido no sinistro de febreiro, parece non cumprir os requisitos mínimos de seguridade. Así, preguntaba se a CE ten constancia de que o material das torres desta liña de máxima capacidade de evacuación que une Galiza con Asturias é o axeitado ou non para resistir o clima da zona, ante o cal, novamente, a Comisión Europea botou balóns fóra.

Lamentamos que dereita e socialistas impidan pedir a paralización da minaría nos fondos mariños

Lidia Senra acusou publicamente en xuño de 2017 a dereita e os socialistas de impediren, cos seus votos no pleno do Parlamento Europeo, que a Eurocámara se pronuncie para deter a minaría nos fondos mariños, as prospeccións de gas e petróleo e as actividades ligadas ao Crecemento Azul no contexto da meta 14 de Desenvolvemento Sustentábel da ONU para os océanos. A eurodeputada galega presentou cinco emendas a unha resolución do Parlamento Europeo de cara á Conferencia de Alto Nivel da ONU que se ía celebrar naquelas datas en Nova York, nas cales se pedía a paralización da minaría nos fondos e a anulación da concesión mineira Solwara 1 en augas de Papúa Nova Guinea –a busca de hidrocarburos e as actividades ligadas ao chamado «Crecemento Azul», que poden ir en detrimento das zonas de pesca. Os eurodeputados e eurodeputadas dos dous grandes partidos detiveron esta petición cos seus votos malia os impactos negativos que estas actividades ocasionarían no medio ambiente e no sector pesqueiro. Na votación da emenda en que se pedía deter estes proxectos, 335 eurodeputados/as da dereita votaron en contra, 119 a favor e 174 abstivéronse. Lidia Senra interveu na sesión plenaria para esixir unha gobernanza internacional dos océanos que protexa o sector pesqueiro artesanal e a pequena escala da contaminación mariña e dos impactos que ocasiona a explotación dos océanos a mans de multinacionais que só buscan o lucro privado. «A prevención e a redución da contaminación mariña deben considerarse dun xeito moi serio, xa que os pescadores e pescadoras son as vítimas principais e non poden levar toda a responsabilidade na conservación dos recursos pesqueiros», defendeu a eurodeputada no debate da resolución. A eurodeputada galega considera que a prevención e a redución da contaminación precisa de accións drásticas, que mostren un compromiso serio, e que deben pasar pola «necesidade de impedir calquera actividade que poña en perigo a pesca e o medio ambiente». Senra referiuse expresamente á mina Solwara 1 en Papúa Nova Guinea, a primeira concesión de explotación mineira en fondos mariños, localizada nunha zona hábitat de corais e numerosos cetáceos e un exemplo evidente da colisión da minaría coa boa conservación dos recursos pesqueiros.

Infraestructuras

Esiximos que se garanta unha investigación independente sobre as causas do accidente de Angrois

Lidia Senra asegurou na comisión de Peticións do Parlamento Europeo de finais de xaneiro de 2017 que «non é aceptábel nin ético que as autoridades do Estado español lles neguen ás vítimas do accidente de Angrois e á sociedade o dereito a coñecer as verdadeiras causas do sinistro». A eurodeputada galega acusou deste xeito o Estado español «de antepor os intereses económicos á seguridade» no transcurso da petición que a Asociación de Vítimas do Alvia cursou en Bruxelas para volver reclamar ante as autoridades europeas unha verdadeira investigación independente sobre o grave accidente de tren que en xullo de 2013 causou a morte de 81 persoas e deixou máis de 140 feridos en Santiago de Compostela. «A Axencia Ferroviaria Europea xa ditaminou que a investigación levada a cabo no Estado non foi independente e por iso seguimos esixindo coñecer a verdade porque é o único que nos vai garantir que non se repitan este tipo de accidentes», insistiu Lidia Senra, que estivo cos representantes da Asociación de Vítimas. **[100]**



Pomos a disposición pública o vídeo resumen das xornadas sobre as políticas de austeridade e a ditadura do euro que organizamos en Compostela

Despois de varios meses de traballo de edición, na nosa páxina web e na nosa canle de YouTube está dispoñíbel todo o material audiovisual resultante da xornada «A esquerda europea, garante dos dereitos das persoas fronte ás políticas de austeridade» que organizamos a finais de 2015 en Santiago de Compostela. Pódese consultar tanto un vídeo resumen do evento como os vídeos de cada un dos relatorios da xornada, coas intervencións completas de Joan Tafalla, Doutor en Historia pola U.A.B. e membro da Asociación Expai Marx; Daithí Doolan, Concelleiro do Sinn Féin en Dublín (Irlanda); Ramón Franquesa, Profesor de Economía na Universidade de Barcelona; Yolanda Jubeto, Doutora en Economía pola Universidade do País Vasco e activista feminista; Fabio De Masi, Deputado no Parlamento Europeo polo Die Linke (Alemaña); e Xosé Manuel Beiras, daquela Portavoz Nacional de Anova-IN e Portavoz de AGE no Parlamento Galego.

Advertimos que o Mercado Único Dixital é unha nova baza para a deslocalización produtiva

No pleno do Parlamento Europeo celebrado en Estrasburgo en xaneiro de 2016, tratouse a proposta da CE de concretar o chamado Mercado Único Dixital. Nunha estratexia económica que nos remite ao incremento do consumismo e á preponderancia da economía financeira sobre a real, a CE estableceu como un dos obxectivos principais desta lexislatura deseñar un espazo comercial que consiste fundamentalmente en

eliminar as barreiras ás transaccións efectuadas en liña. «O mercado dixital único significa o expoñente máximo da liberalización comercial intracomunitaria aumentando inda máis a deslocalización produtiva», considera a eurodeputada galega. Ademais, dar pulo a esta proposta cando inda non está garantida a neutralidade na rede, non se están facendo apenas esforzos desde a UE por fomentar o software libre e adoecendo dunha fenda dixital enorme dentro dos Estados e entre os países membros, revela que este mercado é unha proposta de negocio feita á medida para os grandes capitais; pensando nas grandes transnacionais e nas empresas, non nas persoas ou nas pemes.

Debatendo no pleno sobre as condicións do mercado único

Un dos últimos debates da sesión plenaria de maio de 2016 estivo centrado nas actuais condicións do mercado único. Porén, se coa estratexia de mercado único o que se procura é crear emprego e riqueza en todos os pobos da UE, como así foi sinalado, «habería primeiro que actuar para reverter o impacto negativo que o mercado único tivo nos pobos que constituímos a periferia económica da Unión», aclarou Lidia Senra. Xa que logo, engadiu, dificilmente se pode dinamizar a economía de países «onde as nosas empresas son xa case inexistentes, a maioría das nosas marcas foron absorbidas e as nosas producións deslocalizadas case na súa totalidade».

Xornada sobre 'Débeda pública. O impacto do memorando da UE'

En 21 de maio de 2016 organizamos en Santiago de Compostela unha xornada para debater e analizar colectivamente a chamada débeda pública e buscar respostas á estafa financeira que nos están obrigando a pagar a toda a sociedade a base de secuestrar os nosos dereitos humanos e sociais e destruír os servizos públicos. No evento participaron como relatoras Éric Toussaint, Iolanda Fresnillo, Esther Duro, Miguel Quinteiro, Ramón Franquesa, María Luisa Lores e Antón Sánchez. Lidia Senra chamou as forzas de esquerda a situar a débeda pública no centro do debate da campaña electoral dos comicios estatais que se estaba enfrontando e denunciaba que a débeda española ascenderá en 2015 a máis de

23.000 euros por persoa. Así, pedía que o goberno resultante das eleccións realizase unha auditoría da débeda para poder determinar que parte é ilexítima. Un cento de persoas estiveron na xornada debatendo e a eurodeputada defendeu que as forzas de esquerda tomasen valentía para buscar solución e oporse a que os Estados paguen a débeda. Os contidos daquelas xornadas están dispoñíbeis en vídeo na canle de YouTube de Lidia Senra. **[101 a 103]**



Defendemos abertamente que non se pague a débeda, polo que ten de ilegal, ilexítima e odiosa

Senra aproveitou unha quenda de palabra de tema libre no pleno do Parlamento Europeo de finais de maio para pór sobre a mesa o feito de que «a pobreza, o desemprego, a precarización laboral e das pensións e a exclusión social non deixan de aumentar». En Galiza, seis de cada dez fogares teñen dificultades para chegar a fin de mes, e un terzo da nosa mocidade vive en risco de pobreza ou exclusión social. Non obstante, o presidente da CE, o conservador Jean Claude Juncker, cómplice necesario na evasión de impostos a través de Luxemburgo cando era Primeiro Ministro, «tivo a *desfachatez* de pedir un novo axuste fiscal de máis de 8.000 millóns de euros e ameaza con multa de 2.200 millóns», é dicir, o 0.2% do PIB, xusto antes das eleccións no Estado español. Senra reclamou que se «poña fin á chantaxe e ao negocio duns poucos negándose a pagar a débeda polo que ten de ilexítima, ilegal e odiosa».

Non á chantaxe! Reclamamos transparencia e explicacións sobre os recortes no sistema público

Lidia Senra acusou o Partido Popular de «vender fume coa complicidade da CE para gañar as eleccións e poder así seguir aplicando as políticas de austeridade en favor dos mercados e do gran capital». Senra reaccionaba así ante a decisión do Colexio de Comisarios, que o 7 de xullo de 2016 adoptaba o ditame negativo sobre as medidas tomadas polo Goberno do Estado español para cumprir os obxectivos de déficit pactados coa UE, o que activaba o proceso que podía derivar nunha multa ao Estado español con até 2.000 millóns de euros e a conxelación de parte dos fondos comunitarios que lle corresponden. A CE sostíña que o Estado español se desviou no obxectivo de déficit en 2014 nunha décima (5,9% fronte ao 5,8% pactado) e en 2015 –ano electoral– nun punto (5,1% fronte ao 4,2% pactado) e incidía en que «as medidas de saneamento do sistema de pensións e as administracións públicas» adoptadas no Estado español, «non teñen sido suficientes para compensar as medidas expansivas». «O PP vendeu fume para poder gañar as eleccións e ten actuado irresponsabelmente reducindo ao límite os impostos aos máis ricos e aumentando os impostos indirectos, transformando os excesos da

banca en débeda pública, legislando para facilitar a elusión fiscal, non perseguindo os paraísos fiscais, e mesmo con implicacións en casos de corrupción», dixo a eurodeputada. Senra reclamoulle ao Ministro de Economía en funcións, Luis de Guindos, que antes de que os parlamentarios e parlamentarias voten na sesión de investidura do novo Goberno nos diga a todas e todos que vai facer o PP para cumprir co esixido por Bruxelas. Que explique exactamente o que vai supor aplicar os compromisos do memorando tanto en recortes en sanidade, educación, salarios, funcionarios e funcionarias e quen sabe se finalmente, nas pensións tamén, para dunha vez por todas acadar os obxectivos neoliberais de privatizar as pensións mediante a contratación privada de plans de pensións e tamén en canto a reformas (laboral, administración,...). Esixímoslle á CE que non se aplicase a sanción por incumprimento de déficit ao Estado español e a Portugal e que permitise unha marxe de manobra orzamentaria que posibilitase manter os servizos públicos e facer políticas activas de creación de emprego e calidade. Ao mesmo tempo, reclamámoslle ao Goberno español que volva reverter a situación e que comece a cobrarlle aos bancos e ás grandes empresas a débeda pública da que son responsábeis, incluíndo xuros. Tamén lle demandamos claridade ao presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e que deixe de dicir que isto non vai con Galiza e de enganar a cidadanía. A eurodeputada tamén propuxo unha batería de medidas a aplicar para facer fronte ao déficit, incluída unha posíbel saída do Euro, e salientou a necesidade dun Goberno disposto a «dar pasos» para recuperar a Soberanía Popular e facer fronte á ditadura de Bruxelas. Senra valorou en xullo de 2016 que o feito de que finalmente o Estado español e Portugal, non sexan multados por incumprir os obxectivos de déficit de 2015 é positivo. Agora ben, a «non aplicación» da sanción non é gratuíta e neste sentido Senra reclamou valentía.

[104]

«A ameaza de suspensión de fondos feita pola CE evidencia que o Estado está intervindo por Bruxelas»

O 14 de xullo de 2016 o Vicepresidente da CE Jyrki Katainen remitiu unha carta ao Presidente do Parlamento Europeo, Martin Schulz, achegando unha lista de posíbeis Fondos Estruturais e de Investimento Social Europeo que poderían ser conxelados no Estado español e Portugal en virtude da Normativa de Disposicións Comúns que rexe este tipo de fondos



—entre os que están, entre outros, o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural ou o Fondo Europeo Marítimo e da Pesca—, e que prevé que parte deses recursos poidan ser suspendidos se o Consello decide que un Estado membro non tomou medidas eficaces en resposta a unha recomendación emitida no contexto do Procedemento de Déficit Excesivo. Posto que o 12 de xullo de 2016, á vista de que o déficit do Estado español e Portugal non era inferior ao 3%, o Consello ditaminou que estes Estados realizaron un esforzo orzamentario que ficou «moi por embaixo do recomendado», danse xa as condicións contempladas pola tecnocracia europea para proceder á chantaxe da ameaza de suspensión de fondos públicos a estes dous Estados membros. Nos fondos propostos para suspensión atópanse todos os plans de desenvolvemento rural do Estado español, polo tanto tamén o galego; así como programas de dimensión estatal que afectan directamente o noso País, como o Programa Operativo Rexional; o Programa Operativo do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca; o Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación; o Programa Operativo de Inclusión e Economía Social; o Programa Operativo de Asistencia Técnica; o Programa Operativo de Crecemento Intelixente; o Programa Operativo de Crecemento Sustentábel ou o Programa Operativo Iniciativa PEME, entre outros.

Lidia Senra esixelle á CE non volver chantaxear máis ningún pobo cos Fondos Estruturais e de Investimento

A eurodeputada galega entrevistou na primeira reunión da Comisión de Agricultura do Parlamento Europeo tras a volta das vacacións estivais de 2016, reclamándolle ás institucións europeas priorizar a loita contra o desemprego, a pobreza e a exclusión social, non a imposición de políticas de axuste.



Precisamos unha Europa mellor, e para iso é preciso derrubar esta UE das grandes empresas

En setembro de 2016, Lidia Senra asistiu no pleno do Parlamento Europeo ao debate anual sobre o Estado da Unión, no cal o presidente da CE, Jean-Claude Juncker, realizou un discurso «cheo de demagogia e propaganda» sobre as supostas «bondades» dunha UE que, a xuízo de Senra, «fai auga por todas partes, pero non queren ver». A eurodeputada galega instou a Juncker para «pór fin á ditadura do euro, da débeda e das políticas de axuste e austeridade» e tamén lle sacou cartón azul a González Pons no pleno en Estrasburgo polos novos recortes anunciados polo Goberno Español.

Insistimos: «A chantaxe a que a CE está sometendo o Estado español coa escusa do déficit é inadmisíbel»

Na liña do que veu denunciando Lidia Senra meses atrás, seguiu moi de preto no outono de 2016 toda a evolución e a reunión conxunta da Comisión de Desenvolvemento Rexional e da Comisión de Asuntos Económicos e Monetarios na que se abordou a suspensión dunha parte dos Fondos Estruturais e de Investimento comprometidos para o ano 2017 para o Estado español e o portugués por teren incumprido ambos os países o obxectivo de déficit do ano pasado. Senra insistiu sempre en que «a chantaxe a que a CE pretende someter o Estado español coa escusa do déficit é inadmisíbel, materialícese ou non a conxelación dos fondos». Segundo ela, as principais vítimas das políticas impostas pola troica son sempre as clases populares, que sufriremos directamente a imposición de novos recortes nos servizos públicos para poder cumprir co esixido por Bruxelas. Para a eurodeputada galega, decidírase ou non cancelar



parte dos Fondos Estruturais e de Investimento, o Estado español e tamén Galiza saíran perdendo desta situación de imposición europea ao non ter o PP «a valentía suficiente» para plantarse ante a chantaxe. A comezos de outubro de 2016, Senra deu unha rolda de prensa en Lugo tamén acompañada polo portavoz do Parlamento Galego de En Marea Luís Villares e o membro de Lugonovo Víctor Álvarez, para incidir neste asunto. **[105]**

Lidia Senra denuncia no Parlamento Europeo a agresiva política comercial da banca para colocar produtos financeiros tóxicos

A eurodeputada galega reuniuse a finais de xaneiro de 2017 na súa oficina en Santiago con representantes da Confederación Intersindical Galega (CIG) Banca, para abordar o endurecemento das políticas comerciais que están a levar a cabo as entidades financeiras e o incremento da presión á que se ven sometidos os traballadores e traballadoras para que coloquen produtos financeiros tóxicos que a clientela non demanda. Despois de escoitar a exposición que sobre a preocupante situación actual lle fixeron os seis membros de CIG-Banca que acudiron á reunión, encabezados por Clodomiro Montero, secretario nacional de CIG-Banca; Lidia Senra comprometeuse a denunciar ante o Parlamento Europeo estas prácticas abusivas, mediante o rexistro de preguntas por escrito á CE nas cales instou ao organismo comunitario a tomar medidas para protexer a clientela ante a colocación deste produtos e para que non volva suceder algo similar ao acontecido hai pouco cos paquetes de preferentes e subordinadas, por exemplo. Igualmente, Senra instou á CE para que a responsabilidade de colocar estes produtos tóxicos non recaia nos traballadores e traballadoras dos bancos. **[106]**

Senra reclama á UE que medie para pór fin á discriminación a que a Axencia Tributaria somete emigrantes retornados

A eurodeputada galega reclamou en marzo de 2017 que a Comisión de Peticións do Parlamento Europeo manteña aberta e que se continúe a estudar a petición realizada pola Coordinadora Nacional de Emigrantes Retornados de Galicia, que pide mediación desde a UE para que se poña fin á «discriminación» a que se ven sometidos 300.000 galegas e galegos emigrantes retornados por parte da Axencia Tributaria Española, que se ven obrigados a ter que tributar no Estado español cando no país de orixe da pensión están exentos. «Paréceme lamentábel que a Comisión Europea o único que lle diga ao colectivo de pensionistas é que teñen dereito a ir aos tribunais. Iso xa o sabían! Para escoitar que vaian aos tribunais non facía falta chegar até aquí, aquí viñan pedir xustiza», recriminou Lída Senra ao representante da Comisión Europea que defendeu a posición desta diante da Comisión de Peticións do Parlamento. A eurodeputada demándalle á Comisión Europea que abandone o «dobre discurso» e apoie o dereito dos e das pensionistas.

Tratados de libre comercio

Rexeitamos a proposta de libre comercio con Xeorxia, Moldavia e Ucraína

Lída Senra tomou a palabra no pleno do Parlamento Europeo de xaneiro de 2016 en Estrasburgo para mostrar o seu rexeitamento á proposta presentada en relación ao establecemento de Acordos de Asociación/Zonas de libre comercio de alcance «amplo e fondo» da Unión Europea con Xeorxia, Moldavia e Ucraína. Durante o debate, a galega chamou a atención sobre o feito de que estes acordos «permitirán as multinacionais europeas apropiárense das ricas terras de Ucraína, dos seus minerais ou das súas augas». Aproveitamento estratéxico que tamén se identifica no caso de Xeorxia, onde as empresas europeas terán acceso á explotación das súas madeiras, da súa enerxía hidráulica e beneficiaranse da súa situación como corredor do transporte Europa–Cáucaso–Asia, ademais de seren países cobizados como novos mercados de consumidoras e consumidores.

Stop TiSa e todos os Tratados de libre comercio

Dentro da nosa campaña permanente contra os diferentes tratados de libre comercio que está a impulsar a UE nos últimos anos, participamos nunha acción conxunta no Parlamento Europeo denunciando o TiSA, un tratado encamiñado a privatizar os servizos públicos que non se pode permitir. **[107]**




Esiximos o dereito a decidir como pobo galego sobre o CETA e opómonos á súa aplicación provisional

A eurodeputada Lída Senra, e o daquela coordinador nacional de Anova e vicevoceiro de AGE no Parlamento Galego, Antón Sánchez, ofreceron a principios de xullo de 2016 unha rolda de prensa no Parlamento Galego para abordar a repercusión que unha aprobación definitiva do CETA (Comprehensive Economic and Trade Agreement/Tratado de libre comercio entre a Unión Europea e Canadá) implicaría para Galiza. «Galiza, como nación sen Estado dentro do contexto español, ten que ter dereito a decidir sobre o CETA ou calquera outro tratado de libre comercio a través do seu Parlamento ou ben a través dun referendo ao pobo galego», defendeu Lída Senra. Esta é unha situación que se dá xa en Estados como o belga, onde se algunha das súas rexións manifesta oposición a este tipo de negocios de liberalización comercial Bélxica vese na obriga de respectala. «Se hai que modificar algunha estrutura ou lexislación para que isto sexa posíbel, que se faga», reclamou a eurodeputada. Negociado desde

o ano 2009 até 2014 con total opacidade, «o CETA é considerado un cabalo de Troia que facilitaría a entrada ao TTIP (UE–EEUU)», lembrou Senra. Trátase dun Tratado «pensado para darlle todo o poder ás corporacións transnacionais por riba das lexislacións, indo totalmente en contra da soberanía dos pobos», reiterou. Así, ao igual que o TTIP co ISDS, o CETA incorpora o ICS, un mecanismo a través do cal unha empresa pode demandar a un Estado por aquel lucro cesante que entenda deixe de gañar debido á oposición dun Goberno. A nivel galego, o recoñecemento deste poder ás empresas transnacionais «tería implicado a posibilidade de que a empresa mineira canadense Edgewater puidese demandar á Xunta de Galicia por ter paralizado a mina de Corcoesto en resposta á demanda social», lembrou a eurodeputada. Canda o ICS e os tribunais externos privados construídos ad hoc para estes litixios, o CETA inclúe tamén a posibilidade de que empresas públicas europeas poidan ser mercadas por empresas privadas canadenses e viceversa. Asemade, o texto do tratado alberga a denominada Cláusula Trinquete, que faría practicamente imposíbel que un servizo puidese ser remunicipalizado. A nivel do sector agroalimentario, o CETA e o TTIP poñen en dúbida o recoñecemento de estándares de calidade, o que na práctica suporía, por exemplo, que no mercado europeo teríamos carne producida con hormonas permitidas en Canadá e os EEUU mais non na UE, así como unha apertura sen precedentes aos alimentos transxénicos. **[108]**

Lída Senra, no Cumio Cidadán sobre o CETA

Lída Senra participou a mediados de outubro de 2016 en Bruxelas no Cumio Cidadán sobre o CETA, como se coñece o Acordo Económico e Comercial entre Canadá e a UE. Durante o acto, no cal participaron representantes da sociedade civil, partidos políticos do Parlamento Europeo e autoridades locais e rexionais, a eurodeputada galega asinou unha declaración conxunta que instaba á Eurocámara e aos parlamentos dos Estados membros a votar contra este acordo. O texto recalcaba o risco de perda de control na regulamentación de áreas clave como a saúde e a seguridade alimentaria, o clima e o medio ambiente, o desenvolvemento local e a educación, así como os servizos e contratacións públicas. Nun acto ao cal tamén asistiron pequenos produtores e produtoras de denominacións de orixe que ficarán desprotexidas coa entrada en vigor do



por falidas e finalizadas. A galega considerou que o rexeitamento que a cidadanía europea e o Parlamento de Valonia mantiveron cara ao CETA non é máis que un sinal de que a poboación e algunhas institucións «están asumindo as responsabilidades que lle corresponderían a vostedes: Defender a democracia e a soberanía dos pobos fronte aos intereses e ao poder das multinacionais». Fronte á insistencia por parte de Juncker e de Tusk de seguir tentando desbloquear a sinatura do CETA, Lidia Senra instábaos a «ter en conta que a cidadanía non quere este acordo de nova xeración que converte os Gobernos e os Parlamentos que nós escollemos en marionetas das multinacionais».

Rolda de prensa denunciando que a UE e Canadá tentaban ratificar e impor o CETA sen permitiren o debate

Lidia Senra denunciou a principios de decembro de 2016 en Santiago que tanto a UE como Canadá estaban a tentar ratificar o máis rápido posíbel o CETA, sen permitiren que teña lugar debate previo. Durante unha rolda de prensa específica sobre o asunto, a eurodeputada galega preguntouse cantas persoas do conxunto da cidadanía saben de que se está a falar cando se fala de CETA e concretamente, cantas saben que se trata dun acordo de 1.600 páxinas que xa está «negociado, pechado, que os gobernos dos Estados que forman parte da UE xa asinaron e que naquela altura pretendía ser ratificado en febreiro de 2017 polo pleno do Parlamento Europeo sen que se permita debate previo ningún». «É un tratado que vai incidir dunha forma moi importante e de xeito negativo nas nosas vidas e ademais será a porta de entrada dos intereses dos Estados Unidos en Europa a través do Canadá, será un avance do que podería supor o TTIP», denunciou Senra. E é que no Canadá operan 24.000 empresas estadounidenses e o 81% das compañías canadenses son subsidiarias de compañías de EEUU. Ademais, o 75% das empresas mineiras do mundo están rexistradas no Canadá, segundo datos do informe do propio GUE/NGL sobre o CETA. Senra opúxose sen descanso a este tratado e ademais forma parte do grupo de ao redor de 90 eurodeputados e eurodeputadas que presentaron unha resolución para pedir que o Tribunal de Xustiza da UE faga un informe sobre a compatibilidade do CETA con algúns artigos do Tratado da UE e do Tratado de Funcionamento da UE, xa que «estamos a falar dun acordo que pretende modificar normativas que están vixentes na UE». **[111]**

Señor Juncker e señor Tusk, escoiten a poboación e dean por finalizadas e falidas as negociacións do CETA

Seguindo coa campaña contra o CETA, Lidia Senra rexistrou a finais de outubro de 2016 no Parlamento Europeo unha declaración por escrito na cal lle esixía ao presidente da Comisión Europea e ao presidente do Consello Europeo, os señores Jean-Claude Juncker e Donald Tusk, respectivamente, que non seguisen prolongando innecesariamente as negociacións sobre o CETA, e que escoitasen a poboación e as desen xa



Senra vota en contra do CETA no pleno do Parlamento Europeo

Tal e como defendera en multitude de ocasións anteriores, Lidia Senra votou o 15 de febreiro de 2017 en Estrasburgo, no pleno do Parlamento Europeo, contra do Acordo Económico e Comercial Global entre Canadá e a Unión Europea e os seus Estados membros, coñecido co nome de CETA. Senra sumouse á proposta de resolución impulsada polo GUE/NGL, de rexeitamento do CETA, argumentando que este e outros acordos comerciais similares como o TTIP ou o TiSa son discriminatorios e atacan a soberanía alimentaria, as pequenas e medianas producións agrícolas, a mitigación da mudanza climática, os servizos públicos ou os dereitos laborais e sociais. Denunciou que o que pretende realmente o CETA é «aumentar os beneficios das multinacionais en lugar de fortalecer os dereitos dos pobos e das persoas». Senra interveu despois de votar en contra do CETA, para explicar a súa posición. A eurodeputada galega afirmou no hemiciclo de Estrasburgo que votou contra o CETA porque «mentres nos venden que as exportacións nos van salvar, deslocalizan as nosas producións e as nosas industrias». «Cando nos din que vai haber produtos baratos nos mercados, estannos dicindo que imos ter menos salario e menos ingresos na agricultura», advertiu. Senra explicou que votou contra o CETA «porque pon a soberanía dos pobos en mans das grandes corporacións transnacionais, porque pon en perigo a nosa vida, a nosa saúde, a nosa alimentación, os servizos públicos, o ensino e a saúde, a nosa agricultura, pesca e tamén as pemes. Votei contra o CETA porque quero un futuro para nós, as clases populares, e para o noso pobo. Votei 'non' porque defendo o dereito a decidir libremente sobre o noso futuro e pido que non se aplique este tratado até que os parlamentos dos Estados digan a última palabra», reclamou en alto a deputada galega durante a sesión plenaria. O



CETA foi aprobado ese día no pleno do Parlamento Europeo, recibindo o respaldo de 408 votos a favor, 254 en contra e 33 abstencións, co apoio maioritario do Partido Popular Europeo (PPE), Liberais (ALDE), Conservadores e Reformistas (ECR) e un voto dividido segundo delegacións estatais nos Socialistas e Demócratas (S&D). Toda a delegación do PSOE votou a favor do CETA, agás unha persoa que votou en contra. **[112 a 114]**

Unha delegación de 65 persoas da cultura galega viaxa a Bruxelas convidada por Lidia Senra para facer visíbel a situación do sector

Unha delegación formada por 65 persoas pertencentes ao sector cultural galego desprazáronse a principios de decembro de 2017 a Bruxelas para visibilizar a situación da cultura galega e denunciar que, «por ignorancia ou desinterese» das diferentes institucións, a nosa cultura está sendo «agredida» ao igual que «está sendo agredida a idea dunha Europa dos pobos, xusta e solidaria». Así llo explicaron a representantes da Comisión Europea, que recibiron a delegación galega dentro do Parlamento Europeo, no marco dunhas xornadas de exposición e debate organizadas pola eurodeputada Lidia Senra. A delegación estivo formada por persoas dos diferentes eidos da cultura galega, como poden ser do ámbito musical a cantante Uxía Senlle xunto con Santi Cribeiro, Sérgio Tannus e Isaac Palacín, o músico de jazz Abe Rábade e varios representantes da Asociación Músicos ao Vivo; o presidente da Academia Galega do Audiovisual, Carlos Ares; Luís Avilés e César Souto, os directores do documental galego «Os días afogados», nomeado aos Premios Goya 2017; escritoras e escritores como Chus Pato, Xabier Cordal, Teresa Moure ou Oriana Méndez; membros da Asociación Galega de Editoras; persoas do ámbito teatral como a representantes de Escena Galega, ou o dramaturgo e director da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, Roberto Pascual; representantes da danza como Ruth Balbís; da comunicación, como Camilo Franco; do circo, como Belém Brandido; creadores de videoarte e pintura como Alberto Ardid ou o colectivo Fiinda; membros de asociacións culturais como Senunpeso e Papaventos de Vedra, Xermolos de Guitiriz, de diferentes colectivos de Muimenta, da Chave das Noces de Castroverde; da Fundación Uxío Novoneyra, directivos da Sociedade Antropolóxica Galega e de Mariña Patrimonio e SOS Arte Rupestre Galega; así como xestores e críticos culturais e as deputadas de En Marea no Congreso do Estado



español, Alexandra Fernández, e no Parlamento Galego, Ánxeles Cuña e Luca Chao. As actividades dentro desta misión a Bruxelas incluíron unha gala de benvida no Centro Galego de Bruxelas La Tentation, no cal, baixo o título «Europa, capital Galiza», se sucederon diferentes presentacións e actuacións artísticas galegas. Durante a súa estancia no Parlamento Europeo, a delegación cultural galega reclamou, xunto con Lidia Senra, igualdade de dereitos e denunciou que a Xunta e o Goberno estatal español desprezan a nosa cultura e que a UE tampouco contribúe a respectar as diversidades nacionais. Reclamaron que se garanta o acceso da cidadanía europea á cultura galega e pór fin aos recortes orzamentarios e demais agresións. Toda a visita foi gravada en vídeo e na canle de YouTube de Lidia Senra está dispoñíbel un resumo audiovisual do evento. [115 a 118]

Informamos a CE de que o Centro de Interpretación do Castro de Cociñadoiro, prometido en 2004, non existe

A eurodeputada galega denunciou ante a CE que o Centro de Interpretación do Castro de Cociñadoiro, comprometido no ano 2004, segue hoxe en día sen ser unha realidade. Senra rexistrou en Bruxelas un documento por escrito dirixido á CE no cal informa o ente comunitario de que foron as obras de construción do porto exterior da Coruña, en Punta Langosteira, no Concello de Arteixo, as que deron lugar ao achado, hai máis de 13 anos, de importantes restos arqueolóxicos de gran valor como é o chamado Castro de Cociñadoiro, así como tumbas de época galaico-romana. O Estado español autorizou no 2004 a escavación arqueolóxica e acordouse coa Autoridade Portuaria da Coruña, Xunta da Galicia e Concello que todas as estruturas levantadas para poder construír as novas instalacións portuarias se trasladarían a un Centro de Interpretación que se abriría en Arteixo, co obxectivo de difundir o castro e o patrimonio da zona. Non obstante, a data de abril de 2017, o Centro non foi construído e as pezas arqueolóxicas están almacenadas, sen exposición ao público e con dúbidas sobre o seu estado de conservación. Tendo en conta que a creación deste Centro foi un compromiso adquirido co Banco Europeo de Investimentos (BEI) no proceso de aprobación do financiamento comunitario outorgado para construír o porto exterior de Punta Langosteira, Senra considera «inaceptábel» o estado de «desleixo» no que se atopa gran parte do patrimonio



arqueolóxico e cultural galego e reclama a todas as Administracións públicas que se poñan a traballar para lograr unha boa conservación e difusión e coñecemento da nosa historia.

Xornada informativa e de debate en Bande para pór en valor o patrimonio cultural e histórico da Vía Nova

Senra organizou o 29 de abril en Bande (Ourense), en colaboración coa Asociación de Montaña Arnau, unha xornada informativa e de debate para pór en valor a Vía Nova como un camiño de Europa. O obxectivo era visibilizar e denunciar a situación de abandono en que as Administracións manteñen

este camiño primitivo de enorme valor patrimonial e cultural que une Braga con Astorga, pasando polo sur galego. A xornada reflexionou sobre a quen lle interesa a falta de posta en valor da Vía Nova, unha situación de desleixo por parte das Administracións estatal e galega que está directamente ligada co abandono do rural, denuncia Lidia Senra. «Estamos a falar dun camiño primitivo de enorme valor patrimonial e cultural que debería ser coidado e apreciado e coñecido xa non só en Galiza, senón en toda Europa», defende a eurodeputada. Diferentes asociacións ao longo de todos os lugares polos que pasa a Vía, desde Portugal, até a Baixa Limia, Celanova, Alto Arnoia, Terras de Caldelas, Montaña de Trives, Valdeorras e o Bierzo, levan tempo traballando a favor da promoción deste camiño e da súa recuperación. No horizonte inmediato está reclamar que a Vía Nova sexa declarada Patrimonio da Humanidade pola Unesco. Para iso, cómpre unha maior visibilización e protección e recuperación e é nese contexto no que se celebrou esa xornada a última fin de semana do mes de abril. «Que a xente coñeza a Vía Nova é fundamental, ao igual que abrir unha reflexión sobre o abandono no que se atopa o patrimonio cultural europeo e o rural. Necesitamos abrir puntos de encontro entre todas as persoas que traballamos porque esta realidade muda», afirma Lidia Senra. Neste sentido, chamou a impulsar a Vía Nova aproveitando que 2018 será o Ano Europeo do Patrimonio Cultural. O vídeo resumen con todas as intervencións das xornadas está dispoñíbel na canle de YouTube de Lidia Senra, como sempre.

[119 a 121]

Política municipal

Unha trintena de cargos de concellos galegos visitaron o Parlamento Europeo en febreiro de 2017

Un grupo formado por trinta persoas que actualmente exercen de cargos políticos electos en municipios galegos desprazáronse en febreiro de 2017 a Bruxelas, convidados pola eurodeputada galega Lidia Senra, para participar dentro do Parlamento Europeo no encontro anual REALPE de representantes locais electos, que organiza o GUE/NGL baixo o título de «Emprego, dereitos sociais e solidariedade desde os municipios». Acompañados por Lidia Senra e a iniciativa dela, até Bruxelas viaxaron, por exemplo, os actuais alcaldes de Salceda de Caselas e A Pobra do Caramiñal, Marcos Besada e Xosé Lois Piñeiro, respectivamente; así como os tenentes de alcalde de Cambados e Ferrol, Constantino Cordal Rodríguez e Álvaro Montes Celeiro. Tamén integraron este grupo concelleiros e concelleiras como Fabiola Durán Pedroso, de Arbo; Sonia Vidal e Eladio Cid Babarro, de Xunqueira de Ambía; María Chao Martínez, das Pontes; Antonio Castro, de Rianxo; Mar Blanco Casais, da Estrada; Carlos Lorenzo Simón, de Toén; Ánxela Vizoso, de Cangas; Óscar Carrete, de Folgoso do Courel; Jorge González Lamas, de Pereiro do Aguiar, Jorge Vázquez Rodríguez, de Trives; Santiago Martínez López e Saleta Fernández de la Torre, de Cuntis; Manuel Seixas Caamaño e Noelia Estévez García, de Noia; Gustavo Pita Carballeira, de Ares; Maribel García Díaz, de Monforte; Celsa Oreiro Bermúdez e Óscar Blanco Tasende, de Val do Dubra; Manuel Siverio Miras Liñares, de Oroso; ou Xosé Manuel Pérez Sardiña, de Cabanas. Durante o encontro debateuse sobre políticas municipais para o fomento do emprego, protección de dereitos sociais e solidariedade coas persoas refuxiadas. **[122/123]**



Chamada a reflexionar sobre a insustentabilidade de fomentar a concentración da poboación nas cidades

A eurodeputada galega participou en febreiro de 2017 na xornada sobre «Desafíos das cidades atlánticas na véspera do Brexit» organizada na Coruña polo Concello herculino e a Conferencia das Cidades do Arco Atlántico (CCAA) e patrocinada polo Comité Europeo das Rexións. Senra aproveitou para defender durante o seu relatorio que darlle as costas e danar o medio rural non é compatíbel co desenvolvemento sustentábel urbano. **[124]**

Inter—nacional

Denunciamos o asasinato de tres activistas kurdas, reclamando tamén que a UE deixe de apoiar a ditadura do Goberno turco

O 5 de xaneiro de 2016, a policía do presidente turco Recep Tayyip Erdoğan torturou e asasinou tres mulleres feministas e activistas kurdas: Seve Demir, integrante do Parlamento polo Partido das Rexións Democráticas (DBP) e promotora do lanzamento da IV Caravana Internacional Feminista da Marcha Mundial das Mulleres dende o Kurdistan; Pakize Nayır, pertencente á Asemblea do Pobo de Silopi; e Fatma Uyar, activista do Congreso das Mulleres. Fronte a esta situación, rexistramos unha pregunta dirixida á CE na cal Lidia Senra instaba á CE para «esixir ao Goberno turco que estes asasinatos non queden impunes e que respecte as liberdades civís e os dereitos humanos do pobo kurdo». Asemade, preguntamos á Comisión se consideraba razoábel ter entregado, en novembro de 2015, 3.200 millóns de Euros ao Goberno Erdoğan para que reteña no seu territorio a milleiros de persoas que, precisamente, están fuxindo da guerra. A eurodeputada chamou ademais a atención sobre as responsabilidade da Representante da UE para Asuntos Exteriores, Federica Moguerini, a quen instou a «reaccionar» para que o Goberno turco poña fin ao masacre da poboación kurda e ao toque de queda. «Non podemos consentir que a UE siga apoiando a ditadura do Goberno turco», aseverou.

Lidia Senra formou parte da delegación europarlamentaria de Pesca a Guiné Bissau

A eurodeputada galega asistiu en febreiro de 2016 a Guiné Bissau, dentro da delegación da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo para coñecer de

primeira man a situación de países africanos con forte presenza da pesca artesanal e para escoitar directamente das persoas afectadas como afectan no territorio africano as políticas comerciais europeas, xa que o caladoiro de Bissau é un dos explotados polo sector pesqueiro da UE. Senra reivindicou que «na pesca, ao igual que na agricultura, debemos estar unidas e unidos en base á defensa dun modelo produtivo sustentábel», respectuoso coas persoas e coa natureza, fronte a ameazas que xa están enriba de nós, como a denominada Economía Azul que pretenden desenvolver a CE e o Banco Mundial.

Fronte ao vergoñento acordo establecido entre a UE e Turquía que legaliza a vulneración do dereito ao asilo

Lidia Senra cualificou de vergoñento o acordo establecido entre a UE e Turquía en 2016 que legalizou a vulneración do dereito ao asilo das persoas que o demandan. «O peor da condición humana apoderouse das institucións europeas», denunciou a galega, para asegurar que «nunca antes a Comisión e o Consello tiñan dado tanto aval a políticas contrarias aos dereitos humanos, violentas e ilegais contra as persoas que buscan asilo». Nun vídeo emitido polas redes sociais, dixo: «Pídlles que deixen de ser os sicarios do capital, que poñan fin aos conflitos que vostedes mesmos provocan, alentan ou apoian para defender os intereses das transnacionais e que son a causa desta grave situación humanitaria», recriminou a eurodeputada galega.

Pedimos investigar as ligazóns das multinacionais co financiamento de grupos armados no Congo

A deputada galega amosou no pleno do Parlamento Europeo de xuño de 2016 a preocupación polo reforzo militar dos Estados Unidos en África, durante un debate da Proposta de resolución sobre as masacres na zona oriental da República Democrática do Congo. Senra tomou a palabra para denunciar ademais que o 98% dos beneficios derivados da explotación de recursos naturais da República Democrática do Congo van a mans de grupos internacionais. «A UE deberá pór en marcha unha investigación independente sobre o papel das multinacionais europeas na vulneración dos

dereitos sociais e ambientais e das súas ligazóns co financiamento de grupos armados para poder seguir coa explotación do subsolo congolés», reclamou.

Votamos en contra da nova Axencia da Garda Europea de Fronteiras e Costas

Lidia Senra votou no pleno do Parlamento Europeo de xullo de 2016 en contra da nova proposta de regulamento relativo á Garda Costeira e de Fronteiras Europea. A Eurocámara debateu as novas competencias que terá a partir de agora a Axencia Europea para a Xestión da Cooperación Operativa nas Fronteiras Exteriores dos Estados membros da UE, Frontex, transformada en Axencia da Garda Europea de Fronteiras e Costas. O representante do Parlamento Europeo nas negociacións interinstitucionais, Artis Pabriks, explicou que a axencia de Frontex se concibía para ampliar as súas misións e ter poderes e obrigas estendidas, «podendo prestar axuda a calquera país da UE que se enfrente á presión desproporcionada da migración ou a calquera outro tipo de problemas potenciais nas súas fronteiras externas». A nova axencia estará composta por 1.500 gardas fronteirizos, capaces de chegar a calquera lugar en 72 horas e tamén terá a facultade de repatriar as persoas migrantes. «En caso de que un Estado se negue a cooperar coa nova axencia e poña baixo ameaza o funcionamento normal da zona Schengen, os demais membros da UE poderán introducir o control fronteirizo con ese Estado», explicou Artis Pabriks no pleno. Fronte a esta posición, Lidia Senra, en consonancia coa campaña, impulsada por movementos sociais, Frontex Exit, denunciou que «Europa está en guerra contra un inimigo inventado», e criticou que a aprobación da nova Frontex non supón máis que «insistir nesa idea de que as persoas migrantes son unha ameaza para a seguridade da UE mentres o respecto aos dereitos fundamentais brilla pola súa ausencia novamente». A eurodeputada galega considera que o novo proxecto non aborda a urxencia humanitaria que se está a dar nas fronteiras da UE e que fai ouvidos xordos aos graves problemas de violación de dereitos fundamentais. A nova axencia terá competencias para recoller e procesar máis datos persoais dos migrantes e para transmitir esta información á Europol sen as garantías de protección de datos necesarias. **[125]**



O noso apoio á Caravana Solidaria coas refuxiadas rumbo a Tesalónica

Lidia Senra amosou o seu apoio á iniciativa solidaria «Caravana a Grecia: abrindo fronteiras» que partiu o 16 de xullo de 2016 desde Barcelona cara a Tesalónica (Grecia) co obxectivo de visibilizar o desleixo da UE diante das violacións de dereitos humanos a que se está a someter a milleiros de persoas demandantes de asilo que foxen da violencia e dos conflitos armados. «A cidadanía ten que ser consciente de que as políticas inhumanas que está a desenvolver a Unión Europea están extremando a vulnerabilidade das persoas refuxiadas. Non é unha situación na cal non se poida facer nada para mellorar as cousas, senón que é parte do plan disuasorio das autoridades europeas crear impedimentos e dificultades para que estas persoas desboten a idea de chegar até aquí», subliñou a eurodeputada. Naquela altura, aproximadamente 160.000 persoas refuxiadas deberían ter sido acollidas nos Estados da UE mais apenas chegaban ás 3.000. A Garda Europea de Fronteiras ou os desalojos forzosos de Idomeni e Calais, constatan o retroceso en Dereitos Humanos do proxecto UE. **[126]**



127

Chamamento para que o Estado español interceda fronte a Turquía ante detencións de xornalistas

Lidia Senra asinou, xunto con outras eurodeputadas e eurodeputados, unha carta dirixida ao Director Xeral de Españois no Exterior e de Asuntos Consulares e Migratorios, Cristóbal Ramón Valdés y Valentín–Gamazo, mostrando a súa preocupación pola situación de Dogan Güzel, cidadán español, ilustrador gráfico e colaborador do diario dirixido á poboación kurda Özgür Gündem, que foi detido polas forzas policiais turcas en agosto de 2016. Güzel denunciou ter sufrido agresións. Segundo a asociación Reporteiros sen Fronteiras, Turquía está no posto 151 de 180 na clasificación da liberdade de prensa precisamente porque viola de xeito sistemático a expresión libre de ideas, opinións e noticias.

Coloquio en Santiago sobre a situación política no Brasil e o traballo do MST

Aproveitando a presenza en Galiza de Bárbara Loureiro Borges, enxeñeira forestal no sector da produción do Movemento dos Traballadores Rurais Sem Terra (MST) do Brasil, que se desprazou a finais de setembro de 2017 ao noso país para participar na xornada sobre os incendios forestais, organizamos tamén unha charla con ela en Santiago de Compostela para intercambiar opinións sobre a situación política que atravesamos o Brasil. **[127]**

Lidia Senra e outras/os 14 deputadas/os esixenlle á UE que protexa a Flotilla das Mulleres Rumbo a Gaza

A eurodeputada galega asinou en outubro de 2016 unha carta conxunta para a alta representante da Unión Europea para Asuntos Exteriores, Federica Mogherini, na cal lle reclamaron acordos e conversacións co Goberno do Estado de Israel para garantir a integridade das persoas que viaxan na Flotilla das Mulleres Rumbo a Gaza e a libre navegación do barco.

Senra denuncia en Bruxelas a escalada crecente de represión e criminalización do MST do Brasil

A eurodeputada galega instou á CE a realizar xestións para pór fin á violación de dereitos dos movementos sociais no Brasil. Así, rexistrou unha pregunta por escrito, dirixida á Comisión Europea, en que mostra a súa «grande preocupación» pola «forte escalada goberamental na represión e para criminalizar os movementos sociais desde que tivo lugar o golpe que destituíu a presidenta Dilma Rousseff». En concreto, referiuse ao caso do Movimento dos Trabalhadores Rurais Sem Terra (MST), que «está a sufrir unha escalada crecente de accións represivas, incluíndo a operación ‘Castra’, desenvolvida o 4 de novembro de 2016 no Paraná, Quedas do Iguaçu, Francisco Beltrão, Laranjeiras do Sul, São Paulo e Mato Grosso do Sul». Lidia Senra fixo fincapé no seu escrito en que estas accións incluíron «a invasión policial, arbitraria e ilegal, sen mandato xudicial, na Escola Nacional Florestan Fernandes (ENFF) en Guararema. A galega tamén participou en diferentes convocatorias de protesta realizadas en Bruxelas contra estas actuacións policiais no Brasil. **[128]**



Lidia Senra participa en Kenya na 32ª Sesión da Asemblea Parlamentaria Paritaria ACP–UE

Lidia Senra desprazouse en decembro de 2016 á capital de Kenya, Nairobi, para participar na 32ª Sesión da Asemblea Parlamentaria Paritaria ACP–UE (África Caribe Pacífico – Unión Europea), da que é membro desde o inicio da lexislatura, e que se celebrou á vez que a 44ª Sesión da Asemblea de Parlamentarias/os da ACP. Na xuntanza a eurodeputada galega denunciou que a UE está roubando o dereito de cada pobo a decidir as súas políticas agrarias e alimentarias e tamén asegurou que os acordos de libre circulación provocan a desaparición das labregas e labregos a favor das grandes explotacións industriais. No debate sobre o papel do comercio nos obxectivos de desenvolvemento, Senra tachou de «suicidio colectivo» seguir facendo políticas que primen as exportacións e denunciou que o avance da globalización concentra cada vez máis riqueza en mans de poucas elites e empobrece a maioría da poboación. A eurodeputada tamén avogou por pórlle freo ao dúmping social e ambiental. **[129/130]**

Reclamamos que se poña fin á impunidade coa que actúan militares que son delincuentes sexuais

Lidia Senra tomou a palabra no pleno de xaneiro de 2017 en Estrasburgo, no debate sobre casos de violacións dos dereitos humanos, a democracia e o Estado de Dereito na República Centroafricana (RCA). «Os dereitos humanos das mulleres tamén son dereitos humanos», advertiu a europarlamentaria galega, para reivindicar que tamén «o dereito das mulleres a non ser violadas é un dereito humano». Neste sentido, Lidia Senra reclamou, ante as denuncias por violacións na República Centroafricana contra soldados franceses e cascos azuis (as Forzas da Paz das Nacións Unidas), que se poña fin á impunidade de calquera militar que sexa un «delincuente sexual». «Queremos que se poña fin a estes delitos que desgraciadamente parecen estar moi lonxe de ser actos illados», defendeu. Senra mostrou a súa «enorme preocupación» polo arquivo por parte das autoridades francesas de varias denuncias por violación contra soldados franceses na RCA «a pesar das esmagadoras evidencias fornecidas por testemuñas e vítimas». A este respecto, esixiu que se reabran estes expedientes, que ningunha queixa sexa arquivada, e que se leven a cabo investigacións independentes e transparentes de cara a esclarecer os motivos polos cales se arquivaron as denuncias.

Viaxe a Estonia para coñecer os desafíos do desenvolvemento rural no Báltico

Senra desprazouse a mediados de abril de 2017 a Estonia para asistir, como parte dunha delegación da Comisión de Agricultura do Parlamento Europeo, á Conferencia internacional Agroforum Mare Balticum e á feira agrícola Maamees, a maior dos estados bálticos, así como a reunións paralelas con membros do Parlamento e do Goberno de Estonia. A visita realizouse no contexto da próxima presidencia estona do Consello da UE, que está a ter lugar entre xullo e decembro de 2017. O eixo central da viaxe foi o rol da agricultura no desenvolvemento rural co horizonte posto na próxima reforma da PAC. **[130/131]**



79

PREGUNTAS PARLAMENTARIAS

PRESENTADAS POR
LÍDIA SENRA DESDE
XANEIRO DE 2016 ATÉ
FINAIS DE XUÑO DE 2017

Agricultura, alimentación e medio rural

- Interrupción da recollida do leite en 50 explotacións por Leche Celta
(Febreiro 2016)
- Contratacións da Xunta de Galicia para limpeza de montes
(Abril 2016)
- Posíbel alteración da PAC para atraer investidores
(Xullo 2016)
- Negociacións do capítulo agrícola na parcería UE–Mercosur
(Xullo 2016)
- Anuncio dun novo paquete lácteo
(Xullo 2016)
- Novas pragas na agricultura por causa de alteracións climáticas
(Agosto 2016)
- Participación de persoas menores de idade en cazarías
(Novembro 2016)
- Inclusión das especies de eucaliptos como especies exóticas invasoras
(I Trimestre 2017)
- Próxima Conferencia Ministerial da OMC en Buenos Aires
(I Trimestre 2017)
- Proxecto de macroexplotación industrial leiteira en Soria
(II Trimestre 2017)
- A praga da couza guatemalteca na pataca
(II Trimestre 2017)

Mulleres

- Peches do Centro de Información á Muller de Ponte Caldelas
(I Trimestre 2017)

Asuntos sociais

- Deportación de mozo paraguaio en Galiza
(Decembro 2016)

Educación, lingua, cultura e patrimonio

- Denuncias por discriminación lingüística na UE
(Abril 2016)
- Eucaliptos en terreos de patrimonio arqueolóxico
(Maio 2016)
- Homologación de títulos das ensinanzas artísticas
(I Trimestre 2017)
- Porto exterior de Punta Langosteira e Castro do Cocinadoiro
(I Trimestre 2017)
- Caso de discriminación lingüística sancionado por falar en catalán
(I Trimestre 2017)

Economía, orzsamentos e comercio

- Produtos financeiros de risco
(I Trimestre 2017)

Emprego

- Peche de estacións de Correos
(Abril 2016)
- Precariedade da mocidade traballadora en Europa
(Outubro 2016)
- ERE en Isolux Corsán
(Outubro 2016)
- ERE no Banco Popular–Pastor
(Outubro 2016)
- Situación límite do persoal de prevención e extinción de lumes en Galiza
(II Trimestre 2017)

Enerxía

- Reiterados fallos na Central Nuclear de Almaraz (Estremadura)
(II Trimestre 2017)
- Caída de liñas de alta tensión na Mariña luguesa
(I Trimestre 2017)

Institucional

- Pedidos de informacións da Comisión aos Estados Membros
(Abril 2016)

Internacional

- Encarceramento do Dr. GN Saibaba e proceso contra Arundhati Roy
(Febreiro 2016)
- Financiamento de emerxencia – campos de refuxiados saharauís
(Febreiro 2016)
- Asasinato de Berta Cáceres e persecución de Gustavo Castro
(Marzo 2016)
- CRPM e TTOO do Sáhara Occidental
- Acción represiva na Escola Nacional Florestan Fernandes
(Novembro 2016)
- Cumprimento da sentenza do TXUE C–104/16 no relativo á importación de produtos pesqueiros provenientes do Sáhara Occidental
(I Trimestre 2017)

Medio ambiente e minaría

- Novo proxecto mineiro en Galiza
(Febreiro 2016)
- Impactos negativos da ampliación do Real Club Náutico de Sanxenxo
(Febreiro 2016)
- Ausencia de estudo de impacto ambiental na Mina de San Finx, Lousame, Galiza
(Maio 2016)
- Balsas das Minas de San Finx, Lousame, Galiza
(Maio 2016)
- Reautorización da planta de Reganosa sen autorización ambiental
(Xuño 2016)
- Información sobre a nova concesión a Reganosa
(Xullo 2016)

- Posible violación da Directiva 2012–18–UE polo Goberno do Estado español / Reganosa
(Xullo 2016)
- Novos fornos crematorios proxectados en Pontevedra
(Agosto 2016)
- Lumes en Galiza e recomendacións europeas
(Agosto 2016)
- Financiamento de minaría especulativa en Galiza
(Agosto 2016)
- Incumprimento por parte do Goberno de Galiza da normativa comunitaria de xestión de augas para consumo humano
(Setembro 2016)
- Incumprimento por parte do Goberno de Galiza da normativa comunitaria de xestión de residuos
(Setembro 2016)
- Seguimento á pregunta E–005841–16 sobre a planta de Reganosa
(Setembro 2016)
- Instalación dun vertedoiro de residuos industriais en Lousame (Galiza)
(Outubro 2016)
- Avaliación de impacto ambiental para o vertedoiro de Lousame (Galiza)
(Outubro 2016)
- Novas informacións do caso da mina de San Finx, avaliación de impacto ambiental
(Novembro 2016)
- Actitude da Comisión ante o vertedoiro de residuos de Lousame
(Decembro 2016)
- Mal funcionamento da EDAR de Ribeira
(Decembro 2016)
- Actividade de SOGAMA
(Decembro 2016)
- Contaminación de augas na mina de San Finx
(Decembro 2016)

- Vertidos no río Enviande
(I Trimestre 2017)
- Mariscadores/as e saneamento da Ría do Burgo
(I Trimestre 2017)
- Inundacións no río Gallo
(I Trimestre 2017)
- Envío de información sobre a Mina de San Finx
(I Trimestre 2017)
- Ausencia de trámite ambiental transfronteirizo na concesión mineira da Gudiña (Galiza)
(I Trimestre 2017)
- Nova mina de seixo en Galiza
(I Trimestre 2017)
- Vertidos da EDAR da Estrada
(II Trimestre 2017)

Pesca

- Desmantelamento e cotas - Mar Viva
(Abril 2016)
- Desigualdades das condicións laborais de mariñeiros/as entre os Estados Membros
(Xuño 2016)
- Impacto dos acordos de parcería de pesca no emprego
(Setembro 2016)
- Ficheiro de navíos e coeficientes redutores
(Novembro 2016)
- Vertidos na Ría de Noia
(I Trimestre 2017)
- Alertas de socorro en accidentes marítimos
(I Trimestre 2017)
- Impacto nas pescas das pescudas de hidrocarbonetos no Banco de Porcupine
(I Trimestre 2017)
- Adaptación ao desembarque obrigatorio
(I Trimestre 2017)

**Represión,
dereitos sindicais
e movementos
sociais**

- Torturas e malos tratos no Centro Penitenciario de Teixeiro
(Maio 2016)
- Dispersión penitenciaria no Estado español
(Xuño 2016)
- Réxime F.I.E.S no sistema penitenciario español
(Xuño 2016)
- Situación de preso galego illado e incomunicado
(Xuño 2016)
- Conversión en hotel do faro de Illa Pancha (Ribadeo)
(Agosto 2016)
- Boas prácticas e supervisión das condicións de detención nos Estados membros
(Setembro 2016)
- Real Decreto Lei 4/2017 sobre estibadores
(I Trimestre 2017)
- Vulneración do dereito á acción colectiva de traballadores/as do 112
(II Trimestre 2017)
- Conflito da estiba e dereito internacional
(II Trimestre 2017)

Sanidade

- Parcerías público–privadas na saúde galega
(Marzo 2016)
- Discriminación no acceso ao tratamento do cancro da mama na área de Vigo
(Maio 2016)



Lidia Senra Rodríguez

Deputada no Parlamento Europeo

OFICINA EN GALIZA

Rúa do Hórreo, 60. Entrechán.
Santiago de Compostela

OFICINA EN BRUXELAS

Parlamento Europeo,
WIB 02M025, Rua Wiertz, 60.
1047, Bruxelas (Bélxica)

TELÉFONOS

Lidia Senra: 0034 609 845 861

Oficina Bruxelas: 0032 22847414

Comunicación Bruxelas:
0034 698 108 434

Oficina Galiza: 881 81 74 43 /
698 120 268

Comunicación Galiza: 698 14 40 67

www.ageuropa.gal

 LidiaSenraRodriguez

 @LidiaSenra

 @AGEuropa

 AGE en Europa